

Xestión de residuos urbanos nos concellos do Eixo Atlántico

Isabel Maria Marta Bentes | Francisco Pan-Montojo González | Carlos Afonso Teixeira



Estudios desenvolvemento sostible

vol. 1

TÍTULO: Xestión de residuos urbanos nos concellos do Eixo Atlántico

COLECCIÓN: Estudos desenvolvemento sostible

EDITORES

Manuel Borobio Sanchiz
Xoán F. Vázquez Mao

DIRECTOR SERVIZO ESTUDOS E PUBLICACIÓNS DO EIXO ATLÁNTICO

Enrique José Varela Álvarez

AUTORES

Isabel María Marta Bentes
Francisco Pan-Montojo González
Carlos Afonso Teixeira

EQUIPO TÉCNICO DA AXENCIA DE ECOLOXÍA URBANA

Anabela de Carvalho Martins Fernandes
Ecoloxía Aplicada
Paulo António Silva Gonçalves
Enxeñería Ambiental
Fernando Sanz Guardo
Ciencias Ambientais
Manuel Rodríguez Suárez
Bioloxía
Laura Domarco Álvarez
Ciencias Ambientais
Violeta Bouzada Novoa
Publicidade e Relacións Públicas

EDICIÓN

Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

PRODUCCIÓN MEDIOAMBIENTAL

Esta publicación só está dispoñible en formato dixital por criterios de racionalización no emprego de recursos para a súa produción.

DESEÑO E MAQUETACIÓN

José Fandiño Rodas
fanrodas.com

IMPRIME

Tórculo Artes Gráficas S.A.
www.torculo.com

Axencia de Ecoloxía Urbana do Eixo Atlántico

Rua do Corgo nº 97

5000-632 Vila Real - Portugal
Telefone: (+351) 259 303 190
Fax: (+351) 259 303 199

Plaza Camilo Díaz Baliño nº 15

15704 Santiago de Compostela
Tel: (+34)981542374

eixoecologia@eixoecologia.org
www.eixoecologia.org



A Axencia de Ecoloxía Urbana é un proxecto innovador impulsado conxuntamente polo Eixo Atlántico e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, co-financiado por Fondos Europeos do Programa de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013.

Depósito Legal VG 98-2011
ISBN 978-84-693-9548-6

Xestión de residuos urbanos nos concellos do Eixo Atlántico

Estudos desenvolvemento sostible

vol.1



ÍNDICE

1. CONDICIÓN DE CONTORNO: BREVE SÍNTESE DA XEOGRAFÍA FÍSICA, HUMANA E ECONÓMICA	07
1.1. Introdução	07
1.2. Condicións de contorno de Galicia	08
1.3. Información de Contexto sobre Portugal	24
1.4. Conclusións	33
2. A XESTIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS EN GALICIA	35
2.1. Modelo competencial	35
2.2. Práctica real do modelo competencial	39
2.3. Fluxos xestionados: descrición xeral	41
2.4. Situación nos concellos galegos pertencentes ao Eixo Atlántico	51
3. GESTÃO DE RESÍDUOS URBANOS EM PORTUGAL	57
3.1. Produção de resíduos urbanos – origem, tipologias e cantidades	57
3.2. A gestão de resíduos em Portugal	60
3.3. Operações de Gestão de Resíduos	71
3.4. Gestão de Fluxos Especiais de Resíduos	77
3.5. A gestão de resíduos urbanos no Norte de Portugal	84
4. CUSTOS DE XESTIÓN E MODELOS DE FINANCIAMENTO EN GALICIA	99
4.1. Custos de xestión	99
4.2. Modelos de financiamento en Galicia	105
5. ASPECTOS FINANCIEROS DA GESTÃO DE RESÍDUOS EM PORTUGAL	121
5.1. Financiamento da gestão em alta	123
5.2. Tarifas cobradas aos utilizadores do serviço	125

6. O FUTURO DA XESTIÓN DE RESIDUOS EN GALICIA	129
6.1. O marco europeo	129
6.2. Lexislación española e galega. Plans de residuos en España, Galicia e concellos galegos adheridos ao Eixo Atlántico	133
6.3. Evolución previsible das cantidades e tipoloxías dos residuos xerados en Galicia e previsión dos modelos de xestión que se adoptarán, en particular nos municipios adheridos ao Eixo Atlántico	157
7. O FUTURO DA GESTÃO DE RESÍDUOS EM PORTUGAL	165
7.1. Perspectivas da gestão de resíduos face ao PERSU II	165
7.2. Avaliação da Qualidade do Serviço	168
7.3. Análise do Ciclo de Vida	172
7.4. Sustentabilidade económica dos sistemas de gestão de resíduos	175
8. CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS	181
8.1. Concellos galegos do Eixo	183
8.2. Concelhos portugueses do Eixo	185
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	191
BREVE CURRICULUM VITAE DOS AUTORES	193





1

CONDICIÓN DE CONTORNO: BREVE SÍNTESE DA XEOGRAFÍA FÍSICA, HUMANA E ECONÓMICA

1.1. INTRODUÇÃO.

O clima, o relevo, a demografia, a forma como se distribui a populacional pelo território, o tipo de actividades económicas preponderantes numa região e a sua conjuntura económica influenciam, decisivamente, os hábitos de vida das populações e conseqüentemente a produção e a gestão dos resíduos sólidos urbanos.

Com efeito, o clima, influencia o grau de humidade dos resíduos o que se repercute quer nos custos dos processos de recolha e tratamento de resíduos quer, na selecção técnica e no desempenho dos processos de tratamento.

O relevo, por seu turno, é um dos factores que mais influenciam o custo do transporte dos resíduos. Zonas de orografia muito acidentada e declivosa têm, por norma, custos de transporte de resíduos mais elevados.

Por outro lado, uma baixa densidade populacional aliada a uma importante dispersão dificulta e encarece os processos de recolha e transporte de resíduos obrigando a um maior consumo de combustível, ao incremento das infraestruturas necessárias ao bom funcionamento dos sistemas tais como, estações de transferência, pontos e número de contentores, entre outros.

Tal como acontece com outros sectores, nomeadamente com a educação e com a saúde, a dispersão e a ruralidade são factores que condicionam a gestão dos resíduos sólidos dificultando a homogeneização dos processos, a optimização da recolha e disseminação da informação aumentando os custos da referida gestão. De igual forma, o despovoamento das zonas rurais do interior faz com que os investimentos necessários hoje em dia sejam provavelmente desaproveitados num futuro bastante próximo.

Uma conjuntura económica favorável e uma zona de elevado poder de compra reflecte-se geralmente numa maior quantidade de resíduos produzidos. Por seu turno, a sua composição é fortemente influenciada pelos principais tipos de actividades económicas desenvolvidas na região.

Desta forma pensou-se que seria importante a introdução, nesta publicação, de um capítulo que fizesse uma breve referência à geografia física, humana e económica da Galiza e do Norte de Portugal.

1.2. CONDICIÓN DE CONTORNO DE GALICIA.

1.2.1. Clima e relevo.

1.2.1.1. Clima.

A posición xeográfica de Galicia entre os 42º e 44º de latitude norte determina os trazos da circulación atmosférica; así mesmo a morfoloxía galega é complexa e crea ambientes climáticos singulares a meso e microescala. Todo isto define unha heteroxeneidade climática que, entre outras cousas condiciona as actividades humanas.

Esta heteroxeneidade climática pódese amosar cos rexistros das precipitacións ao longo do ano e da zona que estamos a estudar. Así nas costas galegas podemos observar que a evolución da frecuencia da precipitación é practicamente a mesma no litoral coruñés e no pontevedrés. Nembargante no norte a frecuencia das choivas é maior e no sur, cando chove faino, cunha maior intensidade. No inverno a intensidade da choiva é moito maior no sur ca no norte, dun xeito xeral, pero en verán a frecuencia das choivas no sur é moito menor. Así mesmo podemos diferenciar entre o réxime pluvial na costa e no interior, cunha maior intensidade de choivas na costa que no interior, diferenza que chega ao seu máximo nos meses de verán.

Estas diferenzas veñen determinadas polo balance entre as compoñentes climáticas temperada e subtropical e o efecto do relevo, facendo este último que as choivas diminúan a súa intensidade cando os sistemas nivosos penetran no interior.

Táboa 1: Volume de precipitacións nas cidades galegas.

Provincia	Estación	Volume de precipitación anual (mm)
A Coruña	CIS Ferrol	942-1036
A Coruña	Santiago de Compostela	1689-1836
Lugo	Lugo	936-978
Ourense	Ourense	936-978
Pontevedra	Pontevedra	1694-1829

Fonte: Méteo Galicia

As temperaturas amosan tamén un comportamento diferenciado dependendo da posición xeográfica e das condicións da circulación atmosférica. A presenza e orixe das masas de aire que chegan a Galicia son determinantes dos efectos da choiva nas temperaturas medias (menores cando a masa de aire non procede do continente).

Con relación á posición xeográfica, é a costa sur a que ten as temperaturas máis elevadas durante o inverno, independentemente das choivas e, no interior, Ourense é máis cálido que o norte. No verán o sur é máis cálido que o norte e o interior máis cálido que o sur.

Táboa 2: Temperaturas medias nas cidades galegas.

Provincia	Estación	Temperatura máxima media anual (°C)	Temperatura mínima media anual (°C)
A Coruña	CIS Ferrol	17,5	11,5
A Coruña	Santiago de Compostela	18,5	9,5
Lugo	Lugo	17,2	7,5
Ourense	Ourense	20,8	8,4
Pontevedra	Pontevedra	19,5	9,2

Fonte: Méteo Galicia



Táboa 3: Datos de evaporación potencial.

Zona	Anual (mm)	Inverno (mm)	Primavera (mm)	Verán (mm)	Outono (mm)
Galicia	712	77	276	289	70
A Coruña	752	92	292	302	74
Lugo	699	82	272	287	73
Ourense	667	75	259	279	54
Pontevedra	742	90	288	301	65

Fonte: Méteo Galicia

Como resumo podemos dicir que existe unha importante variación climática como consecuencia da influencia mariña e do relevo, pero se pode falar dun clima suave en xeral e con presenza en determinadas áreas do clima mediterráneo, ademais do clima atlántico.

Aos efectos deste traballo o clima é unha variábel a considerarmos na xestión do lixo tanto pola súa influencia na xeración de residuos como na súa xestión.

1.2.1.2. Relevo.

O relevo galego presenta, como características principais, amplas superficies a diferentes alturas así como a incisión das diferentes correntes de auga. Os vales fluviais, dan lugar a unha morfoloxía na que se combinan chairas con áreas de fortes pendentes, as bocarribeiras.

A pendente media é moi acusada, con zonas nas que se supera o 20 % e que non son adecuadas para o cultivo. Trátase principalmente das zonas montañosas como a Serra de Queixa, O Xurés, as Serras Centrais e de serras de extensión menor como O Xistral, A Capelada e outras próximas á costa no Barbanza, Outes, Muros e outras.

A rede fluvial é unha parte consubstancial ao espazo xeográfico galego, cun gran número de correntes de auga, que poden producir na combinación entre os seus propios efectos e a tectónica, a diversidade litolóxica e o grao de pendente, unha pluralidade de vertentes diferenciadas na súa dinámica.

As principais características da rede fluvial galega son as seguintes: fragmentación do litoral, curtos recorridos dos cursos, elevado caudal, intensa relación coa fracturación tectónica, gran variabilidade dos diferentes ríos no seu percorrido e unha gran pluralidade de bacías.

Detallando un pouco máis, podemos distinguir a Galicia interior e a Galicia costeira. A primeira podémola dividir na zona montañoso oriental (Ancares, Courel, Segundeira, Queixa, San Mamede) con alturas superiores aos 2.000 metros, a dorsal galega que vai do norte ao sur, con alturas maiores de 700 metros, e que separa a zona interior da costeira e, por derradeira, as zonas comprendidas entre ambas Galicias, con chairas e depresións, tales como Terra Chá, os vales do Miño e Sil, no primeiro caso, e bisbarras como as das Pontes, Sarria, Chantada, Lemos, Quiroga, Maceda, A Limia ou Verín, no segundo. Na zona costeira hai dúas áreas diferenciadas: a zona de transición entre a dorsal galega e o litoral e é unha zona de relevo suave con alturas entre 250 e 500 metros, e a zona litoral que inclúe a Mariña Lucense, as Mariñas Coruñesas e as Rías Baixas

O relevo ten unha grande incidencia no transporte dos residuos, tanto desde o punto de vista das necesidades de equipamento, como dos custos. En Galicia, en particular na Galicia interior, a combinación do trazado das estradas de montaña, particularmente sinuosas, aínda que mellorasen moito nos últimos anos, coas fortes pendentes fan que as distancias se midan en tempo e non en quilómetros o que da unha idea da súa incidencia económica.

1.2.2. Demografía e distribución da poboación.

A Comunidade Autónoma Galega divídese administrativamente en catro provincias: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. As provincias están constituídas por concellos que se subdividen en parroquias e estas a súa vez en aldeas. Como supra estrutura dos municipios dunha mesma provincia, confórmanse as deputacións provinciais con competencias administrativas de diversa índole. Xunto con esta división administrativa coexiste unha división comarcal.

A poboación en Galicia, nos últimos anos, amosa unha tendencia de lixeiro crecemento, cunha variación anual que oscila ao redor dun 0%, cun máximo do 0,5 %. A variación total desde 1998 até 2009, ambos os dous anos incluídos, foi dun 2,63 %.

Estas variacións presentan asimetrías importantes, xa que as provincias da Coruña e Pontevedra creceron un 3,4 5% e un 5,9%, respectivamente, mentres que as de Lugo e Ourense perderon respectivamente un 3,41 % e un 2,4 8 % da súa poboación.

En xeral os municipios rurais e a Galicia interior foron os que tiveron as maiores perdas de poboación.

Nos gráficos e táboas seguintes reflíctese a evolución da poboación nas cidades galegas do Eixo Atlántico e do conxunto do Eixo. Pódese apreciar que todas elas tiveron unha evolución positiva ou estable agás do Ferrol (-10,02 %), Ourense (-0,21 %) e Monforte de Lemos (-1,94 %) no período 1998-2009. No terceiro gráfico pódese apreciar que o conxunto das cidades galegas do Eixo tiveron un crecemento nese período dun 3,83 %.

Táboa 4: Crecemento da poboación nas cidades e vilas do Eixo.

Crecedemento 2002-1998	Crecedemento 2006-2002	Crecedemento 2006-2009	Crecedemento 1998-2009
1,07 %	1,39 %	1,33 %	3,83 %

Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.


Táboa 4.1: Variación do crecemento da poboación nas cidades e vilas do Eixo.

Concello	Variación 1998-2002	Variación 2002-2006	Variación 2006-2009	Variación 1998-2009
Ribeira	-0,27 %	2,70 %	1,72 %	4,18 %
Carballo	3,75 %	5,11 %	3,35 %	12,70 %
Coruña (A)	-0,28 %	0,36 %	1,12 %	1,20 %
Ferrol (O)	-3,67 %	-3,92 %	-2,78 %	-10,02 %
Santiago de Compostela	-0,33 %	0,20 %	1,75 %	1,61 %
Lugo	3,34 %	4,40 %	3,45 %	11,61 %
Viveiro	0,95 %	0,85 %	4,25 %	6,14 %
Sarria	0,86 %	2,29 %	1,17 %	4,37 %
Monforte de Lemos	-0,58 %	-2,04 %	0,69 %	-1,94 %
Carballiño (O)	4,63 %	7,72 %	2,90 %	15,97 %
Ourense	0,97 %	-0,80 %	-0,37 %	-0,21 %
Barco de Valdeorras (O)	9,36 %	3,80 %	2,99 %	16,91 %
Verín	8,31 %	3,48 %	3,21 %	15,67 %
Lalín	1,81 %	1,59 %	2,29 %	5,79 %
Pontevedra	3,96 %	4,29 %	1,85 %	10,43 %
Vilagarcía de Arousa	0,54 %	7,70 %	2,89 %	11,42 %
Vigo	1,84 %	1,71 %	1,39 %	5,02 %

Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.




Gráfico 1: Evolución da poboación nas cidades galegas do Eixo Atlántico.




Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.

Gráfico 2: Evolución da poboación nas cidades galegas do Eixo Atlántico.




Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.

Gráfico 3: Total de poboación nas cidades galegas do Eixo Atlántico.

Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.

O reparto da poboación no territorio da lugar a unha distribución heteroxénea. A densidade galega, se a comparamos coa media de España -94,54 habitantes por km² fronte a 92,63 habitantes por km²- é lixeiramente superior, pero as cifras provinciais teñen grandes diferenzas: A Coruña presenta unha densidade de 144,08 habitantes por km², Pontevedra ten 213,54 habitantes por km² mentres que en Lugo cae até 36,04 e Ourense até 46,15 habitantes por km².


O municipio con maior densidade e o de A Coruña, con 6.544,04 Hab./Km² e o de menor é o de Nequeira de Muñiz (Lugo) con 2,90 Hab./Km².

Gráfico 4: Distribución acumulada dos concellos segundo a densidade.

Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.



Gráfico 5: Número de concellos galegos por densidades.



Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.

Como se pode ver, a moda da distribución é a dos municipios cunha densidade maior de 25 Hab./Km² e menor de 50 Hab./Km² o que supón o 9,66% da poboación galega e outro 5,96% entre 25 Hab./Km² e 10 Hab./Km² o que xa da unha idea das dificultades para levarmos adiante unha xestión doada nestas zonas.

Sen embargo a densidade nos concellos do Eixo é moi superior e a moda da distribución sitúa entre unha densidade de máis de 250 Hab./Km² e 100 Hab./Km², o que facilita a xestión nestes municipios.


Con seren importantes as diferenzas de densidade en Galicia, o problema agrávase se temos en conta que esta poboación está repartida en máis de 29.000 núcleos de poboación, o que supón unha elevada dispersión do hábitat.

Se consideramos a clasificación tradicional dos núcleos de poboación en función do seu número de moradores, é dicir, se chamamos urbanas aos que teñen máis de 50.000 habitantes, semi-rurais a aqueles que teñen máis de 10.000 e rurais ao resto, resulta que temos en Galicia un total de 998.749 persoas que moran no medio urbano, nun total de 7 cidades, o que supón o 35,72% da poboación e o 2,22% dos municipios galegos; 1.015.775 que o fan no medio semi-rural nun total de 60 concellos, o que supón un 36,33% da poboación e o 19,05% dos concellos. Por último o 27,95% da poboación vive no medio rural, é dicir, 785.565 persoas nun total de 248 concellos, é dicir, o 78,73% destes. Pódese deducir destas cifras a complexidade que pode supor a xestión de residuos, complexidade que ven incrementada polo número das entidades de poboación e polos hábitos de vida.

Co obxecto de ter en conta estes factores na planificación da xestión dos residuos, a Xunta de Galicia recalculou o número de entidades de cada tipo mediante uns criterios de poboación, xeográficos e socioeconómicos, operación que levou a identificar novas vilas rurais, mentres que outras antigas vilas perderon dito carácter en termos estatísticos. Ao termos en conta máis parámetros, con criterios de racionalidade, conséguese unha mellor modelización da realidade, como ocorreu neste caso.


O resultado da aplicación destes parámetros foi o seguinte: once municipios pasaron de ser rurais a semi-rurais cunha poboación de 70.176 habitantes; asemade sete municipios que totalizan 72.395 moradores pasaron a ter natureza rural. Isto quere dicir que o total da poboación rural pasou a ser 783.784, o que supón un 28,03% do total, quedando o semi-rural cunha poboación de 1.013.556 moradores, o 36,25% do total.

Gráfico 6: Porcentaxe de municipios segundo tipoloxía Xunta.



Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.

Gráfico 7: Porcentaxe de Ppoboación segundo tipoloxía de Municipio.



Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.

Xunto co carácter rural ou semi-rural de moitos concellos e xunto coa dispersión xeneralizada da poboación, temos que engadir outras características como a tipoloxía da construción, neste caso horizontal, que condiciona as necesidades de infraestrutura de recollida e, de novo, a encarece.

Podemos concluír, xa que logo, que da mesma maneira que acontece con outras actividades (escolarización, saúde..) a dispersión e a ruralidade son factores que condicionan o desenvolvemento da actividade da xestión do lixo, dificultando a uniformización dos procesos, así como o espallamento da información, o que aumenta os custos da súa xestión.




Tamén cómpre ter en conta que de continuar o proceso de despoboamento das zonas rurais e interiores, os investimentos necesarios hoxe en día serán, probabelmente, infra-utilizados nun futuro bastante próximo, o que obriga a deseñalos coa meirande cautela posíbel ou a adoptarmos medidas de fomento da poboación na áreas que a perden e de diminución da dispersión do hábitat, de xeito que acade unha distribución máis homoxénea da poboación no territorio.

Non podemos esquecer que os países cunha distribución territorial máis homoxénea, como Alemaña, conseguen un mellor aproveitamento dos recursos cunha menor presión sobre o territorio.

Un último tema a considerar é o proceso de avellentamento da poboación que se está a dar en Galicia e que ten importantes aspectos analizábeis en relación ao consumo e polo tanto á xeración dos residuos, posto que cambia a tipoloxía e as cantidades xeradas de cada tipo. Este proceso vense a sumar aos cambios debidos a unha diminución da poboación dos que xa falamos.

Así, Galicia presenta un índice de avellentamento¹ de 136,7, no ano 2009 cando no ano 1998 fora de 94,7 o que significa un forte incremento da idade media da poboación. No que se refire ás cidades galegas do Eixo Atlántico no seguinte gráfico se pode apreciar que, salvo a situación de avellentamento diferencial de Monforte de Lemos, moi por enriba da media galega, e algo menos pronunciados nos casos de Sarria e Ferrol, o resto das cidades están ao redor da media de Galicia.

Gráfico 8: Índice de avellentamento nas cidades galegas do Eixo.



Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.


1 O Índice de Envellecemento defínese como o cociente entre a poboación con máis de 60 anos e a poboación con menos de 20.

1.2.3. A actividade económica.

Historicamente, a actividade económica de Galicia estivo fortemente condicionada pola disposición de recursos naturais (entre eles os que chamamos características agro-ecolóxicas), condicionamento que orixinou a presenza dunhas diferenzas moi acusadas no desenvolvemento entre as provincias do interior e as costeiras. As actividades englobadas no sector primario foron as predominantes na economía galega, desde o punto de vista da ocupación, até os anos sesenta do século XX. Na agricultura e nas familias rurais o autoconsumo e o reemprego de materiais tiñan unha grande importancia. A perda constante de activos, o recuamento do peso da agricultura na actividade económica galega e os cambios do modelo produtivo agrario son a causa de que desde hai 50 anos, tanto o autoconsumo como o reemprego de produtos e residuos da produción veñan experimentando unha forte tendencia á baixa.

No ano 1930 o VEB agrario e pesqueiro representaba o 31,3% do total, mentres que no ano 2000 a súa importancia descendera até o 6,5 % e no 2005 até o 4,75% do total, para situarse finalmente no 2009 no 3,6%.

Gráfico 9: Evolución porcentaxes sectoriais no PIB.



Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.


Considerando conxuntamente as actividades gandeiras e agrícolas, a produción a prezos de produtor foi no 2002 un 63,5% para as actividades gandeiras e un 36,5% para as agrícolas. Mención específica debe facerse da produción forestal que en 2002 achegou a ser o 45,5% do total español. A produción galega multiplicouse por máis de 3 desde 1973, mentres que a produción nacional soamente aumentou un 40%.

No sector secundario salienta a alta contribución da construción, cunha riqueza xerada, no 2005, do 11,7% do total; porcentaxe que practicamente se mantén en 2009, non obstante o descenso experimentado no 2008, ao redor do 2% no VEB e do 6,9% no emprego. A enerxía que no 2005 mostraba unha riqueza xerada do 3,4%, descendeu lixeiramente até situarse no 2009 no 3,2% do total. A industria, pola súa parte, ven mantendo practicamente o seu nivel de actividade, cun lixeiro descenso no VEB.

Polo que respecta ao sector terciario, os servizos mantiveron unha evolución positiva sendo o sector con mais contribución ao PIB e o que mantén o mais alto número de ocupados.




Gráfico 10: Distribución sectorial PIB en 2008.



Fonte: elaboración propia a partir datos IGE

Gráfico 11: Empleo total por sectores.



Fonte: elaboración propia a partir datos IGE

1.2.3.1. Participación territorial.

A configuración física do territorio galego determina que a maior parte das variables socioeconómicas amosen unha acusada dispersión territorial. Dentro do esquema espacial de desenvolvemento, habería que ter en conta dúas vertentes: unha que se articula ao redor do Eixo Atlántico, como ámbito de maior potencialidade e dinamismo, aínda que non sexa a protagonista exclusiva do desenvolvemento territorial; e a outra, de carácter disperso, que se espalla ao longo do territorio.

Unha primeira diferenciación territorial, como antes se indicou, é a que distingue entre a Galicia Interior e a Galicia Costeira. A primeira comprende a montaña interior que é a zona máis oriental onde se achan as serras dos Ancares, do Courel, da Segundeira, de Queixa e de San Mamede; e as mesetas e foxas interiores, entre elas as da Terra Chá, As Pontes, Sarria, Chantada e Lemos ao norte e Quiroga, Maceda, A Limia e Verín ao sur así como os vales do Miño e do Sil. A segunda, é dicir, a Galicia Litoral, comprende as chairas exteriores nas que destaca o chamado Escalón de Santiago, e as terras da costa como a Mariña luguesa e as Mariñas Coruñesas ao norte e as Rías Baixas ao sur.

A distribución dos núcleos de poboación en Galicia, determinada en parte pola actividade económica, centralízase no interior a partir das dúas capitais (Lugo e Ourense), mentres quen o litoral xira de forma bipolar ao redor das dúas áreas metropolitanas de influencia (A Coruña e Vigo).

A participación por provincias e por cada un dos sete municipios máis importantes de Galicia, é a seguinte (Índices de participación territorial; base:Galicia=100 %):

Táboa 5: Índices sectoriais de actividade económica nas cidades galegas do Eixo.

Municipios	Índice Industrial (incluída construción)	Índice Comercial (ao por maior e ao por menor)	Índice Turístico	Índice de Actividade Económica
A Coruña	9,69	14,23	14,95	14,41
Ferrol	1,56	2,68	2,16	2,37
Lugo	2,38	5,18	3,24	4,17
Ourense	2,22	5,13	3,40	4,63
Pontevedra	1,84	3,31	1,66	3,52
Santiago de Compostela	2,53	6,90	17,03	5,32
Vigo	10,04	16,24	11,72	13,00
Provincias	Índice Industrial	Índice Comercial	Índice Turístico	Índice de Actividade Económica
A Coruña	41,25	42,92	46,25	43,47
Lugo	15,85	11,99	9,90	13,58
Ourense	14,04	10,19	7,05	11,85
Pontevedra	28,86	34,90	36,80	31,10
Galicia	100	100	100	100

Fonte: Elaboración propia, seguindo *Atlas socioeconómico de Galicia de Caixanova 2009*.



No que atinxe á distribución funcional da actividade por sectores, temos como máis importantes os seguintes:

Dentro do sector primario destaca a rama pesqueira polo elevado grado de desenvolvemento económico que produce, de aí que exista un gran número de núcleos de poboación que teñen a esta rama como a súa principal actividade. Cabe citar entre eles os seguintes: Vigo, Vilagarcía, Marín, Bueu, Boiro, Noia, Muros, A Coruña, O Grove, Ribeira, Ortigueira, Burela, Foz, Ribadeo, entre outros.

A rama agraria, tamén dentro do sector primario, podemos dicir que se desenvolve principalmente nos seguintes núcleos: O Carballiño, Ordes, Vilalba, Verín, Negreira, Santa Comba, Melide, Arzúa.

Así mesmo, cabe destacar a actividade vitivinícola cunha maior incidencia en Ribadavia, A Rúa e toda a ribeira do Miño e do Sil.

No sector secundario destaca a rama mineira en As Pontes, a explotación de lousas en O Barco, a construción de mobles en A Estrada e Sarria, o deseño e confección téxtil e a carpintería metálica en Lalín, construcións mecánicas en Carballo, a industria relacionada coa manipulación do granito en Porriño, etc.; e pola súa importancia, as industrias de transformación pesqueira e conserveiras situadas polas Rías Baixas, a industria de construción naval que ten un notorio relevo en Vigo e Ferrol, a industria do automóbil con asento en Vigo e a industria téxtil en A Coruña.

1.2.3.2. *Conxuntura económica.*

Nestes últimos anos a economía galega non foi allea á contracción da actividade derivada da crise económica que afecta tanto a España como ao conxunto da Zona Euro e incluso ao resto da economía internacional.


A desaceleración da actividade económica en España, tras sete trimestres consecutivos, cunha recesión que comezou a principios do 2008, mostra unha leve melloría no primeiro trimestre de 2010, cunha taxa de crecemento intertrimestral do 0,1%. Nembargante desde unha perspectiva interanual, o ritmo de crecemento da actividade reflicte unha desaceleración do 1,3%. Así mesmo, a destrución de emprego intensificouse, chegando a taxa de paro ao 20,1% no segundo trimestre de 2010, con máis de 4.600.000 persoas.

Pola súa banda, a taxa de variación interanual do PIB en España, aínda que continúa a ser negativa, mostra unha paulatina recuperación ao situarse, no primeiro trimestre do ano 2010, no -1,3%, continuando coa traxectoria de melloría que iniciara no cuarto trimestre de 2009 cun -3,1%; en contraste cos trimestres anteriores: -3,3% no primeiro, -4,2% no segundo e -4,0% no terceiro de 2009.

Polo que respecta a Galicia, cabe dicir que a súa evolución foi bastante parella á do conxunto de Estado, se ben cunha recesión menos intensa. Así, a desaceleración da súa actividade económica agravouse no primeiro trimestre de 2009, cunha queda do PIB dun 2,1%, (nove décimas menos que o descenso experimentado polo PIB español). No ano 2009 o PIB *per cápita* en Galicia situouse en 19.995 euros/hab., cunha variación interanual dun -3'1 %. No primeiro trimestre de 2010 o descenso do PIB foi de -1,7%, polo que neste trimestre o descenso foi mais acusado en Galicia que no conxunto do Estado (catro décimas). Aínda así, as perspectivas até final de ano son bastante favorábeis, por mor dos efectos positivos que se agarda que represente para Galicia a celebración do Ano Xacobeo

Nesta conxuntura o PIB Galego ascende a 56.419.087 miles de euros, un 5,2% do total español. En canto a renda *per capita*, con datos a 2008, a galega foi do 85,8% da media nacional cun valor de 20.619 euros (Datos Caixa Galicia).

Gráfico 12: Evolución PIBpm trimestral (a prezos correntes).



Fonte: elaboración propia a partir datos IGE.

A taxa de paro no segundo trimestre de 2010, de acordo co IGE-INE, ascende en España ao 20,1%, atopándose Galicia cun 15,6% entre aquelas Comunidades Autónomas nas que existe menos paro rexistrado.

Polo que respecta ao IPC como un dos principais indicadores de evolución, é preciso sinalar que mentres que en España o índice en marzo de 2010 chegaba ao 107,273 (en base 2006), en Galicia era do 106,6, un 0,9%, inferior xa que logo ao reflectido a primeiros de ano. Neste senso, todo apunta a que a caída do nivel xeral de prezos débese á do gasto dos fogares, magnitude que en 2009 reduciuse ao 61,4 % do PIB, en tanto que o gasto das administracións públicas elevouse ao 19,7%, o que sumou un gasto en consumo final do 81,1% do PIB.


O IPC galego, durante o primeiro semestre de 2010, mantivo taxas interanuais de variación positivas e, polo xeral, 1 ou 2 décimas superiores ás acadadas polo conxunto da economía española. Este semestre de 2010 caracterizouse por unha certa estabilidade nos prezos, con taxas de variación que oscilaron entre o 0,9% e o 1,8%.

Por outra parte, e no que atinxe ao agregado da demanda, as importacións de bens e servizos ascenderon en 2009 ao 70,7% do PIB en tanto que as exportacións non superaron ao 54,8% do PIB. No segundo trimestre de 2010, as importacións en Galicia incrementáronse un 7,5% mentres que as exportacións o fixeron nun 22,6%, o que supuxo elevar o superávit da balanza comercial que se sitúa en 636 millóns de euros, chegándose case a contía de 2009 Índice Conxuntura Caixa Galicia)

Segundo o IGE as exportacións incrementáronse, no primeiro semestre de 2010, o 18% acadando os 7.387, 2 millóns de euros fronte o incremento das importacións neste mesmo período que foi do 9,4% cun total de 6.392,9 millóns de euros o que supón unha taxa de cobertura do 115,6% fronte a española do 77,4%.



Gráfico 13.



Fonte: IGE.

No agregado da oferta o 100 % de PIB galego se distribúe da seguinte maneira:

Táboa 6: Sectores de actividade económica.


Sector Primario		3,6 %
Ramas agraria e pesqueira	3,6 %	
Sector Secundario		28,0 %
Ramas enerxéticas	3,2 %	
Ramas industriais	12,1 %	
Construción	12,7 %	
Sector Terciario		60,7 %
Servizos de mercado	46,7 %	
Servizos non de mercado	14,0 %	
Impostos netos sobre os produtos		7,7 %

No caso das rendas a remuneración dos asalariados (1.170.000 ocupados) os tres sectores de actividade supoñen o 44,6 % do total, distribuíndose da seguinte maneira:

Táboa 7: Sectores de actividade económica (II).

Sector Primario (93.000 ocupados aprox.)	1,1 %
Ramas agraria e pesqueira	1,1 %
Sector Secundario (321.000 ocupados aprox.)	13,6 %
Ramas enerxéticas	0,6 %
Ramas industriais	7,6 %
Construción	5,4 %
Sector Terciario (756.000 ocupados aprox.)	29,9 %
Servizos de mercado	18,7 %
Servizos non de mercado	11,2 %
Impostor netos sobre a produción	9,0 %
Excedente de explotación bruto/Renda mixta bruta	46,4 %

Gráfico 14: PIB pm segundo a distribución rendas.



Fonte: IGE.

Por último e polo que atinxe á formación bruta de capital como indicador adiantado de actividade, a súa importante desaceleración, cun descenso de case un 11 % nos tres primeiros trimestres de 2009, amorteceuse no segundo trimestre de 2010, situando a súa taxa de caída no 4,8 %. Isto ven mostrar a desconfianza empresarial no actual momento económico; como tamén a través do indicador de confianza do consumidor, no que se observa que aínda existe pesimismo por parte dos galegos, malia o feito de que no ano 2009 experimentou unha lixeira melloría. Este indicador que varía de -100 a



100, sendo o valor 0 o punto neutral, encóntrase situado en -24,6 ao final do primeiro semestre de 2010 despois de mellorar desde -35,6 en que se encontraba no mesmo período de 2009.

1.2.3.3. A situación económica nas cidades galegas do Eixo Atlántico: renda dispoñible, PIB e produtividade.

Na seguinte táboa amósanse as rendas dispoñibles, o PIB e o índice de produtividade das diferentes cidades do Eixo no ano 2007 (segundo datos de Caixanova).

Si facemos o cálculo da renda dispoñible media en Galicia resulta 13.547 €/hab. fronte a media das vilas do Eixo de 14.552,38 €/hab., é dicir o 7,42% superior, o que demostra a maior capacidade de consumo destas últimas o que favorecerá a xeración de residuos segundo as correlacións existentes noutros países de Europa. Sen embargo a renda dispoñible en España é de 15.054 €/hab., e dicir o 3,45% maior esta última, polo que a xeración de residuos, en media e por habitante e ano, debe ser maior no resto de España. Ambas afirmacións resultan ser certas como poderase comprobar máis adiante neste traballo.

Táboa 8: Datos macroeconómicos para os concellos galegos do Eixo.

Municipio	Renda Familiar Disponible (€/hab)	PIB (€/hab)	PIB (€)	% PIB Galego	% PIB su Provincia	Índice Productividade
Carballo	12.223	18.672	572.352.816	1,04%	2,44%	107,00%
Coruña (A)	15.061	27.704	6.792.023.456	12,34%	28,93%	109,00%
Ferrol	13.803	17.826	1.331.530.896	2,42%	5,67%	74,00%
Ribeira	12.423	15.856	434.930.080	0,79%	1,85%	89,00%
Santiago de Compostela	15.229	27.367	2.581.775.413	4,69%	11,00%	80,00%
Lugo	15.061	22.727	2.168.519.432	3,94%	31,47%	113,00%
Monforte de Lemos	13.401	17.538	341.745.468	0,62%	4,96%	104,00%
Sarria	13.493	21.543	290.313.468	0,53%	4,21%	118,00%
Viveiro	13.789	16.619	266.768.188	0,48%	3,87%	104,00%
Barco de Valdeorras (O)	13.895	17.476	245.363.040	0,45%	4,20%	89,00%
Carballiño (O)	13.760	16.058	224.539.014	0,41%	3,84%	98,00%
Ourense	14.979	20.373	2.181.072.261	3,96%	37,34%	82,00%
Verín	13.368	17.326	246.670.262	0,45%	4,22%	86,00%
Lalín	12.817	19.397	409.858.610	0,74%	2,18%	82,00%
Pontevedra	14.820	22.227	1.794.808.023	3,26%	9,54%	88,00%
Vigo	14.699	24.251	7.171.093.453	13,03%	38,12%	98,00%
Vilagarcía de Arousa	13.505	19.964	745.236.156	1,35%	3,96%	86,00%

Fonte: Atlas Caixanova e elaboración propia

As diferenzas en PIB por habitante entre as vilas do Eixo e o resto de Galicia son do 17,13% o que reforza a afirmación dunha maior capacidade de xeración de residuo por parte de aquelas. O PIB medio por habitante das vilas do Eixo é de 23.147,37 euros.

1.3. INFORMAÇÃO DE CONTEXTO SOBRE PORTUGAL.

1.3.1. Clima e Relevo em Portugal.

1.3.1.1. Clima.

A região Norte de Portugal está posicionada entre os 41° e 43° de latitude norte sendo limitada a norte e a leste por Espanha (Galiza e Castela e Leão, respectivamente), a sul pela Região Centro de Portugal e a oeste pelo Oceano Atlântico. Estas características geográficas têm grande impacto no clima da região, que sofre variações significativas pela influência da latitude, do relevo e da proximidade do mar.

O clima de Portugal Continental, de uma maneira geral, é predominantemente Mediterrânico dividindo-se, segundo a classificação de Koppen², em duas regiões: uma de clima temperado com Inverno chuvoso e Verão seco e quente e outra de clima temperado com Inverno chuvoso e Verão seco e pouco quente (IM, 2010). Apesar desta predominância, existem variações no tipo de clima consoante a região do país. Na zona Litoral Norte (Porto, por exemplo) encontra-se um clima temperado mediterrânico de influência atlântica, com temperaturas médias amenas ao longo do ano, variações de amplitudes térmicas anuais moderadas ou fracas, precipitação abundante, sobretudo no Outono e Inverno e dois meses secos. Na zona do Interior Norte (Vila Real, por exemplo) o clima é considerado temperado mediterrânico de influência continental, dadas as temperaturas relativamente baixas no Inverno e elevadas no Verão, as variações de amplitudes térmicas anuais acentuadas, precipitação geralmente fraca e três a quatro meses secos.

O clima da zona Interior Norte é influenciado pelas barreiras montanhosas que se interpõem aos ventos chuvosos do litoral e fazem com que a precipitação aumente do litoral para o interior, diminuindo bruscamente após a passagem das primeiras cordilheiras montanhosas (com cotas acima dos 800 a 1000 metros de altitude).

Os efeitos da distância ao mar, altitude e influência oceânica conjugados levam à distinção de vários tipos de clima regional. Na zona situada a norte do Douro, os vales de altitudes inferiores a 800 metros caracterizam-se por Invernos suaves e Verões frescos. Nestas zonas, a precipitação é elevada, causada pela influência oceânica, embora ocorram, em média, dois meses de seca. A humidade atmosférica é elevada durante todo o ano e os nevoeiros são muito frequentes, mesmo no Verão.

Mais para o interior, o aumento de altitude que se verifica com as cadeias montanhosas leva a um aumento do rigor invernal, que se apresenta frio com quedas de neve frequentes e com precipitações por vezes elevadas. Os nevoeiros são também muito frequentes, excepto no Verão que é relativamente quente. Nas regiões em que a influência oceânica deixa de se fazer sentir, a pluviosidade é menor e o clima apresenta características nitidamente continentais.

Desta forma, são patentes as diferenças a nível climático entre Litoral e Interior, repercutindo-se no modo de vida das populações. A Tabela 9 mostra as principais estações meteorológicas do Norte de Portugal e os valores (anuais) dos parâmetros Temperatura e Precipitação para cada estação, podendo ser observadas as diferenças existentes na região Norte.

² Sistema de classificação global dos tipos climáticos, baseado essencialmente nas temperaturas médias de cada região, que divide o clima da Terra em 5 regiões: Clima Tropical Húmido, Clima Seco, Clima Temperado com Inverno suave, Clima Temperado com Inverno rigoroso, Clima Polar.



Tabela 9: Temperatura e precipitação para o Continente e por estações meteorológicas do Norte, em 2008.

	Temperatura Média Anual (2008)			Precipitação Anual (2008)		Máxima diária
	Média	Mínima	Máxima	Total	Dias sem chuva	
	°C			mm	N.º	mm
Continente	15,0	9,6	20,3	623,6	270	128,9
Norte						
Viana do Castelo	14,5	9,9	19,0	1 081,2	204	51,1
Porto (P. Rubras)	15,0	10,8	19,2	997,3	221	54,0
Vila Real	13,2	8,8	17,6	826,1	229	44,9
Bragança	12,3	6,4	18,2	553,4	251	27,6

Fonte: IM (2010).

As maiores amplitudes térmicas são verificadas nos distritos de Vila Real e Bragança, chegando a atingir valores de temperatura máxima na ordem dos 40°C nos meses de verão, e alguns graus negativos de temperatura mínima no inverno. Nas regiões do Minho e Douro litoral, as amplitudes são menores, observando-se temperaturas mais amenas no inverno. Quanto à precipitação, a região do Minho é a que apresenta maiores quantidades anuais, seguida das outras regiões do Litoral. As regiões do Interior, em particular a zona do Douro, apresentam níveis de precipitação baixos, devendo-se em grande parte às suas características topográficas.

1.3.1.2. Relevo

Em Portugal Continental predominam as zonas de baixa altitude, em que mais de 70% do território está abaixo dos 400 metros de altitude e menos de 12% está acima dos 700 metros. No entanto, a repartição do relevo faz-se de uma forma muito desigual entre Norte e Sul (Ferreira, 2000).

No Norte de Portugal o relevo é bastante acidentado, sendo o terreno escarpado e cortado por vales profundos. Nas zonas do interior a paisagem é montanhosa, com planaltos intercalados por áreas que permitem o desenvolvimento da agricultura, transitando progressivamente até à zona costeira para uma morfologia bem mais aplanada. Na zona mais a Oeste, o Minho ocidental é caracterizado pela grande fragmentação do relevo e pela existência de vales largos.

A Norte do rio Douro, podem encontrar-se numerosos sistemas montanhosos, dos quais se destacam os pontos mais elevados: Montesinho (1600 m), Larouco (1527 m), Gerês (1508 m), Peneda (1416 m), Marão (1416 m), Alvão (1330 m), Nogueira (1320 m), Cabreira (1279 m), Coroa (1273 m) e Bornes (1199 m). Estes conjuntos de montanhas formam barreiras de condensação entre o litoral e o interior. Desta forma, estes sistemas montanhosos exercem fortes pressões no clima das diferentes regiões condicionando as actividades das populações aí residentes.

No que toca aos municípios do Eixo Atlântico do Norte de Portugal, estes apresentam grande variabilidade em termos orográficos, com variações acentuadas de altitude. Observando a Tabela 10 constata-se que são os municípios do interior aqueles onde se encontram os pontos de cota mais elevada, bem como as maiores diferenças entre altitudes máxima e mínima. O relevo do município de Peso da Régua varia de altitudes próximas do nível do mar (50 metros) até aos 1394 m. Algo

semelhante sucede nos casos de Lamego e Vila Real, com diferenças de mais de 1000 metros entre altitudes máxima e mínima.

Tabela 10: Altitudes máximas e mínimas dos municípios do Eixo Atlântico do Norte de Portugal.

	Altitude	
	Máxima	Mínima
	metros	
Continente	1 993	0
Norte	1 527	0
Viana do Castelo	822	0
Barcelos	488	9
Braga	572	22
Guimarães	611	84
Vila Nova de Famalicão	457	25
Matosinhos	132	0
Porto	155	0
Vila do Conde	233	0
Vila Nova de Gaia	261	0
Penafiel	582	22
Lamego	1 120	50
Peso da Régua	1 394	50
Vila Real	1 350	125
Bragança	1 487	325
Chaves	1 050	300
Macedo de Cavaleiros	1 258	225
Mirandela	938	175

Fonte: IM (2010).

1.3.2. Demografia e distribuição populacional em Portugal.


Portugal tem uma área de cerca de 92 094,4 km², cuja geografia física, humana e económica varia de forma acentuada ao longo de todo o território. Considerando a divisão da NUT II³, o Norte equivale a uma área de 21 283,9 Km², o Centro a 28 200,1 Km², Lisboa a 2 940,1 Km², o Alentejo a 31 551,2 Km², o Algarve a 4 996,0 Km², a Região Autónoma dos Açores a 2 322,0 Km² e a Região Autónoma da Madeira a 801,1 Km². Desta forma, o Norte (Figura 1) é uma das maiores regiões do país, correspondendo a 23,1% do território, com uma densidade populacional de aproximadamente 176,0 Hab/Km². Esta região compreende 8 sub-regiões (ou NUT III⁴), designadamente: Alto Trás-os-Montes, Ave, Cávado, Douro, entre Douro e Vouga, Grande Porto, Minho-Lima e Tâmega. Estas sub-regiões dividem-se em 86 concelhos.

3 Nomenclatura das Unidades Territoriais para fins estatísticos (nível II): Alentejo, Algarve, Centro, Lisboa, Norte, R.A. Açores, R.A. Madeira.

4 Nomenclatura das Unidades Territoriais para fins estatísticos (nível III), para o Norte: Minho-Lima, Cávado, Ave, Grande Porto, Tâmega, Entre Douro e Vouga, Douro, Alto de Trás-os-Montes.



Figura 1: NUTs II de Portugal continental, NUTs III do Norte de Portugal e Municípios do Eixo atlântico.



Segundo as estimativas do Instituto Nacional de Estatística (INE, 2008), em 31 de Dezembro de 2008, a população residente no Norte atingia os 3 745 439 indivíduos, correspondendo a cerca de 35% da população de Portugal, que à mesma altura era estimada em 10 627 250 indivíduos. Relativamente ao ano anterior, o acréscimo populacional foi de 9 675 indivíduos, reflectindo-se numa taxa de crescimento efectivo para o país de 0,09% (0,17% em 2007) e de 0,01% para a região do Norte, o que revela um novo abrandamento no crescimento da população (INE, 2008). No que toca às cidades do Eixo Atlântico do Norte Português, é verificada uma acentuada variação no número de habitantes residentes, o que em muito se relaciona com a localização do município, sendo os do litoral aqueles que apresentam maior número de indivíduos residentes. Também estes apresentam densidades populacionais mais elevadas. No geral, os municípios do interior (Vila Real, Bragança, Chaves, Macedo de Cavaleiros e Mirandela) têm grandes áreas e um número relativamente baixo de habitantes residentes, resultando em baixas densidades populacionais e elevadas dispersões. A Tabela 11 mostra esta realidade, sendo Vila Nova de Gaia (litoral) o município mais povoado e Macedo de Cavaleiros (interior) o menos povoado. Contudo, no que toca a densidade populacional, o município com mais habitantes por Km² é o Porto, dado que a sua área é bastante reduzida.

Tabela 11: População residente, área e densidade populacional para os municípios do Eixo Atlântico do Norte de Portugal, em 2008.

Municípios	População residente (nº de habitantes)	Área (Km ²)	Densidade populacional (Hab/km ²)
Viana do Castelo	91 362	318,6	286,8
Barcelos	124 555	378,9	328,7
Braga	176 154	183,4	960,5
Guimarães	162 636	241	674,8
Vila Nova de Famalicão	134 969	201,6	669,5
Matosinhos	169 261	62,2	2721,2
Porto	216 080	41,3	5232,0
Vila do Conde	77 320	149	518,9
Vila Nova de Gaia	312 742	168,4	1857,1
Penafiel	71 841	212,2	338,6
Lamego	25 863	165,4	156,4
Peso da Régua	16 992	94,9	179,1
Vila Real	50 131	378,8	132,3
Bragança	34 375	1173,6	29,3
Chaves	44 039	591,2	74,5
Macedo de Cavaleiros	16 766	699,2	24,0
Mirandela	25 458	559	45,5

Fonte: INE (2008).

Também os municípios de Matosinhos e Braga evidenciam elevadas densidades populacionais, tendo este último registado um rápido crescimento demográfico nos últimos anos, com uma taxa de crescimento efectivo, estimada pelo INE, de 0,62% no ano de 2008.

Tendo em conta a classificação tradicional dos aglomerados populacionais em termos do seu número de habitantes, em que as que possuem mais de 50 000 habitantes são tidas como urbanas, mais de 10 000 habitantes e menos de 50 000 são semi-rurais e abaixo deste número consideram-se rurais, é visível que a maioria dos municípios do Eixo Atlântico da região Norte é classificado como urbano. Abaixo dos 50 000 habitantes e acima dos 10 000, estão os municípios de Mirandela, Chaves, Bragança, Lamego, Peso da Régua e Macedo de Cavaleiros, sendo assim classificados como semi-urbanos. Desta forma, existem cerca de 1 587 051 indivíduos que habitam em meios considerados urbanos, num total de 11 municípios. Em termos percentuais, verifica-se que 90,66% da população dos municípios do Eixo Atlântico habita em meios urbanos, face a 9,34% de habitantes que se localizam em meios semi-urbanos. Apesar desta classificação, é perceptível que mesmo alguns meios considerados urbanos sofrem grande dispersão populacional, existindo uma concentração maior de indivíduos nas grandes cidades, sedes de concelhos e baixas densidades populacionais nas zonas periféricas. Tal facto evidencia-se com mais frequência nos municípios do interior, devido às suas grandes áreas e populações dispersas, existindo zonas com um número muito baixo de habitantes. Estas características de ruralidade e dispersão condicionam o desenvolvimento de várias actividades, sendo por vezes um entrave ao seu melhor desempenho.

Como consequência de um maior número de habitantes, os municípios do Porto, Vila Nova de Gaia, Matosinhos e Braga apresentam também maior número de habitações, designados pelo INE de Alo-



jamentos Familiares Clássicos, como se mostra na Tabela 12. Mais uma vez, são os municípios do interior aqueles que possuem um parque habitacional menos desenvolvido, dado o menor número de indivíduos residentes.

Considerando o número de alojamentos e tendo em conta a população residente, a média de indivíduos por habitação é mais elevada para o município de Barcelos, sendo de 2,7 indivíduos por alojamento, prendendo-se com o facto de este município apresentar uma população considerável e um parque habitacional relativamente reduzido. Algo semelhante acontece no caso dos municípios de Guimarães, Vila Nova de Famalicão e Penafiel, embora com médias ligeiramente mais baixas.

Tabela 12: Número de alojamentos familiares clássicos, pavimentos por edifício e número de indivíduos por habitação nos municípios do Eixo Atlântico do Norte de Portugal, em 2008.

Municípios	Alojamentos familiares clássicos (Nº)	Pavimentos por edifício	Indivíduos por habitação (Nº)
Viana do Castelo	47 738	2,6	1,9
Barcelos	46 405	2,1	2,7
Braga	85 167	3,0	2,1
Guimarães	67 014	2,4	2,4
Vila Nova de Famalicão	55 627	2,4	2,4
Matosinhos	82 741	3,2	2,0
Porto	135 208	5,3	1,6
Vila do Conde	37 925	2,5	2,0
Vila Nova de Gaia	141 454	3,1	2,2
Penafiel	30 971	2,3	2,3
Lamego	16 043	2,3	1,6
Peso da Régua	9 162	3,6	1,9
Vila Real	28 546	2,6	1,8
Bragança	25 382	2,5	1,4
Chaves	26 983	2,3	1,6
Macedo de Cavaleiros	11 392	2,4	1,5
Mirandela	15 979	2,7	1,6

Fonte: INE (2008).

No que toca ao número médio de pavimentos por edifício, o município do Porto é aquele que apresenta maior média, devido ao facto de ser uma zona urbana bastante desenvolvida, onde proliferam as construções em altura, tendo os edifícios uma média 5,3 pisos. Este factor é importante na caracterização dos municípios, já que revela uma maior concentração populacional e menor dispersão, em determinada zona, factor que influencia o desempenho de várias actividades, entre elas a gestão dos resíduos sólidos urbanos produzidos pelos habitantes.

No geral, analisando os dados relativos à população e habitação, são patentes as diferenças entre municípios do Litoral e Interior, pelo que se pode prever a existência de um maior desenvolvimento urbano nas áreas costeiras, relativamente às zonas mais interiores.

1.3.3. Actividade económica em Portugal.

Ao longo dos últimos anos, Portugal tem vindo a evidenciar cada vez mais diferenças a nível económico entre as várias regiões que dividem o país. Contudo, a nível Municipal são ainda mais patentes tais desigualdades e mais uma vez são os municípios do interior e litoral aqueles que mais se distanciam.

No geral, o Norte de Portugal apresenta inúmeros contrastes sociais e económicos. As dispersões populacionais, o despovoamento e envelhecimento demográfico de algumas regiões do Interior são factores que muito contribuem para o agravamento da situação económica destas zonas. Quando comparado com as outras zonas do país, o Norte é a região que apresenta a maior população activa, bem como o maior número de indivíduos empregados (Tabela 13). Consequentemente, também a população inactiva e desempregada atingem nesta região os valores mais elevados.

Tabela 13: População activa, inactiva, empregada e desempregada para Portugal e as NUTS II, em 2008 (www.ine.pt).

	População Activa	População inactiva	População empregada	População desempregada
Milhares				
Portugal	5 624,9	4 997,8	5 197,8	427,1
Continente	5 381,2	4 751,1	4 968,1	413,1
Norte	1 983,4	1 766,2	1 811,7	171,7
Centro	1 367,2	1 017,1	1 292,7	74,5
Lisboa	1 446,4	1 365,9	1 327,5	118,9
Alentejo	366,0	393,8	333,2	32,8
Algarve	218,3	208,0	203,1	15,3
R. A. Açores	117,6	126,5	111,2	6,4
R. A. Madeira	126,1	120,2	118,5	7,6

Fonte: www.ine.pt (2008).

Apesar das populações dos municípios do interior terem sofrido um envelhecimento acentuado nos últimos anos, municípios como Braga e Barcelos são exemplo de populações jovens. Estes e principalmente os municípios do litoral (Porto, Matosinhos, V.N. Gaia) têm também maior quantidade de empresas e indústrias, o que gera maior número de postos de trabalho, contribuindo assim para o desenvolvimento económico destas regiões. Por esta razão, existe ainda uma tendência acentuada para a deslocação de indivíduos residentes do interior para o litoral, à procura de melhores condições de vida.

No que toca à empregabilidade, na Tabela 14 é apresentada a distribuição de indivíduos empregados pelos principais sectores, sendo visível, para todas as regiões do país, um maior número de indivíduos empregados no sector terciário (saúde, educação, banca, seguros, transportes, turismo, etc.). No Norte do país, apesar do sector terciário ser o maior empregador, também o sector secundário (indústria, construção civil, obras públicas, etc.) apresenta um elevado número de indivíduos empregados. Este sector está mais desenvolvido nas zonas do litoral, contrastando com o sector primário (agricultura, pecuária, extracção mineira, apicultura, etc.) que se desenvolve mais nas zonas do interior.



Tabela 14: População empregada, por NUTS II, segundo o sector de actividade principal, em 2008.

	Sector primário	Sector secundário	Sector terciário
População empregada (milhares)			
Portugal	581,2	1 525,1	3 091,5
Continente	555,3	1 467,7	2 945,2
Norte	214,6	689,0	908,1
Centro	279,1	391,6	621,9
Lisboa	11,7	261,8	1 054,0
Alentejo	37,1	81,5	214,5
Algarve	12,7	43,7	146,6
R. A. Açores	14,2	29,9	67,0
R. A. Madeira	11,7	27,5	79,3

Fonte: www.ine.pt (2008).

Segundo o Instituto Nacional de Estatística, no ano de 2007, o VAB⁵ relativo à indústria, incluindo energia, representava o maior valor percentual da região Norte, atingindo os 24,7%, correspondendo a uma produtividade de cerca de 20 300€. As actividades de comércio e reparação de veículos automóveis e de bens de uso pessoal e doméstico, alojamento e restauração (restaurantes e similares), transportes e comunicações representam um VAB de 20,9%, com uma produtividade de 19 400€. As actividades financeiras, imobiliárias, alugueres e serviços prestados às empresas apresentam 19,0% de VAB, correspondendo ao valor de produtividade mais elevado, valor este que atinge os 71 600€, que muito se aproxima dos números nacionais. A agricultura, caça e silvicultura, pesca e aquicultura são o conjunto de actividades que representam o valor mais baixo de VAB, sendo este de apenas 1,8%, correspondendo também à produtividade menor, de apenas 3 300€, abaixo da produtividade nacional destas actividades.

Apesar do nível de vida da população portuguesa ter vindo a melhorar de forma significativa ao longo dos últimos anos, são manifestas as diferenças no sector económico entre interior e litoral, como havia já sido referido. Observando a Tabela 15, relativa a alguns parâmetros económicos dos municípios do Eixo Atlântico do Norte de Portugal é perceptível que, no geral, nos municípios do litoral se verificam melhores condições económicas. No que toca ao ganho médio mensal dos trabalhadores por conta de outrem, é patente que este é maior nos municípios do Porto, Matosinhos, V. N. Gaia, Vila do Conde, Braga e Viana do Castelo. Em contrapartida, os municípios de Macedo de Cavaleiros, Guimarães, Lamego, Barcelos, Chaves, Penafiel e Mirandela apresentam médias de salários mais baixas, em que o primeiro revela um ganho médio mensal abaixo dos 700€. Consequentemente, este ganho médio mensal será um factor determinante no poder de compra dos indivíduos, sendo reflectido pelo Índice de poder de compra *per capita*⁶, também apresentado na Tabela 15. Assim, os municípios Porto, Matosinhos, Braga e V.N. Gaia são aqueles que possuem índices mais elevados, superando o poder de compra *per capita* médio nacional, o que corresponde aos maiores salários médios mensais, referidos anteriormente. Esta relação também é verificada nos municípios do Interior, sendo aqueles que apresentam médias de salários mais baixos os que possuem um poder de compra mais reduzido (Macedo de Cavaleiros, Barcelos, Mirandela, Chaves, Guimarães).

5 Segundo o Instituto Nacional de Estatística, é um número índice com o valor 100 na média do país, que compara o poder de compra manifestado quotidianamente, em termos *per capita*, nos diferentes concelhos e regiões, com esse valor de referência nacional.

6 Resultado final da actividade produtiva no decurso de um período determinado. Resulta da diferença entre o valor da produção e o valor do consumo intermédio, originando excedentes.

Tabela 15: Ganho médio mensal e Índice de Poder de compra *per capita* dos municípios do Eixo Atlântico do Norte de Portugal, em 2008.

Municípios	Ganho médio mensal € (trabalhadores por conta doutrem)	Índice de Poder de compra <i>per capita</i>
	€	(-)
Viana do Castelo	801,4	88,35
Barcelos	705,1	67,25
Braga	842,1	105,44
Guimarães	707,2	78,92
Vila Nova de Famalicão	812,1	81,23
Matosinhos	1066,4	127,88
Porto	1145,4	170,5
Vila do Conde	832,9	96,71
Vila Nova de Gaia	890,2	100,4
Penafiel	729,3	67,9
Lamego	706,9	77,64
Peso da Régua	778,4	76,68
Vila Real	783,9	97,11
Bragança	759,4	94,61
Chaves	719	73,65
Macedo de Cavaleiros	674,3	65,8
Mirandela	728,8	71,41

Fonte: www.ine.pt (2008).

Apesar do poder de compra *per capita* tender a ser mais elevado no Litoral e mais reduzido no Interior, municípios como Bragança e Vila Real fogem a essa tendência, apresentando índices muito próximos do valor 100 da média do país.

É, desta forma, visível que para além dos territórios metropolitanos, também os municípios correspondentes a algumas capitais de distrito revelam um poder de compra muito próximo à média nacional, podendo fazer-se assim uma associação positiva entre o grau de urbanização das unidades territoriais e o poder de compra aí manifestado quotidianamente.

Em Portugal, após a recessão económica de 2003, o crescimento real do PIB permaneceu positivo até ao final do ano de 2008, momento a partir do qual os efeitos adversos da crise económica mundial começaram a fazer-se sentir de forma mais acentuada na economia portuguesa de acordo com o Boletim Mensal de Economia Portuguesa (GPEAR, 2010). Em relação ao Norte do País, segundo as estimativas do INE para o ano de 2007, o PIB *per capita* correspondia a 12 200€, face aos 15 300€ de Portugal Continental. Mais uma vez, as disparidades entre Litoral e Interior são acentuadas, como é visível na Tabela 16. A região do Tâmega, onde se insere o município de Penafiel, é aquela que apresenta um PIB *per capita* mais baixo, seguida da região do Minho-Lima onde está incluído o município de Viana do Castelo. A região do Grande Porto, que engloba os municípios do Porto, Matosinhos, V. N. Gaia, e Vila do Conde apresenta um PIB per capita semelhante ao Nacional, de 15 300 €.

Observando o índice de disparidade do PIB[®], tendo como valor base 100% para Portugal, é claro que a sub-região do grande Porto é aquela que apresenta o índice mais elevado, muito próximo do valor



nacional. As sub-regiões do Tâmega, Minho e Trás-os-Montes são as que mais contribuem para baixar o índice da Região Norte, já que apresentam valores mais baixos.

Tabela 16: Produto Interno Bruto *per capita*, em milhares de Euros e índice de disparidade, segundo a divisão Norte das NUTS III.

	PIB per capita (milhares de €)	Índice de disparidade (Portugal=100) (%)
Portugal	15,4	100,0
Continente	15,3	99,6
Norte	12,2	79,6
Minho-Lima	9,8	63,7
Cávado	11,8	76,5
Ave	11,1	72,2
Grande Porto	15,3	99,8
Tâmega	8,9	58,1
Entre Douro e Vouga	12,6	81,7
Douro	10,3	67,1
Alto Trás-os-Montes	10,4	67,6

Fonte: www.ine.pt (2008).

1.4 CONCLUSIÓN.S.

Como conclusións deste capítulo, “Condicións de contorno: breve recensión da Xeografía física, humana e económica”, pode dicirse que relativamente ó clima e ó relevo ó Norte de Portugal presenta dúas zonas de características distintas: o interior e o litoral. O interior presenta as maiores amplitudes térmicas sendo aínda, nesta rexión na que se rexistran as temperaturas máis elevadas, no verán, e as temperaturas máis elevadas. O litoral rexistra temperaturas máis tépeda. É aínda, no interior, onde se rexistra a menor pluviosidade por unha parte debido á existencia de zonas montañosas, contrastando coa zona litoral máis plana.

En Galicia o clima está fortemente condicionado polo relevo diferenciándose as zonas costeiras do interior e neste as zonas de chairas e depresivas das montañosas. A precipitación anual va duns mínimos no val do Miño e Sil cos máximos nas serras do litoral e na Dorsal Galega. A época de maior precipitación é outono seguida do inverno(o redor do 63% do total). Pontevedra e A Coruña son as máis húmidas. As temperaturas medias non son nin altas nin baixas e as máis cálidas danse nas zonas litorais. Os efectos do océano e dos balances das compoñentes climáticas dan lugar a unha diminución da temperatura do noroeste ó sueste.

Relativamente ao ordenamento do territorio en Portugal hai que realzar unha gran asimetría entre o litoral e o interior, asimetría que tamén se produce en Galicia. En ambas partes prodúcese unha maior de concentración no litoral, rexistrándose a maior densidade de poboación en Porto con 5.232 hab/km², en el caso do norte de Portugal, e na Coruña no caso de Galicia con 6.544,02 hab/ km². As de menor densidade son Macedo de Cavaleiros (Norte de Portugal) e Nogueira de Muñiz (Galicia) con 24 hab/km² e 2,90 hab/km² respectivamente, o que supón que Porto e A Coruña teñen unha densidade 218 e 2.257 veces superior ás máis pequenas respectivamente. E os procesos de migración das vilas máis pequenas ás máis grandes continúa así como do interior o litoral.

En canto á actividade económica tanto o norte de Portugal como Galicia mudaron dunha actividade esencialmente agraria e pesqueira ao desenvolvemento do sector secundario e especialmente do sector terciario.

Isto levou consigo unha evolución da poboación asimétrica, con emigración desde o interior ás zonas costeiras así como aos centros comarcais e ás grandes cidades, producíndose un avellentamento das poboacións nas aldeas e nas pequenas vilas. As vilas do Eixo Atlántico foron favorecidas por esta emigración gañando poboación a maioría delas.

Esta cadea de cambios, da actividade con fluxos migratorios do medio rural á cidade supón un cambio no tipo de vivenda e nos hábitos de vida. Este cambio nos costumes vese reforzado polo incremento de renda así como pola evolución na educación e pola incorporación da muller ás actividades produtivas fóra de casa.

Como consecuencia de todo o anterior, prodúcese tamén un cambio na idade das parellas que casan e no número de fillos; así mesmo os avances tecnolóxicos xunto a maior capacidade de compra que permiten aproveitálos trouxeron consigo unha modificación nas pautas de compra e consumo. Todo isto segue un proceso de retroalimentación que mantén a súa dinámica.

Os procesos sinalados no parágrafo anterior condicionan a produción de residuos, tanto na súa cantidade como na súa tipoloxía (por exemplo, a porcentaxe de materia orgánica na composición do lixo caeu de preto dun 50%, ou mesmo máis nalgúns casos, a un 25% nas sociedades máis avanzadas). Ámbolos dous factores determinan os modelos de xestión e en particular os tipos máis adecuados de tratamento.

Polo tanto calquera plan de xestión dos residuos urbanos haberá de facer unha análise da evolución destes factores, da poboación e dos seus comportamentos, previa á toma de decisións que comprometan os investimentos en infraestruturas por un longo período de tempo.

Todo o comentado vese reforzado nas vilas do Eixo, en particular a través dos fluxos migratorios, a progresiva urbanización da súa poboación e os maiores crecementos das rendas dispoñibles que como dixemos condicionan a tipoloxía e cantidade dos residuos producidos.

A climatoloxía e relevo son, pola súa banda, factores condicionantes das decisións, que temos que ter en conta para definir sistemas de recollida, loxística de transporte e as tecnoloxías de tratamento a empregar.



2

A XESTIÓN DOS RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS EN GALICIA

2.1. O MODELO COMPETENCIAL.

No estado español as competencias das diferentes comunidades que o conforman e do goberno central veñen definidas na Constitución e nos Estatutos de autonomía e a súa aplicación faise a través da lexislación xeral do estado e da lexislación autonómica.

A continuación recóllense os aspectos máis importantes, desde o punto de vista deste traballo, das diferentes normativas que definen as competencias dos diferentes actores que participan na xestión dos residuos sólidos urbanos.

2.1.1. Lei 10/98 de Residuos.

Dentro dos títulos competenciais do Estado destacan os seguintes: lexislación básica sobre protección ao medio ambiente, ordenación dos rexistros públicos, comercio exterior e bases do réxime xurídico das Administracións públicas. É esta pluralidade de títulos competenciais a que conflúe na articulación da Lei 10/1998 de 21 de abril de Residuos.

Nesta Lei, entre outras cousas, fíxanse as competencias administrativas en materia de xestión de residuos, que son as seguintes:

Administración Xeral do Estado:

- A elaboración dos plans nacionais de residuos.
- A autorización dos traslados de residuos desde o a países non pertencentes a Unión Europea.
- A inspección do citado réxime de traslados, sen prexuízo da colaboración que se poida prestar pola Comunidade Autónoma onde estea situado o centro da actividade correspondente.
- A aplicación, no seu caso, do correspondente réxime sancionador.
- Estabelecer os requisitos das plantas, procesos e produtos da valorización, con especificación das esixencias de calidade e da tecnoloxía a empregar (sen prexuízo das normas adicionais de protección que diten as comunidades autónomas)

Comunidades Autónomas:

- A elaboración dos Plans autonómicos de residuos.
- A autorización, vixilancia, inspección e sanción das actividades de produción e xestión dos residuos.

- Autorización de traslado de residuos desde o a países da Unión Europea que estean regulados no Regulamento (CEE) 259/93.
- Autorización dos traslados no interior do territorio do Estado así como a inspección e aplicación do réxime sancionador dos traslados.
- Calquera outra competencia que non lles corresponda nin á Administración Xeral do Estado nin ás Entidades Locais.

Entidades Locais:

- Competentes na xestión dos residuos urbanos, nos termos establecidos na propia Lei 10/98 de Residuos e nas normas que no seu caso sexan ditadas polas Comunidades Autónomas.
- Corresponde aos municipios, como servizo obrigatorio, a recollida, o transporte e polo menos, a eliminación dos residuos urbanos na forma que establezan as respectivas Ordenanzas.

Con relación a planificación, a mesma lei determina, que os plans nacionais deberán ser o resultado da integración dos diferentes plans autonómicos. Neles fixaranse os obxectivos específicos de redución, reemprego, reciclado e outras formas de valorización e máis a eliminación. Incluirán as medidas para conseguir os obxectivos, os medios de financiamento e os procedementos de revisión. A súa duración será de catro anos.

Poderanse articular a través de convenios subscritos, no seu caso, entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas.

Hai que subliñar esta obriga de integrar os plans autonómicos no Plan español o que pode limitar as actuacións, a través deste instrumento, do goberno central. Pero pola outra banda o uso dos instrumentos financeiros contemplados no Plan danlle a posibilidade de favorecer determinadas actuacións de xestión non contempladas nos Plans autonómicos.

Así mesmo a lei establece que os Plans autonómicos fixarán obxectivos específicos de redución, reemprego, reciclado e outras formas de valorización e, finalmente, a eliminación. Incluirán as medidas para chegar a estes os obxectivos, os medios de financiamento e os procedementos de revisión. Neles incluíranse as cantidades de residuos producidos e estimaranse os custos das operacións de prevención, valorización e eliminación. Tamén incluírán os lugares e instalación apropiados para a eliminación dos residuos.

No referente á planificación de residuos polos entes locais a lei prevé a posibilidade de que o poidan facer, sempre de acordo co previsto na lexislación e nos plans autonómicos.

Verbo dos residuos sólidos urbanos a lei, no seu artigo 20, fixa a obriga dos posuidores de residuos urbanos de entregalos ás Entidades Locais, segundo sexa especificado nas respectivas Ordenanzas co fin de que sexan reciclados, valorizados ou eliminados.

As entidades locais poderán entregar ditos residuos ao xestor autorizado para a súa valorización.

No caso particular de residuos urbanos distintos aos xerados nos fogares domésticos, as entidades locais poderán obrigar aos seus posuidores a súa xestión.

Especialmente relevante é a obriga das entidades locais de implantar sistemas de recollida selectiva dos residuos urbanos que posibiliten o seu reciclado ou outras formas de valorización, cando a po-



boación destas entidades supere os 5.000 habitantes. No caso dos envases estarase ao previsto na lexislación específica.

Por último as Entidades Locais poderán realizar as actividades de xestión de residuos urbanos directamente ou a través doutras formas de xestión prevista na lexislación sobre réxime local.

2.1.2. A lei 10/2008 de Residuos de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia, a través do artigo 27.30 do seu Estatuto de Autonomía, asumiu a competencia para aprobar as normas adicionais sobre protección do medio ambiente e da paisaxe, nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución. É este o título competencial para legislar en materia de residuos.

Os aspectos máis salientábeis desta lei cara a xestión dos residuos son os que comentamos a continuación.

No artigo 1 declárase como obxecto desta lei “prever a produción de residuos, establecer o réxime xeral da xestión de residuos...fomentando, nesta orde: a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización”.

Esta idea repítese cando nos obxectivos da lei se establece, no seu apartado e9): “fomentar a recollida selectiva de residuos e a reutilización de produtos e materiais usados, a utilización de materiais reciclados .. con tal fin, as normas fixarán obxectivos concretos de redución”.

No que afecta á definición das competencias, recolle algunhas que non son especificamente incluídas na lei 10/98 de Residuos, ou ben na lei de Envases e Residuos de Envases.

Así cando establece as competencias da Comunidade Autónoma de Galicia presenta como novidade, no artigo 7 apartado h), a obriga, dos responsábeis da posta no mercado de produtos que polas súas características se converten en residuos, de “elaboraren produtos que polas súas características favorezan a prevención na xeración dos residuos faciliten, a súa valorización, así como constituír sistemas integrados de xestión ou adoptar as medidas oportunas para garantir a súa correcta xestión”.

A importancia deste artigo radica na súa potencialidade para que respecto a calquera produto que sexa posto no mercado galego teña o produtor que se responsabilizar tanto da xestión como do financiamento, indo alén do previsto na lexislación estatal; tampouco pódense esquecer as posibles alteracións do funcionamento do mercado que, pola aplicación desta norma de forma unilateral, poidan alegar os interesados e que poden pexar o seu desenvolvemento.

Co relación as Entidades Locais a Lei galega entra na súa regulación máis polo miúdo, diferenciando entre municipios e deputacións.

Os aspectos máis salientábeis e que non son recollidos abertamente na lei de residuos 10/98 son, co relación os concellos, os seguintes:

- Chegar a acordos cos produtores de residuos comerciais para acadar a súa correcta xestión.
- Elaborar plans de xestión de residuos urbanos, segundo o establecido na lei e nos Plans de residuos da comunidade.
- Exercer as competencias que, no seu caso, lles sexan atribuídas con carácter temporal o permanente polas administracións competentes, mediante acordos ou calquera outro instrumento administrativo. O exercicio destas competencias poderá levarse a cabo directamente o a través da constitución de entes supramunicipais.

No caso das deputacións as competencias son as seguintes:

- Adoptarán as medidas oportunas para asegurar a colaboración precisa aos municipios na prestación do servizo de recollida e xestión dos residuos urbanos, incluíndoos como de carácter preferente nos plans de obras e servizos.
- Poderán contribuír economicamente na elaboración dos plans comarcais e locais de xestión de residuos, nos termos previstos na lexislación.

Por último a lei presenta como instrumento á Sociedade Galega de Medio Ambiente (Sogama) e define a súas funcións no artigo 10 da lei. Como función máis importante ten a xestión dos residuos sólidos urbanos a partir do seu depósito nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento, previstas no Plan de xestión de residuos urbanos.

Cómpre dicir aquí que, na nosa opinión, cando a lei fala das plantas de tratamento previstas no Plan refírese ás plantas de propiedade da Xunta ou de Sogama, aínda que todas as infraestruturas se deberían contemplar no Plan.

Outro aspecto relevante desta lei é a declaración dos principios que regularán as actuacións das administracións públicas. Desde o punto de vista deste traballo, o máis salientábel é o contido dos apartados b), c), d), e), i), onde se fala dos obxectivos de redución, recollida selectiva e valorización, coa búsqueda do máximo aproveitamento dos recursos que incorporan os residuos. Tamén define a necesidade de promover as infraestruturas necesarias para a xestión dos residuos producidos en Galicia.

Neste senso insístese nos artigos 13 e 14 na necesidade de facer unha recollida selectiva de todos aqueles compoñentes susceptíbeis de seren reutilizados ou reciclados, así como na separación, previa a outros tratamentos, daqueles compoñentes que sen seren recollidos selectivamente puideran ser obxecto de reciclado ou recuperación. No artigo 14 dise que todo residuo potencialmente valorizábel, deberá ser destinado o devandito fin.

Previamente á aplicación destes artigos, pensamos que é necesario facer unha análise do ciclo de vida das alternativas a aplicar a un territorio concreto, polas consecuencias ambientais e económicas negativas ás que puidese conducir unha interpretación maximalista. E non soamente hai que facer o estudo senón que tamén hai que considerar a situación actual da xestión de residuos e a posibilidade real de avanzar neste camiño.

2.1.2.4. Planificación da Xestión dos Residuos.

A lei no seus artigos 18 a 23 regula a planificación da xestión dos residuos. Os aspectos máis salientábeis con relación a lei estatal son tratados a continuación.

No marco da planificación autonómica ao que aí que engadir a lei galega con respecto a lei estatal, temos:

- a consideración, a efectos da coordinación administrativa, dun procedemento de integración, no seu caso, das entidades locais no plan.
- incorporación ao plan das directrices básicas ás que haberán de axeitarse as entidades locais na elaboración dos seus plans.
- os Plans serán de obrigado cumprimento para as Administracións públicas e particulares e constitúen un límite vinculante dos plans e de calquera instrumento de plan urbanístico, que deberán adaptarse ás determinacións dos plans de residuos.



- as infraestruturas contempladas nos plans de residuos son de interese público aos efectos da lei 10/95 de ordenación do territorio de Galicia.

Co relación ao exposto até agora hai que dicir que, a diferenza do plan estatal que ten que resultar da integración dos plans autonómicos, no plan autonómico non hai que integrar os plans municipais, senón que estes se deben adaptar aos autonómicos, sempre que sexan respectadas as competencias municipais, segundo a nosa interpretación da lei.

Ademais estes plans autonómicos poden afectar á redacción dos plans urbanísticos dos concellos, tal como se recolle nos artigos da lei.

No marco da planificación das entidades locais o máis salientábel con respecto a lexislación estatal é:

- Deberá respectar as directrices dos Plans autonómicos e o seu contido deberá ser o mesmo que o dos plans autonómicos, no marco do seu ámbito xeográfico.
- A Xunta determinará se debe someterse a avaliación estratéxica ou non.
- Deberá revisarse no prazo previsto no plan ou ben cando teña que se adaptar á normativa ou ás directrices do plan autonómico.

Por último a lei prevé os recursos económicos para o financiamento do plan: recóllense como tales, no seu artigo 29, os seguintes:

- As taxas e os prezos públicos das administracións locais e autonómica.
- Os prezos privados das empresas legalmente autorizadas para intervir na xestión dos residuos.
- Subvencións.
- Outros tributos.

Sobre este aspecto dedícase un capítulo posteriormente polo que non faremos máis comentarios aquí.

2.2. PRÁCTICA REAL DO MODELO COMPETENCIAL.

Neste apartado analizamos a situación actual na xestión dos residuos como resultado da aplicación das competencias das administracións desde finais do pasado século.

No ano 1992 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Proxecto de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia, elaborado pola Consellería de Ordenación del Territorio e Obras Públicas, no que se analizaba a problemática dos RSU e se deseñaba un Plan para resolvela.

Nesas datas tanto a recollida como a eliminación dos residuos eran feitas polos concellos, ben de forma individualizada ben a través de figuras asociativas e co apoio das deputacións e da consellería competente. Subvencións en diñeiro ou ben compra de contedores e camiós eran as axudas habituais aos concellos.

A recollida era maioritariamente dunha única fracción, que contía os residuos sólidos urbanos. Nalgúns vilas complementábase cunha recollida a domicilio de refugallos voluminosos e tamén comezaba a recollida selectiva de papel cartón e vidro.

O tratamento dos residuos reducíase á eliminación en vertedoiro, salvo as pequenas cantidades de papel cartón e vidro que se levaban a reciclar e algún intento de facer compostaxe nos municipios próximos a Narón (A Coruña), fracasados pola mala calidade do produto obtido.

O posterior plan de residuos urbanos de Galicia do ano 1998 facía unha axeitada descrición da realidade existente na xestión nese momento, dicindo: “a cobertura do servizo é precaria na maioría dos municipios rurais e nas áreas rurais dos municipios urbanos”, “... unha parte dos residuos son recollidos en recipientes abertos e bolsas de plástico ou se transporta en vehículos non específicos para este cometido ...”, “Non existe máis sistema de eliminación que o vertedoiro. Con excepción do de Santiago de Compostela ..., o resto dos vertedoiros municipais carecen de procedementos adecuados de xestión. A maioría deles non teñen cerramento, nin sistemas de control de accesos, non cobren nin compactan os vertidos, non teñen sistemas de drenaxe, non tratan os lixiviados, nin teñen sistema de recollidas de gases ...”, “Non adoitan existir ordenanzas municipais sobre recollida e eliminación de RSU. Nos casos que existen, redúcense a ordenanzas fiscais, cunhas taxas moi baixas que gravan fortemente ás facendas locais, á non repercutirse sobre os usuarios o custo total do servizo.”, “... balance económico ...adoita ser deficitario ... custos elevados e baixa calidade ... non se repercuten os custos...”.

E todo acontecía hai solo vinte anos, cun importante crecemento na xeración de residuos e coa certeza de que, faltando unha solución viábel á xestión dos residuos urbanos (e a de todos os demais tipos), os problemas de degradación do medio incrementaríanse notabelmente.

A avaliación dos criterios de xestión ao longo destes anos, coa súa incorporación na lexislación da Unión Europea e a súa transposición nas lexislacións nacionais e autonómicas, xunto cun progresivo cambio de mentalidade que supuxo unha maior sensibilización dos políticos e da sociedade cos problemas medioambientais, o que hai que engadir as axudas económicas procedentes de Europa, facilitaron un cambio na situación da xestión de residuos.

Así o Parlamento Galego aprobou a lei 10/97 de Residuos, na que por primeira vez obrígase aos concellos de máis de mil habitantes a facer recollida selectiva, entre outras medidas. Nese momento a lei manifestaba unha vontade de incorporarse aos criterios vixentes na Unión Europea. Pero era máis un desexo que unha posibilidade real, polo menos na súa totalidade, fundamentalmente debido a dificultades técnicas e económicas.

Nese mesmo ano o Parlamento español aprobou a Lei 11/97 de envases e residuos de envases que facilitará a posta en marcha da recollida selectiva e na que se prevén medios materiais así como económicos para o seu financiamento.

No ano 1998 aprobouse polo goberno da Xunta de Galicia o “Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos de Galicia”, onde se aplican os contidos da lei 10/97 de residuos de Galicia, así como os da Lei de Envase e Residuos de Envases 11/97, e os da Lei de residuos 10/98, e as directrices do V Programa de Acción Comunitaria en materia de medio ambiente.

Neste plan buscábase unha actuación integrada, apoiando un único sistema de recollida (en canto o número de fraccións diferentes a recoller) e un único sistema de tratamento para os materiais que non se fosen reciclar: a valorización enerxética.

Para a reciclaxe se planificaba recuperar envases, mediante a súa recollida selectiva, así como outros residuos como os eléctricos e electrónicos, ademais doutros plásticos e metais, a través dunha rede de puntos limpos. Tamén estaba prevista a das baterías usadas, sendo os seus centros de recollida as escolas, comercios e oficinas públicas.

Por último procederíase á valorización enerxética do non recollido selectivamente pero cun “derradeiro proceso de recuperación para a reciclaxe previo á elaboración do Combustible Derivado do Residuo”, que sería o que se valorizaría.



Ao mesmo tempo planificouse o desenvolvemento dun programa de rexeneración daqueles espazos degradados como resultado da explotación inadecuada dos vertedoiros (máis de 200 vertedoiros oficiais e máis de mil puntos de vertido incontrolado, de maior ou menor extensión).

O total do investimento previsto foi de 49.378 millóns de pesetas (IVE excluído), preto de 300 millóns de euros.

O Plan pretendía tamén fomentar o desenvolvemento de Consorcios e Mancomunidades co fin de acadar sinerxías que melloraran a eficiencia económica da recollida. Pódese dicir que nesta acción o éxito foi escaso.

O Plan facía da Sociedade Galega de Medio Ambiente o instrumento para o tratamento dos residuos, misión esta que a Lei de Residuos de Galicia 10/2008 confirmou.

Para aquelas Entidades Locais que preferiran pór en marcha os seus propios sistemas de tratamento o Plan establecía o seguinte: "... poden poñer en marcha outros sistemas, sempre que sexan compatibles cos principios establecidos no presente Plan de Xestión de RSU de Galicia ...", e se definía o procedemento a seguir polos municipios no caso de que quixesen aplicar un plan propio entre os períodos de revisión do Plan de RSU de Galicia.

Por último o Plan prevía a súa propia revisión pasados catro anos desde a súa elaboración, fixándose criterios adicionais que poderían motivar a súa revisión en períodos de tempo inferiores.

Nestes momentos hai xa redactado un novo Plan de Xestión dos Residuos Sólidos Urbanos de Galicia que está previsto que sexa aprobado no mes de novembro de 2010, despois da súa tramitación pública. Esta será a primeira revisión aprobada do Plan de 1998.

Co fin de obter unha visión da situación da recollida e tratamento de residuos en Galicia na actualidade, no próximo apartado ofrécense os resultados da aplicación do Plan do ano 1998.


2.3. FLUXOS XESTIONADOS: DESCRICIÓN XERAL

Comezaremos por determinar, de acordo cos datos existentes, os grandes números de produción de residuos en Galicia.

As cantidades producidas de residuos urbanos, segundo os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE), no ano 2007 foi de 1.404.915 toneladas, incluíndo residuos como vehículos fora de uso, da construción (totais), pneumáticos, etc , grupo que non imos considerar neste estudo e que se restamos do total, déixanos con 1.293.875 toneladas. Estes datos poden ser unha primeira aproximación a realidade.

Se consideramos os datos do Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020, que está en fase de tramitación para su aprobación no momento de escribir este traballo, a cantidade xerada dos devanditos residuos, elaborada a partir das levadas as instalacións para o seu tratamento, foi de 1.241.148 toneladas o que supón unha diferenza non moi elevada (3,41 %). No seguinte gráfico amósanse as diferenzas entre as estatísticas do IGE e as do novo Plan. Como se pode observar existe un proceso de converxencia dos datos o que indica unha aproximación das definicións utilizadas ou/e unha maior fiabilidade dos datos subministrados polos enquisados.

Gráfico 15: Producción de residuos segundo IGE e PXRUG.




Fonte: elaboración propia a partir datos IGE e PXRUG.

Outra interesante estatística elaborada polo IGE amosa as producións de residuos por municipios, sen incluír os sete máis grandes. Segundo esta estatística, os restantes municipios de Galicia acumularon 634.352 toneladas de residuos, no ano 2008, o que supón unha media de 0,80 Kg./hab./día nun intervalo que vai de 2,28 Kg./hab./día, en Foz, a 0,07 Kg/hab./día en Sarreus e unha desviación de 0,37 Kg/hab./día. Isto implicaría que as sete grandes cidades producen preto de 604.384,8 toneladas o que implicaría que a cada morador lle corresponden 1,67 Kg por día, número que podería ser unha boa aproximación da realidade..

No gráfico da xeración de residuos pódese observar unha estabilización na produción do total de residuos no 2008 e 2009, que pode ser o resultado da crise que comezou no ano 2008; este descenso na produción de residuos observouse en toda España. Se analizamos a variación porcentual das toneladas totais fronte a variación porcentual das toneladas xeradas por habitante e ano, segundo os datos do PXRUG (ver gráfico), a conclusión é que foron máis importantes os incrementos polo crecemento das achegas por habitante que polo crecemento da poboación, agás nos dous últimos anos nos que o efecto da crise foi moi significativo. Este feito concorda co vencello observado entre crecemento de renda e crecemento na xeración de residuos.

Gráfico 16: Variación porcentual de xeración de residuos (totais) e por habitante e ano.



Fonte: elaboración propia a partir datos PXRUG.



Podemos tomar estes datos como unha base de partida para o análise que faremos a continuación, aínda que cómpre manter as debidas cautelas sobre a bondade dos datos. Xa sabemos que unha das maiores carencias (coñecemento compartido coas administracións como se verá máis tarde) é a falta dunha adecuada estatística sobre a xeración e tratamento dos residuos.

Co fin de continuar coa determinación da situación de xestión dos residuos procedemos a descrición dos fluxos de residuos urbanos existentes e a súa situación actual de xestión, para o que os desagregaremos en cinco fluxos, facendo despois algunhas consideracións sobre a realidade da súa xestión e, se cadra, das fraccións nos que estes últimos se poden descompoñer.

2.3.1. Fluxos considerados.

Entre os principais fluxos considerados temos:

- 1 - Residuos de medicamentos caducados e envases de medicamentos.
- 2 - Moblaxe e outros trastes voluminosos
- 3 - Aparellos eléctricos e electrónicos
- 4 - Rebos de obras menores.
- 5 - Resto dos residuos domiciliarios ou similares
 - 5.1 - Envases lixeiros: de metal, brics, e de plástico.
 - 5.2 - Materia orgánica.
 - 5.3 - Vidro
 - 5.4 - Papel e cartón: incluíndo envases, prensa e todo tipo deste material.
 - 5.5 - Outros residuos reciclábeis de metal e plástico.
 - 5.6 - Baterías
 - 5.7 - Resto de residuos non incluídos nas categorías anteriores.

Dentro destes fluxos non están considerados os vehículos fora de uso, os pneumáticos e os aceites dos vehículos que teñen uns canles de recollida e tratamento moi específicos e que poucas veces se mesturan coa recollida municipal.

Pola outra banda, nos cinco fluxos descritos, aínda que en teoría teñen seus propios canles de recollida, mestúranse decote materiais que non lles corresponden, cousa aínda habitual cos residuos dos medicamentos, baterías, rebos de obras menores e pequenos aparellos eléctricos e electrónicos, que adoitan ser botados nalgunha das fraccións de residuos reflectidas do fluxo nomeado N^o5.

2.3.2. Xestión dos diferentes fluxos.

2.3.2.1. Residuos de medicamentos caducados e envases de medicamentos.

Estes residuos son separados nos fogares polos cidadáns e levados ás farmacias. Alí son depositadas nun pequeno contedor ou bolsa preparada con esa finalidade (Punto Sigre). Unha vez que o cidadán deposita os envases e restos de medicamentos no Punto SIGRE a distribución farmacéutica (COFAGA) recólleos (proceso de loxística inversa) e almacénaos en contedores estancos situados nas súas instalacións, desde onde un transportista autorizado os traslada até a Planta de Selección e Clasificación de Medicamentos.

Na planta de selección e clasificación de medicamentos situada en Cerceda (A Coruña) realízase a separación dos materiais de envasado que poden ser reciclados (papel e cartón, plástico, vidro) para a súa entrega a empresas de reciclaxe autorizadas que as incorporarán como materias primas nos procesos de fabricación de novos produtos.

Así mesmo, procédese a clasificar os restos de medicamentos segundo a súa tipoloxía e composición, de xeito que poidan ser entregados a xestores de residuos autorizados para o seu tratamento de acordo coa normativa vixente. A maior parte destes residuos son valorizados con recuperación enerxética.

Este sistema de recollida selectiva iniciouse en Galicia no ano 2001 cunha proba piloto na provincia de Ourense e a partir de 2002 firmouse o convenio coa Xunta de Galicia e desde entón está a funcionar de forma continuada.

As farmacias asociadas, onde se poden botar os residuos dos envases de medicamentos e os medicamentos caducados, mostran o seguinte símbolo:



2.3.2.2. *Mobiliario e outros trastes voluminosos.*

A recollida dos residuos voluminosos faise por dúas vías: a primeira consiste na recollida polos servizos dos concellos ben previa petición o ben baixando os trastes a rúa nas datas prefixadas polos servizos dos concellos. A segunda consiste en que o cidadán leve os trastes até un punto limpo.

Unha vez feita a recollida, o material pode ser reciclado (taboleiros de aglomerado) ou valorizado enerxeticamente.

En Galicia existe unha planta para tratamento dos residuos voluminosos en Cerceda (A Coruña), como resultado do previsto no Plan de Residuos Urbanos do 1998; aínda que unha parte dos voluminosos trátanse nela, a maioría deles seguen os canles doutros recuperadores que os levan ás fábricas do sector madeireiro.

2.3.2.3. *Aparellos eléctricos e electrónicos.*

A recollida dos aparellos eléctrico e electrónicos faise por tres vías:

- Recollida, como no caso dos voluminosos, polo concello.
- Recollida no punto limpo unha vez que sexa levado polo cidadán.
- Recollida polo vendedor dun novo aparello e envío a un centro de tratamento.

A porcentaxe dos aparellos eléctricos e electrónicos que teñen a consideración de voluminosos foi no ano 2007 o 73 % dos postos no mercado (Elaboración propia a partir datos MITYC).

Unha vez recollido selectivamente o aparello é enviado a planta de valorización onde se extraen os compoñentes perigosos e posteriormente os materiais reciclábeis son enviados ao reciclador (plásticos, metais). Os refugallos son levados o vertedoiro ou á valorización enerxética.

En Galicia na mesma planta de valorización dos voluminosos trátanse os eléctricos e se almacenan os electrónicos para o seu tratamento noutras instalación, fóra de Galicia. Naturalmente non todos os aparellos eléctricos lévanse a esta instalación xa que poden ser levados a outras fóra da comunidade, por cuestión de prezo. Así mesmo pola falta de control, moitos destes aparellos son tratados polos



ferralleiros tradicionais, que non son quen de garantir a extracción dos gases do efecto invernadoiro así como doutros gases contaminantes, e o seu adecuado tratamento posteriormente.

Segundo á información dos sistemas integrados de xestión de aparellos eléctricos e electrónicos a reciclaxe total no ano 2008 ascendeu a 296.842 toneladas (España).

Tras a elaboración dos datos do Instituto Galego de Estatística estimase a produción destes residuos, en Galicia, nunhas 23.925 Ton. Como no caso anterior non todos eles son recollidos neste fluxo.

2.3.2.4. Rebos de obras menores de construción e domiciliarias.

Nun principio o proceso de xestión iniciárase co depósito nun punto limpo destes residuos, sendo levados desde alí a unha planta de tratamento dos rebos da construción e demolición. Nesta instalación sepáranse os materiais reciclábeis tales como metais e o resto depositaríase nun vertedoiro de inertes.

Este tipo de residuos están definidos como aqueles de escasa entidade construtiva e económica e que no supoñan unha alteración do volume do uso das instalación e servizos de uso común ou do número de vivendas e locais, nin afecten o deseño exterior, a cimentación, estrutura ou condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase.

2.3.2.5. Resto dos residuos domiciliarios ou similares.

Nesta categoría temos os residuos, salvo as baterías, que constitúen os que deberían ser depositados nos contedores e iglús situados nas rúas.

Dependendo das fraccións deste grupo que sexan recollidas selectivamente, temos os diferentes modelos de recollida.

En Galicia, na actualidade, temos dous modelos de recollida que están estreitamente relacionados cos sistemas de tratamento existentes.

O primeiro é o modelo de recollida previsto no Plan de 1998, que podería denominarse “Modelo Sogama” e outro é o modelo utilizado pola Mancomunidade do Barbanza e polo Consorcio das Mariñas e máis o concello da Coruña, que aquí denominaremos modelo “Orgánico-Inorgánico”, segundo nomenclatura utilizada por algúns autores.

- Modelo Sogama: Neste modelo recóllense selectivamente algunha ou todas das seguintes fraccións:
 - o Papel e Cartón: Envases de papel o de cartón e tamén todo tipo de papel. Normalmente deposítanse nun contedor de cor azul.
 - o Vidro: Soamente envases de vidro de calquera cor. Normalmente deposítanse nun contedor de cor verde.
 - o Envases Lixeiros: Envase metálicos, envases de plástico y envases bric. Normalmente nun contedor de cor amarelo.
 - o Resto dos Residuos: inclúen o resto de residuos, salvo as baterías.
 - o Baterías: normalmente recóllense en lugares tales como comercios, escolas, centros públicos

- Modelo Orgánico-Inorgánico: Neste modelo recóllense selectivamente as seguintes fraccións:
 - o Papel e Cartón: Envase de papel o de cartón e tamén todo tipo de papel. Normalmente deposítanse nun contedor de cor azul, aunque poden existir recollidas específicas para os grandes xeradores.
 - o Vidro: Soamente envases de vidro de calquera cor. Normalmente deposítanse nun contedor de cor verde.
 - o Materia Orgánica.
 - o Resto dos Residuos: inclúen o resto de residuos, tamén os envases lixeiros así como outros reciclábeis, salvo as baterías.

O primeiro dos modelos é o máis estendido tanto polo número de habitantes que o utilizan como polo número dos concellos que o teñen establecido e polas toneladas de residuos xestionadas a través del. Hai que dicir aquí que os datos que se van dar a continuación consideran que todos os núcleos de poboación dun municipio teñen unha recollida selectiva efectiva, que non é o caso real. Pero dado que non hai datos recentes (os últimos son do ano 2000) sobre a situación real, preferimos facer esta hipótese para o cálculo dos indicadores de xestión.

Tendo en conta o anterior, os mencionados indicadores resultan ser os seguintes:

Táboa 17: Datos básicos sobre xestión de residuos en Galicia.

Modelo Sogama	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Cobertura do servizo Hab.Servidos*100/Poboación Total	82,78 %	57,97 %	100 %	100 %	100 %
Área de Influencia KM ² .Servidos/KM ² Totais	96,03 %	85,22 %	100 %	100 %	100 %
Toneladas de Residuos Recollidas	81,63 %	55,39 %	100 %	100 %	100 %
Modelo Nostián	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Cobertura do servizo Hab.Servidos*100/Poboación Total	14,04 %	34,28 %	0 %	0 %	0 %
Área de Influencia KM ² .Servidos/KM ² Totais	1,58 %	5,87 %	0 %	0 %	0 %
Toneladas de Residuos Recollidas	15,62 %	37,92 %	0 %	0 %	0 %
Modelo Barbanza	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Cobertura do servizo Hab.Servidos*100/Poboación Total	3,17 %	7,75 %	0 %	0 %	0 %
Área de Influencia KM ² .Servidos/KM ² Totais	2,40 %	8,91 %	0 %	0 %	0 %
Toneladas de Residuos Recollidas	2,75 %	6,69 %	0 %	0 %	0 %


Fonte: Elaboración propia. Noia inclúese en Barbanza. O modelo vertedoiro inclúese en Sogama.

O total de toneladas neste fluxo utilizadas, dadas as diverxencias das diversas fontes, é o considerado no Plan en tramitación e ascende a 1.241.148 Tm, das que 1.013.192 Tm son recollidas no modelo de recollida de Sogama e 228.056 Tm son xuntadas no de orgánico-inorgánico.

No que respecta á composición do residuo urbano xerado, pódese ver no gráfico seguinte, elaborado a partir das caracterizacións feitas por Ecoembes en Sogama das diferentes fraccións recollidas.



Gráfico 17: Composición da bolsa do lixo Sogama (todos os fluxos) 2009.



Fonte: Elaboración propia a partir varias fontes.

A descomposición cambia con respecto á incluída no Plan de Xestión de Residuos de Galicia e probablemente as cifras reais pódanse encontrarse entre ambas.

A continuación presentamos estes datos segundo as cantidades recollidas en cada unha das fraccións en cada modelo ou sistema.

Táboa 18: Tm de tipos de residuos por sistema de xestión.

Modelo	Total Residuo	Vidrio	Papel/ Cartón	Envases Lixeiros	Resto	Orgánico	Outros
Sogama	1.013.192	30.242	36.069	20.852	911.048	-	14.639
Nostián	193.869	5.868	8.098	-	120.874	56.187	2.842
Barbanza	34.187	1.620	1.111	-	20.527	10.428	501
Total	1.241.248	37.730	45.278	20.852	1.052.449	66.615	17.982

Fonte: Elaboración propia a partir diversas fontes de datos (cantidades en toneladas)

As cantidades reflectidas na táboa anterior inclúen aquelas cantidades de refugallos urbanos recollidos polos servizos municipais, pero non as cantidades xestionadas directamente polos centros comerciais e industriais.

Ademais das cantidades, para coñecer a eficacia da xestión, é necesario saber a calidade da recollida (a porcentaxe do material requirido nesa fracción con relación o total recollido, en peso) de cada fracción en que os residuos son recollidos. Esta calidade é resultado de diferentes factores como son:

- A sensibilización dos cidadáns e das autoridades locais.
- A existencia dunha adecuada infraestrutura de recollida.
- A existencia de información adecuada de maneira que o cidadán saiba onde ten que botar os seus residuos.

Polo tanto unha gran cantidade de impropios (material non solicitado en dita fracción) pode ser o resultado de carencias nun ou máis destes factores.

En xeral pódese dicir que as cantidades de impropios nas fraccións de vidro e papel cartón non son moi altas e rara vez chegan ao 5 % do peso das cantidades recollidas.


No caso dos envases lixeiros (contedor ou bolsa amarela), a situación é diferente xa que en Galicia a porcentaxe de impropios é dun 32 % (no ano 2009) cunha distribución, segundo as vilas das que procede a recollida, que amosa unha elevada dispersión. A media de impropios desta fracción, no conxunto de España é de 22,3 % sen considerar Madrid (que ten unas especiais características de recollida que desvirtúan este dato). Se se considerase Madrid, os impropios da recollida selectiva en Galicia estarían na media española.

A calidade da fracción orgánica recollida tampouco é boa xa que os impropios varían entre o 28,19% en Nostián e o 34,91% en Barbanza do peso das cantidades recollidas.

A Lei 10/98 de 21 de Abril de Residuos, establece a competencia das entidades locais para a xestión dos residuos e como servizo obrigatorio a recollida, o transporte e, polo menos, a eliminación dos residuos. Ademais posteriormente obriga á recollida selectiva nas vilas con máis de 5.000 habitantes, así como a obriga dos posuidores de residuos desta natureza de os entregar ás entidades locais.

No Título IV, "Instrumentos económicos na produción e xestión de residuos", determina que as Administracións públicas poderán establecer as medidas económicas, financeiras e fiscais adecuadas para o fomento da prevención, da aplicación de tecnoloxías limpas, da reutilización, do reciclado e outras formas de valorización..."

Exemplo de medidas desta natureza son similares aos que mencionamos anteriormente no caso de Cataluña, cando establece un canon sobre as cantidades enviadas ao vertedoiro, canon que posteriormente é repartido entre as entidades, co fin de fomentar a reciclaxe da materia orgánica.

A Lei 11/97 de Envases e Residuos de Envases, aplica o principio de responsabilidade do produtor do produto e se definen as condicións para a xestión dos envases que debe financiar, en calquera caso, dito produtor.

No caso de que os produtores non adopten un sistema de depósito e retorno, para o caso dos envases domésticos e dos comerciais que voluntariamente o decidan, será obrigatorio a formación de “sistemas integrados de xestión (SIX)” que, a través dunha empresa xestora de dito SIX, procederá nos termos establecidos na Lei á financiación da recollida selectiva dos envases.

A aplicación da Lei de envases e dos regulamentos posteriores que a desenvolven a levado á existencia de varios SIX de envases que son os seguintes:

- sistema integrado de xestión de envases lixeiros e de papel cartón xestionado por Ecoembalajes España, SA
- sistema integrado de xestión de envases de vidro xestionado por Ecovidrio que é unha asociación sen ánimo de lucro
- sistema integrado de xestión de envases de medicamentos e medicinas caducadas xestionado por Sigre
- sistema integrado de xestión de envases de produtos fitosanitarios

Os dous primeiros financian as recollidas selectivas levadas a cabo polas Entidades Locais da seguinte maneira:

- SIX de envases lixeiros e papel cartón:
 - o Caso de existir recollida selectiva de envases lixeiros (domésticos ou comerciais adheridos voluntariamente), o que denominamos modelo Sogama no caso de Galicia, a empresa xestora paga polas toneladas recollidas. O pagamento faise de acordo coas condicións firmadas entre a empresa xestora e comunidade onde se localiza a entidade. Os conceptos de pagamento e fórmulas de o realizar son as mesmas en toda España e adáptanse ás condicións de cada comunidade, tocante a niveis salariais, prezo do combustible e índice de inflación. Así mesmo para cada entidade concreta se teñen en conta o grao de ruralidade, a dispersión da poboación e o tipo de construción. Ademais tense en conta o tipo de contedor e sistema de recollida utilizada: contedor de tapa pechada ou aberta e así mesmo de carga lateral, carga posterior ou iglú. Por último págase a distancia até a planta de transferencia ou até a planta de tratamento. Dentro dos conceptos de pago inclúense os custos de amortización dos contedores e dos medios utilizados para a súa limpeza así como a amortización dos camións de recollida, gastos financeiros, ademais das operacións de explotación co respectivo persoal e instalacións necesario/as para ela. O anterior engádese unha porcentaxe de gastos de xestión en que poidan incurrir as entidades. Ao prezo resultante aplícase un incremento se a calidade do recollido é superior a unha porcentaxe de 90 % ou unha redución se a calidade é inferior ao 70 %, xustificándose pola diminución ou incremento da densidade respectivamente. Unha vez definido así o prezo unitario de pago dedúcese o custo de vertedoiro xa que, segundo a lexislación, hai que pagar o incremento dos custos respecto a recollida sen selección.
 - o No caso de non existir recollida selectiva de envases lixeiros pero si de orgánica, págase unha cantidade en función das toneladas de envase lixeiro recuperadas nas plantas de selección. E dicir, non se paga a recollida do total dos envases que van no contedor resto senón segundo o recuperado. As cantidades a pagar son o resultado do convenio, como no caso anterior.



- o Ademais se existe unha planta de tratamento do contedor resto e hai recollida de envase lixeiro selectiva, a empresa xestora paga unhas cantidades por peso de envase recuperado nas plantas, tamén fixadas nos convenios.
 - o Verbo do papel cartón, séguese o mesmo procedemento que no caso do contedor de envase amarelo, tendo en conta as variábeis rexionais e locais. A diferenza fundamental radica que no contedor onde se recollen os envases de papel cartón, tamén recóllese todo tipo de papel cartón e existe un acordo polo que, en relación ao peso total do recollido, o SIX financia o 40 %, cantidade atribuída ao envase doméstico e ao comercial voluntariamente adherido ao sistema. O sistema tamén financia outro tipo de recollida que é denominada “recollida porta a porta” e que se realiza en áreas de alta densidade comercial. Por último o sistema financia os envases de papel cartón (domésticos ou comerciais adheridos voluntariamente) recuperados nas plantas de resto, tanto nos casos nos que haxa recollida selectiva de envases lixeiros como nos casos nos que non.
 - o O sistema tamén financia, ora ás entidades locais ora á comunidade autónoma, o custo completos dos procesos de selección e clasificación realizado nas plantas de tratamento de envases procedentes da recollida selectiva, denantes do seu envío ao reciclador.
- Sistema integrado de envases de vidro:
- o Caso en que a empresa xestora fai a recollida directamente: neste caso a empresa xestora do SIX compra e coloca os contedores e procede a realizar as operacións de recollida e transporte até as plantas de tratamento.
 - o Caso que a entidade fai a recollida do vidro: neste caso a empresa xestora paga a entidade un prezo polos servizos de recollida que está incorporado no convenio entre a comunidade autónoma e a empresa xestora, tendo en conta as características das entidades locais. Tanto no caso de Ecoembes como no de Ecovidrio tamén colaboran nos custos de información do sistema, tanto en campañas de comunicación nos medios audiovisuais como en campañas nas escolas e diante doutros colectivos como amas de casa, sindicatos, etc...
 - o En total entre Ecoembes e Ecovidrio contribuíron ao financiamento da xestión de residuos en toda España con máis de 500 millóns de euros. En calquera caso convén lembrar que son os consumidores, cando compran o produto, os que pagan o custo da xestión dos residuos, se o financiamento levase a cabo por esta vía. A curto prazo é posíbel que as empresas non poidan trasladar este custo, pero a medio e longo prazo imponse a lóxica dos rendementos esperados do diñeiro que farán que o pago sexa traspasado ao consumidor.
- Sistema integrado de envases de medicamentos: neste caso non hai un pago directo da empresa xestora ás entidades locais (sacado algunha campaña de información) pero si un aforro nas cantidades que se integran no circuíto municipal xa que os envases adheridos a este sistema teñen o seu propio circuíto de recollida a través dunha fórmula de loxística inversa desde as farmacias. O total do recollido en España no ano 2009 foi de 3.360 Tm cun custo de xestión de arredor de 8,3 millóns de euros mais gastos indirectos. En Galicia recolléronse 212.321 Kg.
- Sistema integrado de produtos fitosanitarios: tampouco aquí hai un pagamento directo os municipios. Os consumidores dos fitosanitarios levan os residuos dos envases aos puntos

de recollida que poden estar situados nas instalacións dos distribuidores, nas cooperativas de subministro ou nos puntos de venda, ou ben entréganos directamente aos xestores e son levados ao tratamento. No ano 2009 recolléronse en toda España 2860 toneladas que representan o 47,3 % do producido. O custo da xestión ascendeu a 2,64 millóns de euros mais custos indirectos.

Posteriormente á publicación da lei de envases e residuos de envases e baseados no mesmo principio de responsabilidade do produtor publicáronse diversos decretos nos que se definían as responsabilidades dos produtores na xestión dos residuos xerados polos produtos por eles postos no mercado. Destes decretos cómpre salientar o que afectan ao financiamento das entidades locais que é o dos aparellos eléctricos e electrónicos, que comentamos a continuación.

O Real Decreto 208/2005 de 25 de febreiro sobre aparellos eléctricos e electrónicos, establece a obriga dos produtores deste tipo de produtos de se facer cargo da xestión dos residuos xerados polo seu fin de uso. Prevé a creación de sistemas integrados de xestión, similares aos previstos na lei de envases e residuos de envases, co fin de financiar a recollida e posterior tratamento destes residuos.

Actualmente funcionan nove sistemas integrados de xestión e un sistema individual (Andalucía).

Existe un dobre sistema de recollida selectiva, como xa explicamos anteriormente, a través dos comercios e mediante recollida polo municipio. Ora o municipio fai unha recollida no domicilio do veciño, ora este o leva a un punto limpo.

A partir de aquí a empresa xestora do sistema faise cargo dos residuos e condúceos á planta de tratamento para a súa reciclaxe.

As empresas xestoras dos SIX, segundo os convenios e acordos aos que chegan coas comunidades e entidades locais, pagan unha cantidade polas operacións de recollida en punto limpo.

Na actualidade os diferentes sistemas non funcionan adecuadamente nin polos pagamentos nin polo adecuado do tratamento que reciben os residuos. Segundo o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño a cantidade recollida en España de refugallos destes aparellos foi de 296.842 toneladas.

O Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, establece no seu artigo 20.4 que conforme ao previsto no apartado 1 anterior, as Entidades Locais poderán establecer taxas por calquera suposto de prestación de servizos ou de realización de actividades administrativas de competencia local, e en particular polos seguintes:

- s) Recollida de residuos sólidos urbanos, tratamento e eliminación dos mesmos, limpa de pozos negros e de rúas particulares.

Así mesmo, o artigo 24.2 da esta norma legal, ao tratar da cota tributaria, establece que en xeral, e consonte ao previsto no parágrafo seguinte, o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade non poderá exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsibel do servizo ou actividade de que se trate ou, no seu defecto, do valor da prestación recibida.

Para a determinación do dito importe tomaranse en consideración os custos directos e indirectos, inclusive os de carácter financeiro, amortización do inmovilizado e, no seu caso, os necesarios para garantir o mantemento e un desenvolvemento razoábel do servizo ou actividade da prestación ou realización obxecto da taxa, todo isto con independencia do orzamento ou organismo que satisfaga.



4.2.1.2. Normativa galega.

Xa, polo que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, encóntrase vixente a Lei 10/2008, de 3 de novembro, de Residuos de Galicia.

No capítulo II do Título I da Lei recóllense as competencias e obrigas municipais dos concellos e das deputacións provinciais. Os concellos están obrigados a xestión dos servizos municipais e, o que é especialmente importante desde o punto de vista do financiamento, a chegaren a acordos con quen produza residuos comerciais para a consecución da súa correcta xestión.

É dicir que neste caso os municipios non terían que prestar o servizo, sacado que lles conveña.

No que atangue ás deputacións, estas han incluír, con carácter preferente, nos plans provinciais de obras e servizos, os de colaboración precisa para os concellos atenderen o servizo de recollida.

Tamén poderán contribuír economicamente á elaboración e execución de plans comarcais e locais de xestión de residuos.

No seu artigo 10.a) dispón que lle corresponde á Sociedade Galega de Medioambiente (SOGAMA), Sociedade Pública participada pola Xunta de Galicia nun 51 % e por Unión-Fenosa nun 49 %, a xestión dos residuos urbanos des que sexan depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no Plan de Xestión de Residuos Urbanos, coas conseguíntes operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado de residuos.

O apartado b) do mesmo artigo dispón que tamén lle corresponde a xestión de aqueloutros residuos que figuren no seu obxecto social.

Esta xestión de residuos urbanos por Sogama lévase adiante a través do oportuno convenio de colaboración asinado entre cada concello que desexe adherirse e a Sociedade Pública. En 2009, dun total de 315 concellos galegos, encontrábanse adheridos 294, tocante á bolsa negra, que representan 2.308 millares de habitantes e 277, tocante á amarela, con 1.792 millares de habitantes.

A porcentaxe de residuos urbanos tratados por Sogama no ano 2009 ascendeu ao 82 % do total producido en Galicia; e, as toneladas xestionadas no ano 2007 foron as seguintes:

Bolsa negra.....	909.422
Bolsa amarela.....	17.883
Residuos de orixe animal....	375

En consecuencia do devandito, pódese afirmar que mentres a recollida de residuos urbanos realízase polos Concellos, xa sexa por si ou asociados, ou a través de institucións locais (Mancomunidades, Consorcios, etc.), case que a práctica totalidade do tratamento realízase por Sogama.

No artigo 29. Recursos económicos, recolle a lei que a xestión pódese financiar a través de:

- Taxas e os prezos públicos obtidos pola prestación dos servizos de xestión de residuos, recadados polas administracións municipal e autonómica.
- Subvencións asignados a xestores públicos e privados.
- Calquera outro tributo que se poida establecer para o financiamento das operacións de xestión de residuos.

No artigo 31 faise referencia aos axentes económicos responsábeis da posta no mercado de produtos que co seu uso se converten en residuos e, seguindo a lexislación básica, considera as mesmas alternativas (xestión propia ou participar nun sistema integrado de xestión, participar nun sistema de depósito, devolución e retorno), pero engade como terceira opción: “contribuír economicamente aos sistemas públicos de xestión de residuos, en tal medida que cubran os custos atribuíbles á súa xestión”.

Esta posibilidade xunto coa de establecer unha listaxe de produtos que deben escoller unha certa opción, abre un campo de actuación potencialmente elevado para diminuír os problemas financeiros dos municipios por mor da xestión dos residuos.

Estes son os instrumentos legais cos que contan os municipios e as comunidades para facilitaren o financiamento da xestión dos residuos.

4.2.2. A situación en Galicia.

4.2.2.1. Situación Xeral.

Imos analizar previamente o que Sogama cobra aos concellos pola xestión dos residuos e a continuación cal é a situación das taxas. Pero antes hai que dicir que a recollida selectiva de envases funciona no proceso de selección e clasificación, desde o punto de vista financeiro, de acordo co previsto na lexislación.

Así no ano 2009 os concellos, a Xunta e Sogama recibiron de Ecoembes un total de máis de 16,4 millóns de euros dos que case cinco millóns corresponderon á recollida selectiva de envases lixeiros, mais dun millón catrocentos mil euros á recollida de papel cartón, tres millóns á selección en planta de clasificación de envases, e máis de 5,3 millóns á recollida e selección de envase lixeiro a partir do contedor resto en recollida selectiva de orgánica. O sistema tamén pagou pola valorización enerxética e a comunicación e promoción máis de 1,5 millóns de euros. As achegas de Ecovidrio aos municipios de forma directa ou indirecta poderíase estimar nuns tres millóns de euros.

Estas achegas xunto coas taxas son as partidas orzamentarias que deberían cubrir os custos de xestión dos residuos urbanos dos municipios. Pero a realidade é outra. Así, considerando os diversos custos en que incorren os municipios galegos, sen considerar persoal de xestión e outros custos dos que falabamos no principio deste capítulo, temos no primeiro lugar o que Sogama cobra aos Concellos polo tratamento, que é un prezo idéntico para todos, con independencia da distancia que exista entre cada estación de transferencia, onde se lle entregan, e a Planta. Trátase de un prezo solidario cerca dos 54,7 €/t.; polo que o custo que lle representa a cada Concello ao sumarlle o da recollida e o do transporte até as estacións de transferencia pódese estimar nos 120 €/Tm, como mínimo.

A existencia de exencións ou bonificacións nos pagos a Sogama é moi excepcional e case que sempre limitada temporalmente, e a dispersión que existe nas contías das taxas entre concellos explica a ausencia de aplicación dos criterios sinalados no artigo 24.2 da Lei reguladora das Facendas Locais, á que se fixo referencia ao inicio deste apartado.

Pola outra banda tendo en conta que nun fogar con tres persoas que xeren ao redor de 1,226 Kg/hb/día -o que supón 1,342 Tm/ano por fogar-, a cantidade a pagar sería de 161 euros/ano, podemos comprobar o aserto que faciamos da realidade. En efecto, isto demóstrase ao analizar as cotas das taxas anuais das vivendas urbanas nos distintos concellos, resultando por provincias a seguinte:



Táboa 44: Cotas das taxas de recollida de lixo nas vivendas urbanas en Galicia.

Provincia	Media (€)	Importe máximo (€)	Importe mínimo (€)
A Coruña	62,27	112,00	12,00
Lugo	38,84	107,65	0,30
Ourense	43,66	100,00	25,00
Pontevedra	45,59	91,33	6,00

Esta circunstancia agrava o déficit que arrastran as corporacións locais, tendo realmente difícil solución, xa que un hipotético incremento nas taxas, ten que ser moi ben explicado aos cidadáns e require un acordo entre os partidos co fin de resolveren un problema real que non debe coñecer de cores políticas.

Para o financiamento da recollida e tratamento do lixo, os concellos contan coas taxas indicadas anteriormente así como cos transferencias feitas polos SIX firmados en convenio. Aqueles Concellos que non teñan implantadas taxas pola realización destes servizos, financiarán a parte non cuberta polos SIX co resto do orzamento corrente de ingresos; é dicir, con aquel outros ingresos correntes que non teñan a consideración de vinculados a gastos finalistas.


En Galicia, dos 315 concellos en que se divide o seu territorio, 301 teñen establecidas taxas por recollida de lixo. En xeral trátase de taxas específicas de carácter independente e cobradas de forma independente, aínda que se dan casos en que se cobran con outros consumos pero que teñen ordenanzas específicas. Entrementes no resto encóntranse incluídas con outras figuras tributarias, como por exemplo o abastecemento de auga ou o saneamento.

As taxas poden fixarse das seguintes formas:

- en función do uso e tipoloxía do inmovible, diferenciando se é rural ou urbano e, nalgúns casos, tendo en conta a superficie do local
- fixas: non se fai diferenza algunha entre os veciños. Normalmente aplícase en municipios pequenos
- progresivas: a taxa fixase como no primeiro caso pero se incrementa en función da renda (Vilagarcía de Arousa) ou en función do consumo de auga (Santiago de Compostela).

Salvo nestes dous últimos casos, nos que se intenta pór en relación o pago coa capacidade de xeración de residuo, non hai unha vinculación directa entre a taxa e a cantidade do residuo xerado. É evidente que as taxas non cumpren cun dos seus obxectivos (segundo o pensamento actual sobre os fines dos pagamentos pola xestión dos residuos): fomentar a redución da produción de residuos.


Gráfico 27: Casos fixación taxas.



Fonte: elaboración propia.

Os conceptos que cobren as taxas son variados e coa seguinte distribución en Galiza:

Gráfico 28: Porcentaxe de concellos con taxa de lixo e destino (Base:315).



En Ponteareas e na mancomunidade de Cangas do Morrazo existen bonificacións sobre as taxas cando se pode demostrar unha contribución importante e efectiva a recollida selectiva, para incentivar a recollida selectiva.




Outro aspecto a considerar é quen é o suxeito pasivo das taxas; aspecto importante polo efecto “non disuasorio” na produción de residuos que pode chegar a ter a taxa, en función de quen sexa dito suxeito pasivo. Así en 159 municipios é o propietario o suxeito da taxa, en 123 municipios é o beneficiario do servizo e en 4 municipios o suxeito pasivo é o titular do recibo de consumo de auga, non habendo especificado a situación en 15 concellos.

En canto as taxas por utilización dos puntos limpos o 22% dos municipios contan cunha taxa específica por ese servizo. Así 11 concellos na Coruña, 10 en Lugo, 40 en Ourense e 7 en Pontevedra. Dos 68 casos en que existe taxa de punto limpo, en 41 casos se cobra no mesmo recibo que a taxa de lixo.

Atendendo á distribución provincial, o número de concellos que teñen implantada taxa, son: 90 na Coruña, 64 en Lugo, 88 en Ourense e 59 en Pontevedra. Soamente carecen deste tributo: 4 concellos na Coruña, 3 en Lugo, 4 en Ourense e 3 en Pontevedra, que por decisión propia decidiron non implantalo. Destas cifras dedúcese co 95,6% dos concellos galegos teñen en vigor taxa por recollida de lixo.

Gráfico 29: Número de municipios con taxa de lixo por provincias.



Nembargante o tratamento con carácter específico só figura conceptualmente en 38 concellos. Os restantes conteñen recollida (entendida con carácter global) e algún dos outros por algún dos conceptos mencionados.

No que atinxe á prestación do servizo de recollida a meirande parte, aproximadamente o 60% dos concellos galegos teñen contratada a recollida de lixo con empresas privadas. Do 40% restante con servizo propio, o 44% teñen unha poboación inferior a 3.000 habitantes, e o 35% entre 3.000 e 6.000 habitantes. En concellos con mais de 60.000 habitantes a recollida faise con medios alleos nun 100%.


4.2.2.2. A situación nas vilas galegas do Eixo Atlántico.

Todas as vilas galegas do Eixo teñen taxa de lixo pero cunha variación moi acusada, e sacando as de Santiago de Compostela, Viveiro e Ourense, o resto están lonxe de chegaren á cantidade teoricamente necesaria por fogar para evitar o déficit do custo directo da xestión. Evidentemente isto ten que ser matizado coas toneladas xeradas, os sistemas de recollida, as frecuencias e outros parámetros que definen os custos.

A media das taxas é de 56,56 euros/Tm e o rango en que se moven sitúase entre 11,09 €/Tm e 107,65 €/Tm.

No seguinte gráfico pódese ver a distribución por rangos das taxas, sendo os valores mais frecuentes os comprendidos entre: 20 €/Tm e 29 €/Tm, 50 €/Tm e 59 €/Tm, 60 €/Tm e 69 €/Tm e 101€/Tm e 109 €/Tm cunha repetición de tres municipios en cada intervalo.

Gráfico 30: Taxa residuos.



Dada a situación de crise actual e en particular a situación financeira das entidades locais, parece ser necesaria unha actualización das taxas xunto coa racionalización dos servizos e a toma de medidas na aplicación da responsabilidade ampliada do produtor. Para isto último é mester unha actuación conxunta dos concellos xunto coa Xunta de Galicia, con vistas a axustaren os pagamentos aos custos completos de xestión e para localizaren as empresas que non aplican a normativa, dificultando o financiamento da xestión dos residuos. No capítulo de conclusións volveremos a falar sobre isto.

Na táboa 46 se inclúen as respostas dadas polos municipios galegos do Eixo a unha enquisa sobre as características das taxas. A continuación amosase unha táboa cos valores destas.

**Táboa 45:** Características das taxas de residuos nos concellos galegos.

Concello	Tipo de Tasa	Estrutura Tasa	Servizos Cubertos	Suxeitos pasivos	Tasa específica sobre uso punto limpo
A Coruña	Específica	Por tipoloxías	Recollida, tratamento	Propietarios	Non
Ferrol	Específica	Por tipoloxías	Recollida, tratamento	Propietarios	Non
Santiago de Compostela	Incluída noutra taxa (Auga)	Por tipoloxías	Recollida	Propietarios	Non
Ribeira	Específica	Por tipoloxías	Recollida	Propietarios	Non
Carballo	Específica	Por tipoloxías	Recollida e tratamento	Propietarios	Non
Lugo	Específica	Por tipoloxías	Recollida e trastes. Limpezas especiais	Usuarios	Non
Monforte de Lemos	Específica	Fixa	Recollida e trastes	Propietarios	Non
Sarria	Específica	Por tipoloxías	Recollida e outros	Titulares do recibo auga e propietarios	Sí (Non se aplica)
Viveiro	Específica	Por tipoloxías	Recollida	Propietarios	Sí (Específica)
Pontevedra	Específica	Por tipoloxías	Recollida resto e selectiva.	Propietarios	Non
Vigo	Específica	Por tipoloxías	Recollida e outros	Propietarios	Non
Vilagarcía de Arousa	Específica	Por tipoloxías	Recollida	Propietarios, usuarios.	Non
Lalín	Específica	Por tipoloxías	Recollida e outros	Propietarios, usuarios, industrias.	Non
Ourense	Específica	Por tipoloxías	Recollida , selectiva. Outros	Propietarios	Non
Verín	Específica	Por tipoloxías			Non
Barco de Valdeorras (O)	Específica	Por tipoloxías	Recollida e tratamento.	Propietarios, usuarios e industrias.	
Carballiño (O)	Específica	Fixa (viviendas) e por tipoloxías (empresas)	Recollida	Propietarios e usuarios	Sí

Fonte:elaboración propia.

Táboa 46: Precio medio das taxas de residuos nos concellos galegos.

Municipio	Taxa (€/Tn)
Carballo	54,50
Coruña (A)	66,86
Ferrol	52,68
Ribeira	21,45
Santiago de Compostela	104,13
Lugo	84,00
Viveiro	107,65
Sarria	56,60
Monforte de Lemos	11,09
Carballiño (O)	61,20
Ourense	100,00
Barco de Valdeorras (O)	74,28
Verín	25,00
Lalín	24,40
Pontevedra	18,60
Vilagarcía de Arousa	60,00
Vigo	39,00

Fonte:elaboración propia.

4.2.3. A situación en Europa.

Os sistemas de financiamento en Europa están a adquirir, de xeito progresivo, cada vez meirande complexidade, en particular polas posibilidades enunciadas nas directivas europeas e polas posteriores transposicións nas normativas de cada país. Xa vimos algún exemplo no caso español e galego coa normativa de envases e outros decretos.

Pero non soamente aumenta a complexidade polas posibilidades mencionadas de máis fontes de financiamento, senón tamén pola crecente ligazón entre os instrumentos usados, as cantidades xeradas de residuo e os diversos fluxos que os compoñen.

Os ingresos utilizados correntemente para o financiamento da xestión dos residuos son os seguintes:

- Taxas.
- Partidas de ingresos non vencelladas aos residuos.
- Prezos públicos pola prestación de servizos en competencia cos xestores privados cando a xestión non é de competencia municipal (refugallos comerciais e industriais).
- Venda de produtos (compost e outros materiais recuperados).
- Venda de enerxía e calor.
- Outros subsidios.
- Ingresos procedentes da aplicación do principio da responsabilidade do produtor, tema xa comentado amplamente. Na aplicación deste principio, como xa vimos, a participación das administracións pode ser desde a de autorizar soamente á de facer a xestión e repercutila no produtor do produto.



En canto a utilización das taxas e impostos faise, cada vez máis, baixo o principio do “contaminador-pagador” co fin de influír na conduta de empresas e fogares, tanto na liña de modificaren as súas pautas de produción e consumo como na de xeraren produtos menos contaminantes e con menos refugallo.

A aplicación dos anteriores instrumentos (taxas e impostos) pódese facer de moitas maneiras; aquí imos seguir a clasificación que fai a Asociación de Cidades e Rexións para o Reciclado e Xestión Sostíbel dos Recursos.

Segundo esta Asociación distínguense cinco subcategorías:

- Réxime impositivo xeral: baseado en impostos que conforman o orzamento xeral da entidade.
- Contribucións específicas: impostos deseñados para a recollida do residuo doméstico pero os ingresos procedentes del se incorporan ao orzamento da entidade sen obriga de ser aplicados á xestión dos residuos.
- Taxa fixa: cantidade calculada para cubrir o custo do servizo e que se cobra por igual aos veciños.
- Taxa variábel non relacionada coa cantidade producida dos residuos: cantidade diferente segundo determinados parámetros e que en conxunto serve para cubrir o custo do servizo. Como parámetros temos o tipo de inmovible, a súa superficie, o custo do aluguer...
- Taxa variábel relacionada coa produción de residuo: fixase en función do servizo e do seu custo pero basease en parámetros vinculados coa produción e a xestión dos residuos, como por exemplo o volume, mediante venda de bolsas o cubos, frecuencia da recollida ou peso do recollido (a través de sistemas de pesada electrónica).

Nos países de Europa aplícanse combinacións destes sistemas como a que se recolle na seguinte táboa:

Táboa 47: Precio medio das taxas de residuos nos concellos galegos.

IMPOSTOS E TAXAS UTILIZADAS	
Instrumento Principal	País onde é utilizada
Taxa ligada a produción de residuo	Austria, Bélxica, Finlandia, Alemaña, Luxemburgo; Suecia, Suíza
Taxa non relacionada coa produción de residuo	Bélxica, Francia, Holanda, Irlanda, España
Taxa Fixa	Bélxica, Francia, Dinamarca, Irlanda
Imposto Específico	Francia, Grecia, Italia, Portugal e España
Impostos Xerais	Reino Unido

Fonte: Asociación de cidades e rexións para o reciclado.

As taxas variábeis non son doadas de establecer xa que poden favorecer respostas dos cidadáns para evitalas, como xa acontecera hai uns anos en Cataluña onde deuse o “turismo das bolsas de lixo” cando as persoas no camiño do traballo deixaban noutros concellos o seu lixo. Para a súa introdución deben darse condicións previas tales como:

- Informar á poboación.
- Transparencia do sistema en custos e ingresos.
- Infraestrutura axeitada.
- Análise previo das consecuencias da súa implantación.
- Reforzo da inspección e dos sistemas de multas.
- Adaptación gradual das taxas.

Remataremos este apartado co afirmación de que, independentemente do tipo de taxa empregada, é necesario establecer sistemas de control da adecuación do servizo prestado, tanto en termos de calidade, como desde o punto de vista dos efectos ambientais e do custo do servizo, e informar dos resultados aos cidadáns.

Un exemplo deste control é o establecido nos Países Baixos denominado “Afval Monitor” alicerzado en:

- Medidas da protección do medio, a través da consecución dos diferentes obxectivos ambientais postos en relación cos obxectivos de xestión (Por exemplo: separación en orixe).
- Custos: identificación dos custos necesarios para dar o servizo e atinxir os obxectivos ambientais.
- Servizo prestado, en función da calidade técnica do servizo e a satisfacción dos cidadáns con el.

Como conclusións deste capítulo podemos extraer as seguintes:

- As administracións e os cidadáns están interesados no coñecemento dos custos da xestión dos residuos. No caso dos primeiros coa finalidade de planificar adecuadamente e de poder calcular as taxas a cobrar ao cidadán polo servizo e ao produtor do produto cando sexa responsábel do financiamento da xestión; no caso dos segundos para comprobaren que se fai unha correcta administración dos recursos que paga a través dos impostos, taxas e repercusión de conceptos como o punto verde ou similares.

É por isto polo que:

- É necesario establecer unha metodoloxía para calcular os custos de xestión dos residuos, facilitando as comparacións entre os diversos sistemas de xestión.
- Hai que implantar sistemas de recollidas de datos que permitan ter a información adecuada de cantidades xeradas por cada tipo de residuo así como obter os custos de xestión, unha vez establecida a metodoloxía de cálculo de custos.
- Hai que incluír na definición dos custos todos os conceptos, entre eles os do persoal das administracións así como aqueles custos de uso de medios que teñen prezo no mercado.
- Hai que ter ne conta os custos ambientais co fin de internalizalos, nos casos en que isto sexa posíbel e desde logo para a toma das decisións de xestión mais axeitadas.
- Debe procederse á busca das sinerxías na xestión dos residuos co fin de reducir os custos económicos e ambientais da súa xestión, mediante os acordos entre as administracións competentes.



- Cómpre coñecer con exactitude os custos porto que esa información permitirá unha mellor aplicación do principio de responsabilidade do produtor.
- Debe estenderse o pago de taxas que cubran os custos dos servizos.
- Os sistemas de financiamento da xestión dos residuos, entendida nun sentido amplo, deben ser un estímulo para reducir os compoñentes perigosos nos residuos e as cantidade xerada destes, en particular a través das taxas.
- Deben definirse sistemas de control do servizo tendo en conta súa eficacia e eficiencia económica e ambiental así como a calidade do servizo tanto desde o punto de vista técnico como na percepción cidadá.
- O veciño debe estar informado da xestión realizada, os custos e as razóns das decisións adoptadas.



5

ASPECTOS FINANCEIROS DA GESTÃO DE RESÍDUOS EM PORTUGAL

O sector dos Resíduos abrange a grande maioria das actividades económicas com influência decisiva na qualidade de vida das populações. Actualmente, cerca de 90% da população dispõe de sistemas de recolha, tratamento e de destino final de resíduos urbanos. Nos últimos anos tem sido desenvolvida uma intensa actividade de planeamento e de construção de aterros de resíduos urbanos de dimensão assinalável, bem como promovidas políticas de reutilização, reciclagem e valorização Baptista e Neves (2002).

Uma retrospectiva da situação portuguesa a nível de recolha, transporte e tratamento de Resíduos Sólidos Urbanos (RSU) nos últimos anos, mostra que houve uma melhoria significativa do nível de atendimento da população e dos serviços prestados. Para isso concorreram fundamentalmente dois factores:

- A alteração dos sistemas de gestão tradicionalmente municipais para sistemas intermunicipais e multimunicipais. A criação de empresas intermunicipais e multimunicipais permite uma visão mais abrangente e global dos problemas e a adopção de soluções técnicas de maior envergadura, passíveis de servir determinadas regiões independentemente de se localizarem em um ou mais municípios.
- A possibilidade de utilizar fundos estruturais que permitiram corporizar as soluções técnicas seleccionadas.

No estudo sobre o Mercado do Ambiente em Portugal Baptista e Neves (2002) referem que o sector do Ambiente tem já uma grande relevância para o desenvolvimento económico e social da sociedade portuguesa, especialmente através do subsector Água, seguido do subsector Resíduos. Em termos mundiais, o mercado do sector ambiental corresponde a cerca de 300 000 M€/ano, no domínio dos serviços e equipamentos para a prevenção da poluição, estimando-se que possa atingir os 600 000 M€ no ano 2010.

Os mesmos autores acreditam que os mercados Europeu e nacional do sector ambiental apresentam uma importância económica relevante. Em termos europeus, o mercado ambiental está avaliado em 100 000 M€, estimando-se um valor superior a 5 000 M€, até 2008, para o mercado nacional com predomínio da componente infra-estrutural. A partir de 2007 prevêem uma estabilização do mercado nacional em valores claramente acima dos 500 M€ anuais, com o predomínio da componente exploração, podendo atingir a médio prazo duas a três vezes este valor.

As áreas de valorização energética e orgânica e de tratamento dos resíduos, implicarão ainda significativos investimentos infra-estruturais no curto e no médio prazo e irão gerar receitas de gestão e operação no curto, médio e longo prazos. Estima-se que os investimentos infra-estruturais em realização no país totalizem 250 a 500 M€ (25 a 50 €/habitante) e que as correspondentes receitas anuais de gestão e operação possam atingir 430 M€ Baptista e Neves (2002).

A Estratégia Temática de Prevenção e Reciclagem de Resíduos estima que por cada 10 mil toneladas de resíduos recicladas sejam criados até 250 postos de trabalho, 20 a 40 caso sejam incineradas e apenas 10 caso sejam depositadas em aterros. O Relatório Anual do Sector de Águas e Resíduos em Portugal (2007) estima que a prestação de um serviço de “boa qualidade” pelas entidades gestoras em baixa (recolha indiferenciada e limpeza urbana) requer 2,5 a 3 empregados por cada 10 mil toneladas de resíduos processados.

A recolha e tratamento de resíduos implicam custos particularmente elevados, e a produção de resíduos é, por definição, uma perda de recursos (EEA, 2008). No entanto os resíduos são considerados não só um problema ambiental mas também um potencial recurso económico cuja recuperação pode acarretar vantagens económicas significativas. Esta mudança de paradigma é devida tanto à legislação como às forças do mercado, como bem ilustra o caso dos resíduos de embalagens.

O Relatório Anual do Sector de Águas e Resíduos em Portugal 2007 (IRAR, 2008b) e o Relatório de Acompanhamento do Plano Estratégico para Os Resíduos Sólidos Urbanos 2007-2016 (IRAR, 2008a) recomendam a criação de condições para o escoamento dos materiais reciclados tendo em conta a sustentabilidade económica do processo, enquadrado pela Estratégia Nacional para o Desenvolvimento Sustentável. Será expectável que os operadores determinem uma estratégia de actuação apoiada numa lógica de mercado e suportada por operações de marketing, na colocação dos seus “produtos”.

Esta melhoria dos serviços acarretou um aumento de custos que tendem a comprometer a sustentabilidade dos sistemas nomeadamente nas zonas rurais do interior do país onde o rendimento *per capita* é baixo (67% do PIB *per capita* de Portugal Continental em 2005) e onde as características geográficas e a organização territorial nomeadamente zonas montanhosas e de difícil acesso, baixas densidades populacionais e povoações pequenas e dispersas tendem a aumentam os custos de qualquer infra-estrutura, nomeadamente as de gestão de resíduos urbanos.

As despesas em que incorreram as autarquias com a prestação dos serviços de remoção, transferência e tratamento dos resíduos urbanos, limpeza e varredura urbana comparadas com as receitas obtidas com a cobrança aos utilizadores do serviço pela realização dessas tarefas indicam um défice tarifário com a gestão de resíduos.

Os resultados indicam que, entre 2002 e 2005, em média nos municípios do Norte de Portugal, a despesa com a gestão de resíduos urbanos aumentou 19%, com o défice a fixar-se em 4 243 956 €, em 2005, o que perfaz um défice acumulado entre 2002 e 2005 de 17 642 169 €. Nesse mesmo período de tempo, o défice com a gestão de resíduos urbanos aumentou de 25% para 31% dos custos das autarquias com a gestão de resíduos urbanos e limpeza urbana.

Segundo dados do Instituto Nacional de Estatística (INE), em 2005, a despesa com a gestão de resíduos representou, em média, cerca de 57,24% das despesas com o ambiente (Protecção da qualidade do ar e clima, Gestão de águas residuais, Gestão de resíduos, Protecção e remediação dos solos, águas subterrâneas e superficiais, Protecção contra o ruído e vibrações, Protecção da biodiversidade e da paisagem, Investigação e desenvolvimento e outras actividades de protecção do ambiente) e cerca de 3.58% das despesas globais dos municípios

Este défice dos Municípios com a gestão de resíduos urbanos motivou a encomenda pela Entidade Reguladora de Águas e Resíduos (ERSAR) de um estudo relativo à análise dos tarifários de serviços de gestão de resíduos urbanos em Portugal (IRAR, 2007b) tendo em vista a elaboração de um diagnóstico da situação e a definição de estratégias de recuperação de custos com este serviço. O estudo



indica que o custo anual médio do serviço de recolha, transporte e tratamento de resíduos urbanos para os municípios, em Portugal, é de 39,24 €/habitante/ano, 39,87 €/habitante/ano no Continente, 23,81 €/habitante/ano nos Açores e 27,31 €/habitante/ano na Madeira (Tabela 48).

Tabela 48: Custo do serviço de recolha, transporte e tratamento de resíduos urbanos dos Municípios (2007) (IRAR, 2007b).

Região	Custo (€/habitante/ano)
Continente	39,87
Açores	23,81
Madeira	27,31
Portugal	39,24

Estes valores traduzem um custo operacional médio dos municípios com o serviço de recolha indiferenciada (sistemas em baixa) e respectivo tratamento nas infra-estruturas de processamento dos sistemas de gestão em alta de 69 €/ton, oscilando entre um valor mínimo de 51,35 €/ton e máximo de 68,95 €/ton. O valor pago pelo serviço de recolha e transporte de resíduos indiferenciados, suportado directamente pelos municípios, foi em média de 71,8 €/ton, variando entre um mínimo de 58,48 €/ton e um máximo de 104 €/ton.

O custo médio da limpeza e varredura, por habitante servido, foi de 12,32 €/habitante.ano (Tabela 49), 12,41 €/habitante.ano no Continente, 7,47 €/habitante.ano nos Açores e 42,66 €/habitante.ano na Madeira (IRAR, 2007b).

Tabela 49: Custo do serviço de limpeza e varredura dos Municípios (2007) (IRAR, 2007b).

Região	Custos (€/habitante/ano)
Continente	12,41
Açores	7,47
Madeira	42,66
Portugal	12,32

O valor das tarifas pagas pelos municípios aos sistemas multimunicipais e intermunicipais em alta está sujeito a regulação económica da Entidade Reguladora de Águas e Resíduos (ERSAR), nos termos do Decreto-Lei n.º 362/98, de 18 de Novembro, alterado pelo Decreto-Lei n.º 151/2002, de 23 de Maio. É competência da ERSAR pronunciar-se sobre o valor das tarifas, a sua evolução e a correcta aplicação dos critérios para a sua fixação pelas entidades gestoras em alta.

5.1. FINANCIAMENTO DA GESTÃO EM ALTA.

As tarifas pagas pelos municípios e a compensação financeira da Sociedade Ponto Verde, pela sua intervenção na recolha selectiva, triagem, tratamento e encaminhamento dos resíduos de embalagens, são as principais fontes de financiamento das entidades gestoras dos sistemas em alta de resíduos urbanos.

As tarifas pagas pelos municípios aos sistemas são reguladas pela ERSAR, nos termos do Decreto-Lei n.º 277/2009, de 2 de Outubro. É competência da ERSAR pronunciar-se sobre o seu valor, a sua evolução e a correcta aplicação dos critérios para a sua fixação pelas entidades gestoras dos sistemas multimunicipais em alta.

A tarifa aplicada pelas entidades gestoras em alta aos Municípios destina-se a assegurar custos de investimento e de operação dos sistemas (incineradoras, unidades de tratamento mecânico e biológico e aterros), incluindo a actividade da recolha selectiva, bem como a adequada remuneração dos capitais investidos (IRAR, 2007a, 2008a). Estas tarifas, entre 2006 e 2007, sofreram um aumento médio de 1,6% (Tabela 50).

Em 2007, o valor médio das tarifas era de 29,54 €/ton, variando entre um mínimo de 15,52 €/ton, cobrado pela *Braval* – Valorização e Tratamento de Resíduos Sólidos, S.A. (Braga, Póvoa de Lanhoso, Vieira do Minho, Amares, Vila Verde e Terras de Bouro), e um valor máximo de 50,72 €/ton aplicado pela Águas do Zêzere e Côa (Aguiar da Beira, Almeida, Belmonte, Figueira de Castelo Rodrigo, Fundão, Guarda, Manteigas, Mêda, Penamacor, Pinhel, Sabugal, Fornos de Algodres, Gouveia, Oliveira do Hospital e Seia).

Tabela 50: Tarifas aplicadas pelas entidades gestoras de sistemas multimunicipais de gestão de resíduos urbanos (2006/2007).

Empresa	2006 (€/ton)	2007 (€/ton)	2009 (€/ton)
Zêzere e Côa	50.72	50.72	n.d.
Algar	32.36	34.51	32.17
Amarsul	22.11	19.89	19.89
Braval	14.82	15.52	16.39
Ersuc	19.46	17.58	19.00
Rebat	37.27	34.56	32.75
Resat	37.77	35.45	35.54
Residouro	40.34	38.75	41.30
Resioeste	37.70	39.60	38.49
Resulima	22.61	21.66	18.06
Suldouro	16.44	21.80	17.00
Valnor	28.68	28.37	29.40
Valorlis	27.27	30.17	30.50
Valorminho	26.09	32.62	28.36
Valorsul	22.07	21.97	22.86
Média	29.05	29.54	27.27

O custo operacional médio suportado pelas entidades gestoras em alta ascendeu a 27,27 €/ton, oscilando entre um valor mínimo de 16,39 €/ton e um máximo de 41,30 €/ton. A diferença entre os custos operacionais e as tarifas aplicadas (Tabela 50) permitiu que o conjunto das entidades gestoras apresentasse um resultado líquido de 10 milhões de euros, muito importantes para assegurar a remuneração dos accionistas, bem como os juros da aplicação financeira e a renovação do equipamento.

As entidades gestoras dos sistemas multimunicipais e municipais, responsáveis pela recolha multi-material e triagem dos resíduos de embalagens, são peças fundamentais do Sistema Integrado de Gestão de Resíduos de Embalagens (SIGRE). Estes fluxos são recolhidos, transportados e encaminhados para a estação de triagem onde são submetidos a um processo de separação prévia e triagem (manual e /ou automática), após a qual são expedidos para a SPV, que por sua vez os encaminha para as unidades de valorização.

O valor de contrapartida, pago pela Sociedade Ponto Verde (SPV), por cada tonelada de resíduos de embalagens recolhida, corresponde à compensação financeira devida às entidades gestoras dos sis-



temas multimunicipais e municipais pela sua intervenção na recolha selectiva, triagem, tratamento e encaminhamento dos resíduos de embalagens para valorização, reciclagem ou destino final.

O modelo de cálculo do valor de contrapartida assenta na eficiência dos sistemas e no seu potencial de capitação, através da incorporação de vários patamares de diferenciação de capitações de retoma e que se aplicam de forma diferenciada por tipo de material de resíduos de embalagens urbanos. Este modelo consta do Anexo II do Despacho n.º 10287/2009, 20 de Abril de 2009, relativo à Alteração à licença concedida à Sociedade Ponto Verde em 7 de Dezembro de 2004.

Ou seja, os valores de contrapartida (Tabela 51) são fixados com base nas capitações [kg/(hab.ano)] de retoma dos materiais provenientes da recolha selectiva, premiando as EGS com melhores performances *per capita*.

Tabela 51: Valores Contrapartida de referência pagos pela Sociedade Ponto Verde.

Material	kg/(hab.ano)			(€/ton)		
	X1	X2	X3	P1	P2	P3
Vidro	14,3	24,5	40,8	35	48	60
Papel/Cartão	8	10	15	135	151	166
Plástico	2,1	3,6	15,3	770	823	876
Aço	0,4	0,7	4,1	600	644	688
Alumínio	0,02	0,04	0,86	766	1 016	1 283
ECAL	0,3	1,8	3,0	770	823	876

Neste modelo os **X** representam as capitações de cada patamar e os **P** representam as contrapartidas financeiras correspondentes (Valor Contrapartida). Onde, **X1** corresponde à média de retoma em 2007, aplicada a todo o território nacional e excluindo os valores nulos; **X2** é a função da capitação necessária para o cumprimento da directiva para 2011, por material e globalmente; **X3** corresponde ao valor potencial de embalagens colocadas no mercado (**X** representa o quociente entre o mercado potencial para cada material e a população).

Onde, **P1** é calculado de forma a igualar os montantes totais pagos pela SPV, através dos métodos de cálculo utilizados no período de 2004 a 2007, sendo que se limitou este valor a um mínimo igual ao valor anteriormente pago à T3; **P2** corresponde à interpolação linear entre o P1 e P3, para evitar casos em que P2 seja maior que P3; **P3** é um valor fixo no modelo, correspondendo ao valor de contrapartida (VC) pago anteriormente pela SPV aos sistemas da tipologia T1.

As entidades gestoras de instalações de incineração e aterros sujeitos a licenciamento da Autoridade Nacional de Resíduos ou das Autoridades Regionais de Resíduos, conforme estabelecido no Artigo 58.º do Decreto-Lei n.º 178/2006, de 5 de Setembro, estão obrigadas ao pagamento de uma taxa de gestão de resíduos - 1 €/ ton incinerada e 2 €/ton confinada - para compensar os custos do acompanhamento das respectivas actividades e estimular a redução do confinamento de resíduos em aterro e aumentar a sua valorização.

5.2. TARIFAS COBRADAS AOS UTILIZADORES DO SERVIÇO.

As tarifas de gestão de resíduos urbanos cobradas pelos municípios aos utilizadores do serviço (municípios) para suportar a gestão dos resíduos urbanos (recolha, transporte, tratamento e eliminação) assumem grande variabilidade, quer na sua forma de indexação, quer nos montantes cobrados, mas, de uma forma geral, estão desadaptadas das reais necessidades, não suportando os custos reais associados à gestão dos resíduos.

Uma das principais razões para este desequilíbrio assenta na diferença entre as despesas (52,31 €/edif.) e receitas (16,45 €/edif.) anuais, por edifício de habitação familiar clássica, que se traduz num défice anual de 35,8 €/edif., suportado pelas autarquias. O indicador relativo aos alojamentos familiares clássicos aponta despesas anuais de 44,64 €/aloj. e receitas de apenas 14,04 €/aloj., ou seja, um défice anual de 30,60 €/aloj., igualmente suportado pelas autarquias.

A Análise dos tarifários de serviços de gestão de resíduo urbanos em Portugal em 2005 (IRAR, 2007b) identificou 47 Municípios que não cobravam qualquer tarifa de gestão de resíduos. Em 2007, o Relatório do acompanhamento do PERSU II (IRAR, 2008a) refere que em 40 municípios não era cobrada qualquer tarifa, em 211 municípios eram praticados tarifários indexadas à factura da água e em 31 municípios eram praticam tarifários indexados a outras variáveis.

Os sistemas tarifários mais comuns são os dependentes da factura da água (servem 8,4 milhões de habitantes), destacando-se os que são compostos por uma componente fixa - relativa à disponibilidade do serviço - e outra variável - relativa à utilização do serviço. No caso de tarifa indexada ao consumo de água, e para um consumo anual de 120 m³, o encargo suportado pelos utilizadores com a prestação destes serviços é muito variável, embora em mais de 75% dos concelhos seja inferior a 50 euros/ano. Os outros sistemas existentes baseiam-se em variáveis como a frequência da recolha (12 Municípios), as características rurais ou urbanas do local (13 Municípios) e o modelo de deposição/recolha ou a área da habitação (IRAR, 2007b e 2008a).

A (Tabela 52) indica a despesa anual com o serviço público de gestão de resíduos, para utilizadores domésticos com consumos anuais de água de 60 m³, em 2007, nos municípios do Eixo Atlântico. Indica também o ranking dos Municípios, ao nível nacional e da região Norte, relativamente à tarifa cobrada aos utilizadores domésticos do serviço de gestão de resíduos urbanos.

Tabela 52: Tarifa anual do serviço de gestão de resíduos urbanos, para utilizadores domésticos com consumos anuais de água de 60 m³ (2007).

MUNICÍPIO	TARIFA (€/ano)	POSIÇÃO (NACIONAL)	POSIÇÃO (NORTE)
Barcelos	44.16	20	9
Braga	30.00	60	22
Bragança	36.00	36	12
Chaves	27.00	91	29
Guimarães	21.00	137	39
Lamego	15.00	185	52
Macedo de Cavaleiros	24.00	108	35
Matosinhos	28.80	83	26
Mirandela	30.00	60	22
Penafiel	60.00	4	3
Peso da Régua	12.00	207	58
Porto	28.20	86	28
Viana do Castelo	30.66	58	20
Vila do Conde	34.20	43	14
Vila Nova de Famalicão	55.80	7	6
Vila Nova de Gaia	30.00	60	22
Vila Real	32.52	52	16

O facto de a maioria das autarquias e entidades gestoras em baixa não estar completamente integrada no modelo de regulação da ERSAR é um dos principais motivos pelo qual o sistema de colecta de receitas junto dos utilizadores do serviço não lhes permite recuperar a totalidade dos custos com



a prestación do servizo de recolla, transporte e tratamento de residuos urbanos. Se por un lado a adhesión ao sistema tarifario da ERSAR permitirá repercutir nas tarifas municipais o verdadeiro custo do servizo, por outro será responsable polo aumento, moitos casos, en máis de 100% do valor de referencia das tarifas. Neste contexto, prevé-se que “motivos eleitorais” sejam num futuro próximo a principal “resistencia” das autarquias en repercutir os reais custos do servizo nos utilizadores do servizo (municipes).



6

O FUTURO DA XESTIÓN DE RESIDUOS EN GALICIA

A evolución da xestión dos residuos sólidos urbanos vén condicionada polas liñas definidas pola normativa europea así como as definidas nos diferentes “programas de acción comunitarios en materia de medio ambiente”.

En particular condicionan as actuacións a directiva 1999/31/CE relativa o vertido de residuos así como a directiva 2008/98/EC sobre residuos, coñecida como directiva marco de residuos.

O anterior hai que engadir a lexislación de cada país (e o xeito en que as mencionadas directivas son traspostas nela) así como os Plans nacionais de residuos. No caso de España hai que sumar ademais os efectos das lexislacións e dos seu Plans de residuos autonómicos.

Unha vez establecidas as diferentes liñas de actuación a partir do análise realizado dos diferentes documentos mencionados, temos que considerar os condicionantes existentes para a súa aplicación así como as accións de diversa natureza que, levadas a cabo polas autoridades autonómicas e os municipios, poden facilitar a devandita aplicación. Estas actuacións poden ser tanto de tipo político como técnico.

A continuación imos facer unha relación dos aspectos esenciais contidos na directiva marco de residuos e outros documentos publicados pola Unión Europea cara a xestión dos residuos sólidos urbanos, sempre desde o noso punto de vista.

Feito isto, faremos un estudo independente do marco español e galego, por unha parte e do portugués por outra parte.

6.1. O MARCO EUROPEO.

6.1.1. A directiva marco de residuos.

A directiva marco europea parte duns principios entre os cales os máis salientábeis pola súa influencia no tema que estamos a tratar son os seguintes:

1. O principio de que quen contamina paga.
2. A xestión dos residuos débese facer coa garantía dun alto grao de protección ao medio e á saúde humana, tanto polo produtor como polo posuidor.
3. A ampliación da responsabilidade do produtor no deseño e na produción de bens, que han de ter en conta e facilitar o uso eficiente dos recursos ao longo do todo o seu ciclo de vida, sen devir porén unha ameaza á libre circulación dos bens no mercado interno.
4. O de precaución e da acción preventiva.
5. Autosuficiencia, dentro da Unión Europea, para a eliminación e recuperación dos residuos e facilitar cos estados membros pódanse alcanzar individualmente ese obxectivo.

Nos artigos da directiva estes principios son explicados e matizados. Téndoos en conta, a directiva establece unha serie de obrigas encamiñadas a consecución do seu obxectivo principal que é o de conseguir que a UE pase a ser unha sociedade da reciclaxe, definindo tal sociedade como aquela que cumpre dous criterios: a procura da non xeración de residuos (prevención) e utilizarmos os residuos como recursos.

Con este obxectivo establececese un instrumento que non é outro que a planificación axeitada da xestión dos residuos tendo en conta os “impactos ambientais da súa xeración e xestión”.

Para a realización desa planificación a directiva establece uns criterios de ámbito xeral cando define accións a levar a cabo para a aplicación das políticas de prevención e de xestión dos residuos.

Finalmente configura as medidas a emprender co fin de facilitar a aplicación dos criterios xerais.

A continuación expoñemos aqueles artigos da directiva que, na nosa opinión, teñen unha maior incidencia na xestión realizada polos municipios:

Artigo 4º: establece as prioridades a aplicar na prevención e xestión dos residuos, considerando que no primeiro lugar está prevención da xeración e dos perigos dos residuos. Unha vez que os residuos sexan producidos o primeiro destino debe ser a súa reutilización e senón a súa reciclaxe. O seguinte chanzo é a valorización enerxética e como derradeira alternativa o vertido.

Pero a directiva prevé que, no caso de que sexa xustificable mediante unha análise do ciclo da vida, nun determinado fluxo de residuos pódese evitar a aplicación desta xerarquía.

Esta matización, xunto coa necesidade de ter en conta os principios de precaución, sostibilidade, posibilidade técnica, viabilidade económica, protección dos recursos e do medio ambiente, saúde humana, así como os económicos e sociais segundo os artigos primeiro e décimo terceiro da directiva, resulta esencial para definir as políticas de xestión e en particular nas súas fases de recollida e tratamento.

As circunstancias específicas das diferentes rexións, comarcas e municipios, tanto no seus aspectos sociolóxicos e xeográficos como produtivos, determinarán as políticas máis axeitadas para a xestión dentro do marco desta directiva.

Artigo 8º: establece a responsabilidade do produtor na xestión dos residuos xerados despois da utilización dos seus produtos incluíndo a responsabilidade financeira na que incorre pola dita xestión.

Este artigo é un dos que ten máis importancia para os concellos xa que é o consumidor, de forma indirecta (non mediante taxas,) quen finanza a xestión de determinados fluxos (ou fraccións) sexa de quen sexa a competencia legal da xestión.

Neste sentido o artigo 14º, dedicado aos custos de xestión, ademais de establecer que estes, de acordo co principio do “quen contamina paga”, teñen que ser soportados polos produtores orixinais do residuo o polos posuidores, engade: “os estados membros decidirán se os custos de xestión dos residuos serán soportados total o parcialmente polos produtores dos produtos dos que o residuo provén, e se os distribuidores deben soportar parte deses custos”.

Artigo 10º: nel establececese a obriga dos estados membros para garantir que sexan levadas actuacións de valorización e que para facilitar ou mellorar dita valorización: “os residuos recolleranse separadamente se é viábel técnica, ambiental e economicamente, e non serán mesturados con outros residuos ou materiais con propiedades diferentes”



Nesta liña no artigo 11º “Reutilización e reciclado”, a directiva establece que “os estados membros deberán adoptar medidas para promover a reciclaxe de alta calidade e que, con este fin, deben establecer a recollida selectiva de residuos, onde sexa viábel, técnica, ambiental e economicamente e apropiada para atinxir os estándares de calidade necesarios para os sectores de reciclaxe relevantes”, e engade a continuación: “suxeita ao artigo 10º, establecerase a recollida selectiva para polo menos as seguintes fraccións: papel, metais, plástico e vidro”.

Neste mesmo artigo fíxanse obxectivos de reciclaxe e reutilización cara ao ano 2020. Segundo este artigo débense recuperar polo menos o 50 % en peso de materiais tales como o papel, metais, plástico e vidro de orixe doméstica e similar.

Hai que facer notar aquí que, aínda que a directiva na súa exposición de motivos fala da recollida selectiva do “bio-waste” ou residuos de natureza orgánica, no seus artigos non establece a obriga de facela nin fixa obxectivos de valorización desta fracción. Con todo no artigo 22º obrigase aos estados membros a adoptaren medidas que fomenten a recollida selectiva de residuos orgánicos, coa finalidade de acadar seu compostaxe e dixestión.

Non hai que subliñar a importancia destes dous artigos para os concellos, pola súa repercusión nos procesos de recollida, tanto desde o punto de vista da súa loxística, como dos custos económicos que implica así como os da formación dos cidadáns.

E hai que salientar o tema dos custos porque aínda que a directiva abre a porta a financiaren os produtores as operacións, o modo en que nas lexislacións nacionais se faga sexa a transposición determinará a súa viabilidade real e a súa capacidade para cubrir por enteiro os custos de xestión.

Nos artigos 28, 29, 30, 31, 32 e 33 incluídos no capítulo V de Plans e Programas recóllense as obrigas dos estados membros relativos aos Plans de residuos, coa definición tanto do seu contido como das fases de elaboración, a fixación das datas en que deben ser presentados ás autoridades comunitarias, os períodos de avaliación e revisión (cada seis anos como máximo), a participación pública na súa elaboración e o seguimento e a información que ha de ser subministrada polos estados verbo destes plans.

Neste caso a influencia nos concellos galegos deriva dos plans autonómicos aos que os plans municipais deben adaptarse.

Existen outros artigos da directiva de grande importancia pero que afectan máis ás administracións autonómicas e á administración central do Estado, xa que a súa repercusión depende do modo no que a lexislación nacional e autonómica prevexa a súa aplicación.

En resumo, a Directiva Marco de Residuos, no seu obxectivo de alcanzar unha sociedade da reciclaxe, incrementou as súas esixencias tanto aos estados como aos municipios; no caso español polas competencias legais destes, en particular na recollida e nalgúns municipios polo tratamento a dar aos residuos.

Tamén o fixo no caso dos produtores coa “responsabilidade ampliada do produtor” que, pola outra banda, debería facilitar as tarefas dos concellos desde o punto de vista económico.

Pero será, en suma, a transposición da directiva na lexislación española a que determinará os efectos que sobre a xestión municipal dos residuos terá esta.

6.1.2. Outra normativa europea.

A directiva marco completase con outra normativa específica que regula os diferentes sistemas de tratamento que se aplican aos distintos tipos de residuos e en particular aos residuos sólidos urbanos. Podemos considerar as máis salientábeis desas normas a Directiva 99/31/CE de vertido de residuos. A importancia desta directiva, destinada a previr ou reducir os efectos ambientais negativos dos vertidos de residuos, e en particular polo que respecta ás augas superficiais, ás subterráneas, aos solos, á atmosfera e á saúde humana, reside nos límites que nela se para o vertido de materia orgánica sen estabilizar. Así no seu artigo 5 determina as diferentes datas límites así como as máximas cantidades de residuos biodegradábeis que poden ser levados a vertedoiro sen tratamento previo. Para o ano 2014 soamente un máximo dun 35 % dos residuos biodegradábeis que en 1995 foron levados a vertedoiro poderanse levar dito ano (en peso). No mesmo artigo se prevé unha posíbel demora de 4 anos no caso que no país membro, no ano 1995, fosen levados máis do 85 % dos residuos o vertedoiro. No artigo 6 obrígase a que os residuos antes do seu vertido teñan que ser tratados.

É claro que estes artigos van ter que mudar a xestión dos residuos que se está a facer en Galicia, en particular porque nestes momentos unha gran parte dos residuos van directamente ao vertedoiro de Cerceda, sen unha estabilización ou un tratamento previos e, polo tanto, non se está a cumprir o criterio de verter un máximo do 35 % en peso da materia biodegradábel (sen tratamento).

As actuacións necesarias para cumprir con esta directiva terán que ser levadas a cabo pola comunidade autónoma e polos municipios e o financiamento destas actuacións serán unha obriga dos municipios, que deberán utilizar os instrumentos legais existentes para acadar os recursos necesarios para esa finalidade.

Outra Directiva 94/62/CE de envases e residuos de envases, considera aos residuos de envases, xa que a pesaren de estar incluídos dentro dos RSU teñen unha lexislación específica. Nela se definen os produtos que se poden considerar envases e se establecen obxectivos cuantitativos que os estados membros deben alcanzar nuns determinados prazos. Neste caso, a directiva xa modificou a recollida das entidades municipais e agora a súa influencia no futuro ven dada polas modificacións que a directiva marco de residuos, na súa transposición á lexislación española, poda determinar. Tamén, si se fixan novos obxectivos de reciclado ou valorización dos envases, poderíase afectar ao futuro da xestión municipal.

Existen outras directivas que afectan á xestión dos residuos, tales como a directiva 2000/76/CE relativa a incineración dos residuos, cun carácter marcadamente técnico. A tendencia cara ao futuro neste eido virá dada pola elección de alternativa para o tratamento dos residuos e fundamentalmente nun plan de custos.

6.1.3. Outros documentos europeos.

Existen outros documentos europeos que tamén poderían influír no futuro da xestión dos residuos, principalmente polo seu contido indicativo, nalgún caso normativo, do camiño que se pretende recorrer na Unión Europea no terreo do tratamento dos residuos.

Así temos a comunicación da Comisión de 21 de decembro de 2005 “Un paso adiante no consumo sostíbel dos recursos” (COM(2005) 666).

Nesta comunicación establécense orientacións e descríbense medidas destinadas a diminuír as presións sobre o medio, derivadas da produción e xestión dos residuos. O enfoque da Comisión, que



contempla o ciclo de vida total do produto, é dirixido a considerar o residuo non soamente como unha fonte de contaminación, senón tamén como unha fonte de recursos a seren explotados.

A estratexia subliña a necesidade do fomento da recuperación e da reciclaxe. Non marca obxectivos cuantitativos, mais enuncia diversas vías para o pulo da recuperación e reciclaxe dos residuos biodegradables.

Como se poder observar estas liñas de pensamento son unha constante na materia. Xa que logo podemos falar dunha doutrina estábel da Unión Europea.

Outro documento a ter en conta e a comunicación titulada “Libro Verde da Comisión Europea sobre a xestión dos biorresiduos na Unión Europea” (COM(2008) 811final)

Neste documento faise unha diferenciación entre biorresiduos e residuos biodegradábeis. Así mesmo inclúe, xunto cos RSU e residuos asimilábeis, os restos da poda.

O Libro Verde fai unha análise dos diferentes tipos de xestión existentes (recollida selectiva, tratamentos biolóxicos, valorización enerxética, vertido), do uso deste tipos de xestión por parte dos estados da Unión, do seu impacto sobre o medio, a saúde, o emprego e a economía, así como dos instrumentos xurídicos existentes que están a regular a xestión.

Considera que o impacto ambiental dos diferentes sistemas de tratamento depende de factores locais tales como a composición dos residuos, as condicións climáticas ou o potencial de utilización dos produtos reciclados o recuperados.

Conclúe que os beneficios do sistema de xestión elixido dependen nunha gran medida do seguinte:

- A cantidade de enerxía que se pode recuperar.
- A fonte orixe da enerxía.
- A cantidade e calidade do compost e o tipo de utilización do compost obtido.
- O perfil das emisións das instalacións de tratamento biolóxico.

Neste libro se subliña a multiplicidade das posíbeis solucións para unha axeitada xestión dos residuos.

Estoutros documentos da Unión Europea marcan liñas de actuación e axudan a toma das decisións, tanto dos gobernos centrais e autonómicos como dos municipios, de aquí su importancia.

6.2. LEXISLACIÓN ESPAÑOLA E GALEGA. PLANS DE RESIDUOS EN ESPAÑA, GALICIA E CONCELLOS GALEGOS ADHERIDOS AO EIXO ATLÁNTICO.

6.2.1. Lexislación española e galega.

Con respecto ás lexislacións vixentes en España e Galicia xa falamos no capítulo 3 con relación ás competencias das diferentes administracións en España. Pasamos a comentar a súa influencia no futuro da xestión de residuos.

No caso da Lei Residuos 10/1998, despois de moitos anos de vixencia practicamente esgotou a súa virtualidade desde o punto de vista da innovación e a mudanza dos costumes. Isto non quere dicir que a súa aplicación fose homoxénea e correcta en todo o territorio español.

O mesmo cómpre dicir dos decretos que regulan a xestión de fluxos especiais. Mesmo hai decretos, como por exemplo o que trata da xestión dos aparellos eléctrico e electrónicos, que se puxeron en marcha pero o seu cumprimento non está a ser satisfactorio.

A lei de envases e residuos de envases e o decreto que a desenvolve, tamén esgotaron a súa virtualidade, aínda que neste caso cun resultado moito máis satisfactorio desde o punto de vista práctico, se ben quedan cousas por mellorar.

Con respecto a lexislación galega hai que dicir que incorpora importantes novidades en relación á vixente lei de residuos española, estando o seu contido próximo ao contido da directiva de marco de residuos (están aprobadas ambas as dúas en datas veciñas).

Poderíamos facer, a continuación, a análise de como a lei galega enmarca o futuro da xestión dos residuos en Galicia, pero no momento de escribir este libro estase a preparar, polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, unha nova lei de residuos da que o borrador xa foi publicado (Versión do 10 de xuño de 2010), e que incorpora a transposición da directiva marco de residuos. Xa que logo, por mor de economizar, ímo-la analizar xunto coa lei galega, desde a perspectiva das entidades locais aínda que sen esquecermos a perspectiva autonómica cando os cambios sexan de grande importancia con respecto a lexislación vixente.

6.2.1.1. Borrador do anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados (Versión do 10 de xuño do 2010, modificación de setembro de 2010 e decembro 2010).

O gran número de cambios conceptuais, en relación á lei do ano 1998, que implican un novo enfoque nas obrigas de xestión dos residuos, da propia xestión e das fontes de financiamento dos residuos xerados nos territorios das entidades municipais, fan deste anteproxecto un importante instrumento dos futuros cambios da devandita xestión, polo que é recomendable que os responsables, autonómicos e municipais, fagan unha fonda análise das súas consecuencias.

Aquí repasaremos as novidades de maior calado e o lector interesado poderá encontrar no anexo referente a esta lei unha análise feito polo miúdo.

Así, con relación o seu obxecto, na primeira versión (Xuño) ponse o acento na protección do medio e da saúde así como na eficacia no uso dos recursos (aínda que pensamos que debería engadir o termo eficiencia) fronte a énfase que a vixente lei pon nos instrumentos para previr a produción de residuos; mais na versión de setembro desaparece “así como a eficacia..” , polo que desaparece a maior diferenza fronte á lexislación vixente.

Esta relevancia tamén é posta de manifesto pola lei de residuos galega no seu artigo 2º Obxectivos, aínda que o obxecto da lei galega é o mesmo que o da vixente lei española.

Entre as definicións que permanecen, cambiando o seu contido, temos a de produtor de residuos; na vixente lei non son considerados produtores de residuos aos suxeitos que produciran residuos xerados como resultado do consumo doméstico mentres que agora non fai dita excepción, polo que o produtor dos residuos xerados no seu fogar poderá considerarse “legalmente” produtor de residuos.

Outra das definicións que cambia é a definición de reciclaxe onde desaparece como tal “ a compostaxe e biometanización” e aparece “ a transformación do material orgánico”; este cambio xunto coa nova definición de biorresiduo e a modificación da de compost poden chegar a teren importantes efectos na consecución de obxectivos de reciclaxe así como consecuencias na viabilidade das actuais infraestruturas de biometanización e compostaxe derivadas; tamén poden afectar significativamente



o desenvolvemento das infraestruturas dos plans de xestión vixentes. Por último habería que clarificar determinados aspectos que nos fan preguntarnos as seguintes cuestións:

Ó definir o compost como: “material obtido das plantas de tratamento de biorresiduos recollidos separadamente... non se considerará compost, o material orgánico obtido das plantas de tratamento mecánico biolóxico dos residuos mesturados, que será denominado material bioestabilizado” e tendo en conta a definición de reciclado, ¿que é o material bioestabilizado dende o punto de vista da valorización?, e tamén ¿por que un biorresiduo recollido selectivamente e tratado nunha planta de tratamento mecánico biolóxico é compost (xa que di que o recollido mesturado non o é)? ¿Non tería que depender dos procesos seguidos e das características do produto obtido, tanto sexa dunha planta de tratamento aerobia como anaerobia e non de se a recollida da materia orgánica foi separada ou non? .

Anque neste borrador do anteproxecto de lei as definicións son as da directiva marco, non é o caso da definición do compost. Neste caso se da unha posición máis radical por parte das autoridades españolas que non parecen estar dispostas a esperar as definicións dos requirimentos mínimos, que a Comisión segundo a directiva vai fixar nun futuro, relativos á xestión do biorresiduo así como os criterios relativos a calidade do compost.

Polo tanto unha axeitada definición da reciclaxe e a súa adecuada interpretación son necesarias polas súas consecuencia en termos de consecución de obxectivos e en termos económicos.

Pero se o anterior é importante non o é menos a desaparición da de residuo “urbano o municipal” que é substituído polas definicións de “residuos domésticos”, “residuos comerciais” e “residuos industriais”. Esta substitución terá importantes consecuencias nas obrigas de xestión dos municipios e dos particulares segundo veremos máis adiante.

Con respecto o anterior, a lei galega parte da definición dos residuos urbanos ou municipais incorporada na lei 10/98, pero ten incorporada a definición dos residuos comerciais e industriais, así como as dos residuos inertes e rebos da construción e demolición. No caso dos residuos comerciais a definición da lei galega é máis restrinxida que a contida no borrador do anteproxecto de lei, xa que considera como comerciais os de natureza similar ós domésticos. En canto o resto das definicións de residuos da lei galega poderán manterse no caso de aprobación do borrador nos termos actuais.

Tamén desaparecen as definicións de “xestor de residuos”, “estación de transferencia”, “vertedoiro”, “almacenamento” e “recollida selectiva” sendo algunhas delas substituídas da seguinte maneira:

A de xestor de residuos por dúas definicións: “Axente” e “Negociante”, podendo unha mesma persoa ter ambas as dúas cualificacións. Entre ambos os conceptos o alcance das definicións é máis amplo que o de xestor, abrangendo a venda de residuos.

A de almacenamento por: “almacenamento preliminar” e “almacenamento no lugar de produción, no borrador de xuño, pero desaparecen estas dos últimas en setembro.

A de recollida selectiva por “recollida separada”, sendo esta última unha definición de contido máis amplo.

O seguinte aspecto de gran incidencia nas obrigas dos municipios é o que resulta das modificacións substancial das súas competencias administrativas.

En efecto na vixente lei 10/98, así como na vixente lei galega, o ámbito no que estes son competente é o dos residuos urbanos. Isto inclúe os xerados nas oficinas e outras instalacións que fosen asimilábeis

aos urbanos. Agora son da súa competencia “os residuos domésticos” aos que hai que engadir “os residuos procedentes da limpeza das vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, animais domésticos mortos e vehículos abandonados, nos termos establecidos nesta lei e nas que, no seu caso, diten as comunidades autónomas, así como a normativa sectorial en materia de responsabilidade ampliada do produtor.”

En canto ós servizos que se establecen como obrigatorios para os concellos son: a recollida, o transporte, a valorización e a eliminación dos residuos mencionados, feito da forma que establezan as súas ordenanzas, producíndose un salto cualitativo (e cuantitativo) con respecto a lei 10/98 xa que pásase da obriga de eliminar a obriga de valorizar os residuos.

Sen embargo esta situación xa está contemplada na vixente lei galega ó establecer, no seu Capítulo II no artigo 5º, que “os municipios xestionarán os servizos públicos de recollida, transporte, valorización e eliminación de residuos urbanos ou municipais de forma directa ou indirecta”.

Así a maioría dos municipios galegos están a realizaren a valorización dos residuos domésticos (e incluso dos comerciais) xerados no seu territorio, quer a través de Sogama (valorización enerxética) para a fracción resto, quer a través do compostaxe (Nostián e Barbanza) así como a dos envases e o papel cartón mediante unha recollida específica como xa explicamos anteriormente.

Verbo das competencias das entidades locais, o anteproxecto as faculta a xestionar os residuos comerciais, nos termos que sexa establecida nas súas respectivas ordenanzas, pero dependendo da vontade e interese dos comerciantes. Soamente poderanlles obrigar cando a entidade local estableza o seu propio sistema de xestión, de forma xustificada, baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia e unicamente en determinados supostos.

O dito ata aquí habería que complementalo co artigo 18º, no seu apartado 2 c) “O produtor ou posesor de residuos comerciais, os xestionará el mesmo ou poderá entregalos a entidades ou empresas que leven a cabo dita xestión. No caso de residuos comerciais non perigosos poderase acoller o sistema público de xestión se a entidade local o ten establecido, nos termos que establezan as ordenanzas municipais”.

Aquí novamente hai un cambio sobre a realidade actual, xa que a maioría dos residuos comerciais e inclusive industriais son xestionados polos municipios. E esta realidade continuará así mentres que os municipios non cobren as taxas que cubran o custo real do servizo prestado aos produtores do residuo.

Con respecto ao resto das competencias administrativas reguladas na lei de 1998, mantense con algunhas modificacións e así para as competencias autonómicas: se establece claramente a competencia para fixar os obxectivos de redución, preparación para a reutilización, reciclado e outras formas de valorización obrigatorias para os residuos.

O seguinte aspecto que é abordado polo anteproxecto de lei é o relativo ós principios da política de residuos, incluíndo os seguintes: a xerarquía de residuos, autosuficiencia e proximidade na xestión dos residuos, o acceso á información e quen terá que sufragar os custos de xestión dos residuos.

Realmente a xerarquía trata das accións a realizar sobre os residuos (neste senso non é unha xerarquía de residuos) e reflicte o contido da directiva marco de residuos. En comparación coa lexislación galega cómpre dicir que esta non recolle no seu articulado de forma expresa esta xerarquía, mais incentiva o seu recoñecemento cando esixe ás administracións competentes en residuos fomentar a recollida selectiva de todos os compoñentes susceptíbeis de seren reciclados ou reutilizados, así



como a separación, previo o tratamento, do resto dos compoñentes susceptíbeis de recuperación aínda que non fosen recollidos selectivamente. (Artigo 13º. Valorización)

En canto a autosuficiencia e proximidade na xestión dos residuos, se pretende racionalizar a creación e utilización das infraestruturas existentes e futuras, mediante a creación de unha rede integrada de instalacións de valorización e eliminación, en colaboración coas comunidades autónomas e si fose necesario con outros estados membros. Isto último cambia no borrador de setembro onde a colaboración se fará cos estados membros da Unión e a racionalización farase no seo da Comisión Técnica, afirmando que o principio de autosuficiencia e proximidade non significa que España deba posuír a gama completa de instalacións de valorización no seu territorio. E como consecuencia con maior razón no caso das autonomías

Se complementa o anterior coa limitación da posible oposición das comunidades autónomas ao uso das súas instalacións e en particular quedaría suprimido o artigo, contido na vixente lei de residuos española, que da a posibilidade de oposición o seu uso para residuos que proveñan de diferente comunidade autónoma cando a planta de tratamento fose de titularidade pública ou se financiase con fondos públicos.

Hai que recoñecer que introducir racionalización pode ter efectos positivos, en particular, pode amortecer os custos de xestión e polo tanto o desembolso a ser feito polos cidadáns.

Co respecto o resto das políticas salientar que ampliáanse as obrigas respecto o acceso a información previndo a participación dos cidadáns na elaboración de Plans e programas de residuos así como na súa avaliación ambiental, no borrador de xuño, desaparecendo o artigo que recollía esta participación no borrador de setembro. Aquí soamente cabe dicir que esperamos que volva a aparecer dada a importancia da concienciación do cidadán que se incrementa coa súa implicación nos procesos que lle afectan.

O derradeiro principio da política de residuos é o relativo os custos da xestión dos residuos, que terán que correr pola conta do produtor inicial dos residuos, polo seu posesor actual ou polo anterior posesor, establecendo que estes custos poderán ser sufragados, parcial ou totalmente, polo produtor do produto do que proceden os residuos e que os distribuidores poidan compartir os custos. Finalmente, obriga a que os custos da xestión dos residuos estean correctamente identificados e cuantificados e entendemos que serán definidos polas administracións competentes na xestión e dentro do ámbito da súa competencia .

Para a aplicación destes principios o anteproxecto define os instrumentos da política de residuos, que segundo el son: o programa de prevención de residuos, os plans e programas de xestión de residuos, a avaliación de plans e programas, as medidas e instrumentos económicos e a Comisión Técnica de residuos.

Os programas de prevención teñen personalidade propia neste anteproxecto de lei, incrementando a súa importancia fronte a lexislación actual, e lexisla a obriga de establecer obxectivos de prevención e as medidas necesarias para acadalos. Son a administración xeral do estado e das comunidades autónomas as responsábeis da súa elaboración e avaliación periódica. As administracións locais poden incorporar nos seus plans medidas de prevención pero cómpre pensar que, dado o ámbito das súas competencias, as posibilidades efectivas de actuación se reducen moito.

Pero é en materia da planificación da xestión dos residuos onde se producen os maiores cambios dende o punto de vista competencial.

En efecto, segundo na vixente lei de residuos: “A Administración Xeral do Estado, *mediante a integración dos respectivos Plans autonómicos de residuos, elaborará diferentes Plans de residuos, nos que se fixarán os obxectivos específicos de...*”.

No novo redactado queda como segue: “A Administración Xeral do Estado, *previa consulta ás Comunidades Autónomas, elaborará... o Plan Nacional marco de xestión de residuos que conteña a estratexia xeral da política de residuos, as orientacións e estrutura á que se deben axustar os plans autonómicos, así como os obxectivos mínimos a cumprir de prevención, preparación para a reutilización, reciclado, valorización e eliminación*”.

Parece que o obxectivo deste artigo e acadar a harmonización, tanto na estrutura como nas liñas de actuación dos plans autonómicos, deixando liberdade ás comunidades autónomas para fixaren os obxectivos a partir dos mínimos que sexan establecidos no Plan Nacional. Pero o verdadeiro protagonista da elaboración dos plans e das estratexias de actuación, pasaría a ser agora a Administración Central do Estado.

No que respecta a planificación municipal podería entenderse que de voluntaria convertese en obrigatoria de acordo co seguinte texto: “As entidades locais, no marco das súas competencias, *elaborarán programas de xestión de residuos, consonte a, e coordinados con, o Plan Nacional marco e cos plans autonómicos de xestión de residuos*”.

Se finalmente este borrador é aprobado conforme está, a lei galega terá que cambiar o artigo da planificación das entidades locais xa que deixa á vontade destas que teñan ou non unha planificación da xestión dos residuos.

Do resto dos instrumentos para levar a cabo a aplicación das políticas o mais significativo é a creación da comisión técnica de residuos, co fin de fomentar a cooperación e colaboración entre as administracións públicas competentes en materia de residuos, na procura de criterios comúns na xestión dos residuos. Nesta comisión estarán representadas as comunidades autónomas e os entes locais e poderanse crear grupos de traballo onde participen persoas expertas alleas á administración. En canto aos instrumentos económicos se regula a necesidade de que sexan adoptados de forma harmonizada se son quen de causar problemas o mercado interior.

A aplicación dos principios e das políticas están encamiñadas a acadar a valorización dos residuos e en especial a súa reciclaxe, previndo medidas tais como o establecemento e apoio de redes de reutilización e reparación, o uso de instrumentos económicos, o requisitos das licitacións (entendese que das administracións públicas), fixación de obxectivos cuantitativos e outros como a recollida separada.

En particular manda facer recollidas separadas, cando sexa factíbel e adecuada e fixa os seguintes obxectivos:

- Antes do ano 2015 deberase facer unha recollida separada para, polo menos, os seguintes materiais: papel, metais, biorresiduos, plástico e vidro. Engade que os sistemas de recollida xa existentes poderán adoptar a recollida separada á que se refire o parágrafo anterior.
- As entidades locais habilitarán espazos, establecerán instrumentos ou medidas para a recollida separada de residuos domésticos e, no seu caso, comerciais aos que é preciso daren unha xestión diferenciada, ora sexa polo seus riscos ou para facilitaren o seu reciclado.

A situación derivada desta implantación terá importantes consecuencias, tanto económicas como de adopción de novos usos e costumes tanto por parte das entidades municipais como dos cidadáns.



Con respecto as primeiras temos que traer aquí os resultados dun estudo feito por Ecoembes no ano 2010, relativo ó incremento de custo debido a implantación desta modalidade: ó menos 900 millóns de euros sobre un custo actual de xestión dos residuos urbanos de preto de 2.200 millóns de euros (sen ter en conta o custo dos funcionarios e instalacións utilizadas). Aínda que estes cálculos os hai que tomar coas debidas precaucións, a magnitude do incremento de custo é tan importante (cerca dun 50 % dos custos netos actuais) que habería que facer un estudo sobre a repercusión real do contido do borrador e dos aforros ambientais que se poidan conseguir coa utilización deste modelo. E tamén hai que pensar como podería afectar ás recollidas que, actualmente se están a facer noutros fluxos, como RAEE, envases, pilas

Tamén xorden dúbidas na interpretación do seguinte texto do borrador: “os sistemas de recollida separada existentes poderanse adaptar á recollida separada dos materiais aos que se refire o parágrafo anterior”, ¿quere isto dicir que o contedor amarelo que recolle os envases lixeiros (mesturando plásticos, cartón para bebidas e metais) pódese utilizar para a recollida separada, aínda que mesturada, de metais, plásticos e tamén do cartón para bebidas? E se é así ¿podería darse o caso de que sí se acadaren os obxectivos do artigo 26º soamente coa recollida separada dos envases, poidamos manter as cousas como están, sacando do tema dos biorresiduos?

A respostas a estas preguntas van ter unha grande incidencia nos procesos de recollida e tratamento de residuos e nos custos da xestión, e que desde a perspectiva dos entes locais, soamente unha importante ampliación dos produtores de produto sometidos ó principio de responsabilidade ampliada do produtor podería resolver a situación financeira sen incrementar as taxas municipais. Pero non hai que esquecer que sempre serán finalmente os cidadáns nos que no seu rol ben de cidadáns (pago de taxas e impostos) ou ben como consumidores (punto verde o similar), os que se fan cargo dos custos da xestión.

Pero o fin da recollida separada, segundo o anteproxecto, non é outro que conseguirmos cumprir cos obxectivos de preparación para a reutilización e do reciclado (sendo responsábel as comunidades autónomas de tomaren as medidas necesarias para garantir a súa consecución).

Na versión de decembro se permite a mestura no contedor amarelo de plásticos, metais e brics sempre que non supoña un incremento de dificultade na reciclaxe ou un incremento dos custos. Polo tanto quedarían resoltas parte das preguntas anteriores.

Estes obxectivos para os residuos domésticos son os de acadar, antes do ano 2020, o aumento, até un 50% en peso total, para a preparación para a reutilización e o reciclado dos residuos de materiais tales como, polo menos, papel, metais, biorresiduos, plástico e vidro. Pero o borrador engade a continuación “e probablemente doutras orixes na medida en que estes fluxos de residuos sexan similares aos domésticos”.

Aquí, tal como está redactado o parágrafo, preguntámonos ¿pódense sumar as cantidades destinadas á reutilización e á reciclaxe procedentes dos residuos domésticos coas doutros de similar natureza co fin de alcanzar dito 50 % ou deben ser conseguidos individualmente?

A resposta que lle de a esta pregunta pode modificar as actuacións a facer e os custos das mesmas por parte e para a entidade local.

En canto ó obxectivo de acadar a reciclaxe dun 50 % dos biorresiduos de orixe doméstica hai que salientar que é unha novidade con respecto a directiva marco de residuos xa que nesta última non se fixan obxectivos para os biorresiduos e si para o resto dos materiais como xa vimos.

Entendemos que, polo tanto, se están asumindo obrigas máis alá do esixido pola UE e o que é máis importante, sen unha análise das consecuencias ambientais desta decisión e dos requirimentos do produto (compost) cousa que, por outra parte, a Directiva Marco si prevé, ó menos facer unha avaliación da conveniencia de fixar uns requirimentos mínimos para a xestión dos biorresiduos e uns criterios de calidade para o compost e o dixestato do biorresiduo. Xa que logo a Comisión Europea non fixou nin os requirimento nin os criterios e tendo en conta a baixa calidade do compost producido en España e en particular en Galicia, como puxemos de manifesto en anteriores capítulos, parece máis prudente esperar a avaliación da Comisión e se non que a propia lei fixe os requirimentos e criterios mencionados.

Por último esíxese as Comunidades Autónomas que informen ó Ministerio competente en residuos sobre a situación no que se refire ó logro dos obxectivos e no caso de non seren acadados, as medidas que tomarán para o conseguiren.

Ata de agora a obriga de conseguir os obxectivos era do Estado español e parece traspasarse ás comunidades. Aquí non hai unha obriga directa dos municipios e dependerán da decisión das comunidades de traspasar ou non, a su vez esta responsabilidade a aqueles.

Pero no caso dos obxectivos da reciclaxe dos biorresiduos engádese o anterior (para tódolos biorresiduos, non só para os domésticos) a obriga de adoptar as medidas necesarias para estableceren a súa recollida separada coa finalidade de seren destinados á compostaxe ou ben a dixestión anaerobia. Estas medidas han de permitir cumprir co obxectivo de recoller, polo menos, un 20% dos biorresiduos no ano 2016 e o 40 % no ano 2020, do peso total dos biorresiduos xerados, a través da recollida separada da fracción vexetal, da recollida nos grandes xeradores ou a través da recollida da fracción orgánica dos residuos domésticos. Tamén determina que, estes obxectivos, se podan acadar a través da compostaxe doméstica. Queremos subliñar que esta última forma de acadar os obxectivos é de difícil control e afecta principalmente as zonas que teñan vivendas con horta o xardíns, xa que se refire ó compostaxe feito directamente nos fogares.

É evidente que este obxectivo ha de compatibilizarse co obxectivo do artigo 26, que obriga a reciclar ó menos o 50% dos biorresiduos de orixe doméstico, polo que unha parte importante dos biorresiduos tratados terán que ter esta orixe.

As esixencias con relación ós biorresiduos mostran a importancia que dan as autoridades nacionais o tratamento destes, pero a experiencia que, até agora, temos demandan precaución. En efecto o éxito das políticas de produción de compost esixe unha recollida de moita calidade, no caso de recollida separada de biorresiduos, co fin de que non sexa “realmente” unha recollida mesturada que logo sexa tratada nunhas instalacións nas que non se tivese en conta, no seu deseño, esta situación real o que daría lugar a un funcionamento inadecuado destas e a produción dun compost que non pode ser considerado como tal. E a experiencia existente coas recollidas separadas de orgánica, así como doutras recollidas separadas non foi até agora, inspiradora de confianza nos resultados futuros, polo menos os resultados obtidos en Galicia, como xa se puido comprobar no capítulo no que falamos da xestión actual.

Como dixemos alí, para que o sistema funcione é necesaria unha maior concienciación do cidadán e un mellor deseño dos sistemas de recollida.

Pola outra banda e tamén xa foi comentado anteriormente, pensamos que é máis acertado fixar as condicións, tan estritas como sexa necesario, para que o biorresiduo tratado adquira a condición de compost que obrigar a unha determinada forma de recollida. E para isto fixaranse os controles necesarios para verificar que ditas condicións son cumpridas. Hai que ter en conta que existen instalacións



onde son tratados residuos mesturados e son alcanzadas calidades adecuadas de compost, e que abrir esta posibilidade leva á búsqueda da innovación e mellora tecnolóxica.

Ó anterior engádense outra recollida separada: a partir de que o borrador sexa lei existirán residuos domésticos que se poderán cualificar como perigosos e que terán que ter unha xestión diferenciada.

Con referencia a esta xestión dos residuos perigosos o borrador, no seu artigo 19ª di que non aplicarán as obrigas contidas nos artigo 18º. 1.b, 18.1.c, 20.2 e 38, relativos ós residuos perigosos, aos residuos mesturados producidos nos fogares. Porén, no mesmo artigo 19ª, dise que non se aplicarán os artigos 18.1.c e o 38 ás fraccións separadas dos residuos perigosos producidos polos fogares “até que non sexan aceptados por un establecemento ou unha empresa autorizada”.

Polo tanto haberá que definir que residuos, dos perigosos, son os que teñen que ser obxecto dunha xestión diferenciada e, deste xeito, deberá os cidadán separalos, xurdindo a cuestión de quen definirá os residuos perigosos a ser xestionados de forma diferenciada; na vixente lei estatal é o ente local o que ten a responsabilidade de definir cales son os residuos a ser xestionados de forma diferenciada mentres que neste borrador non se lles da dita facultade, polo menos, expresamente.

Pola outra banda hai que recoñecer que a aplicación práctica desta posibilidade foi case nula e para que se dea unha posibilidade real de aplicación xeneralizada desta obriga pensamos que se han de reunir dúas condicións: a primeira que a obriga sexa común para todos os entes locais e, a segunda, que se adopten os instrumentos financeiros para faceren fronte aos custos desta xestión diferenciada. A primeira condición implica ou ben un acordo xeral no seo da Federación de Municipios e Provincias ou ben que sexa a Administración Central do Estado a que fixe, mediante normativa básica, a lista dos residuos domésticos a seren xestionados de forma diferenciada. A segunda condición demandaría buscar unha fórmula baseada na responsabilidade ampliada do produtor xa que, dadas as circunstancias actuais, non parece que os responsábeis políticos queiran incrementar as taxas municipais (cosa que terán que facer co fin de poderen afrontar o incremento de custos que, como consecuencia doutros apartados do borrador, é moi probábel que se produza).

Para rematarmos o análise que estamos a facer do borrador do anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados imos comentar o tratamento que o borrador da “Responsabilidade ampliada do produtor do produto”.

Previamente hai que lembrar que este concepto de responsabilidade do produtor, co significado que ten na directiva de residuos, é recollido na lexislación española na Lei 11/97 de envase e residuos de envases e a partir del fixa as obrigas dos envasadores na xestión dos residuos dos envases.

Posteriormente foi aplicado para determinados fluxos de produtos tales como os residuos de aceites, aos residuos de vehículos fóra de uso, os aparellos eléctricos e electrónicos.

A importancia da aplicación deste concepto radica, desde a perspectiva municipal e como xa dixemos anteriormente, na súa virtualidade para facilitar o financiamento dos custos de xestión dos residuos, ben de forma directa polo pagos dos produtores ás entidades locais ou ben por faceren a xestión directamente diminuindo os custos daquelas.

Pola outra banda a aplicación deste concepto implica a internalización dunha parte dos custos que, até ese momento, viñan sendo custos externos e probabelmente esta internalización incentivará a búsqueda da mellora nos procesos que faciliten a xestión dos residuos producidos de maneira que diminúan o seu custo e o fagan máis competitivo. Non hai que esquecer que o custo, ó final, será

pagado polo consumidor vía prezo do produto, aínda que inicialmente pódanse producir algúns desaxustes e que non se poda, de forma inmediata, repercutir estes custos nos consumidores.

Un efecto adicional que se pode conseguir mediante a aplicación deste principio e que o consumidor, ademais de outros efectos que teña sobre as decisións de compra, acabe por decatarse do efecto que sobre su poder de compra ten a xeración de residuos derivado do seu consumo. Para isto é necesario que este custo sexa visible para o consumidor, cousa que até agora non ocorre.

Pero para poder facer uso deste instrumento é necesario que sexan definidos os produtores obrigados a cumprir dito principio e para elo o anteproxecto define que será o Goberno de España o que aprobe, mediante as oportunas disposicións, a ampliación da responsabilidade do produtor dun produto que co seu uso se converte en residuo. Así mesmo determina as finalidades de dita ampliación que deberá ser unha das seguintes: promover a prevención, mellorar a reutilización ou mellorar o reciclado e a valorización dos residuos

Para a aplicación desta responsabilidade ampliada se establecen posíbeis medidas e obrigas ós axentes económicos e entre outras está a posibilidade de atribuír a responsabilidade, total ou parcial, da organización da xestión dos residuos o produtor do produto do que estes procedan.

O establecemento destas medidas terá en conta a súa viabilidade técnica e económica, e o conxunto de impactos ambientais, sociais e sobre a saúde humana e respectará a necesidade de garantir o correcto funcionamento do mercado interior.

Na lexislación galega (lei 10/2008) estaba tamén a ampliación dos produtos sometidos a responsabilidade do produtor, pero os produtos, aos que este réxime xeral ha de ser aplicado, han de ser incluídos nunha lista que hai que aprobar regulamentariamente, polo goberno galego.

Até agora non foi publicada ningunha lista e polo tanto estas obrigas soamente aplican aos produtos ou fluxos de produtos que xa o estaban pola normativa básica.

Xurde, do contido deste artigo, se o goberno galego terá a capacidade de determinar que produtos deberán cumprir con novas obrigas, de ser aprobado o anteproxecto nos termos aquí expresados.

Outros aspectos son considerados tamén no anteproxecto de lei, sobre os produtores do produto e as súas posibles responsabilidades e capacidade de actuación, pero estes aspectos non inciden máis do explicado ate agora no financiamento das entidades locais.

O contido do borrador de anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados é moito máis amplo do comentado aquí, pero nos centramos nos aspectos que, pensamos, son máis relevantes para xestión dos residuos desde unha perspectiva autonómica e de entidade local.

Como resumo do visto neste apartado de lexislación se pode destacar o seguinte:

- No primeiro lugar, nun terreo máis conceptual podemos dicir que:
 - o hai unha tendencia a prever a xeración de residuos que informa todos os documentos e a normativa europea e española, encamiñando as medidas neste senso.
 - o existe a vontade de desenvolver unha sociedade da reciclaxe, no que se impoña o máximo aproveitamento dos residuos; isto é outras das constantes que están a definir as medidas a adoptarmos para a xestión dos residuos.
 - o o principio da responsabilidade do produtor imponse definitivamente como unha vía para incentivar a prevención da xeración dos residuos así como unha vía de financia-



- mento da súa xestión; e que sexa quen máis consume, e polo tanto quen máis residuos produce “ceteris paribus”, quen máis pague por ela.
- o a aplicación do análise do ciclo de vida do produto co fin de avaliar sa medidas durante toda a vida do produto, e non só na súa fase como residuo (e tamén nesta fase).
 - o a consideración da viabilidade técnica, económica e ambiental das decisións da xestión dos produtos e residuos.
 - o a necesidade da participación dos cidadáns nos procesos de planificación da xestión dos residuos e do seu custo.
- No segundo lugar e no nivel das medidas podemos salientar as seguintes, como as máis relevantes:
- o a tendencia a aumentar as recollidas separadas para facilitaren as posibilidades de reutilización e da reciclaxe.
 - o a tendencia a fomentar a reciclaxe dos biorresiduos, aspecto este que adquire maior relevancia na lexislación española onde parece que, de ser aprobado o borrador de anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados, se fixarán obxectivos de recollida e reciclado.
 - o no caso da lexislación básica española, e no contido do borrador mencionado, a tendencia a unificar estratexias de xestión a través da programación e planificación, así como racionalizar procesos co fin de facilitar o desenvolvemento da economía, sen menoscabar por elo as competencias das autonomías.
 - o no caso da lexislación básica española e da galega a tendencia a unificar os procesos, mediante a planificación central e autonómica, que deban ser acometidos polas entidades locais.
 - o na normativa europea e española a búsqueda de instrumentos económicos adecuados para garantir a adecuada xestión dos residuos.
 - o a necesidade de definir e cuantificar os custos de xestión e responsabilizar de maneira expresa e separada tanto da xestión como o financiamento desta, os residuos producidos nos fogares e os producidos en establecementos suxeitos a unha actividade profesional. Para isto, no borrador do anteproxecto, defínense “ex novo” os diferentes tipos de residuo, cambiando as obrigas das entidades locais.

6.2.2. Plans de residuos: Plan Nacional Integrado de Residuos, Plan de Xestión de residuos Urbanos de Galicia 2010-2020. Plans municipais de residuos nas cidades galegas do Eixo Atlántico.

A continuación pasamos a comentar os contidos destes planes que tamén van a condicionar o futuro da xestión dos residuos e, en especial, o plan galego.

6.2.2.1. Plan Nacional Integrado de Residuos.

Este Plan foi aprobado no Consello de Ministros do 26 de decembro de 2008 e publicado no *Boletín Oficial del Estado* do 26 de febreiro do 2009.

No acordo do Consello de Ministros recóllense as principais ideas que informan o Plan e así no mesmo se afirma que “os obxectivos e medidas incluídas neste Plan teñen, en moitos casos, carácter estratéxico e pretenden servir de guía para o desenvolvemento de políticas específicas de xestión destinadas a cambiaren a xestión dos residuos en España, polo que resulta prioritario o establecemento

de requisitos comúns entre as Administracións competentes e os sectores afectados, mellorando os intercambios de información”.

Como se pode interpretar da lectura deste parágrafo, a primeira cousa que expresa é o carácter estratéxico do Plan e o interese en harmonizar as actuacións das diferentes administracións competentes, cousa que xa comentamos como un obxectivo do “Borrador do anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados” que foi presentado case dous anos despois da aprobación do Plan.

Ademais no acordo do Consello dise que o Plan no cumprimento da vixente lei de residuos, ten que ser o resultado da integración dos Planes autonómicos, e que foi elaborado desta maneira.

Sen embargo cando se analizan os obxectivos e determinadas obrigas que se establecen, con carácter xeral, non son o resultado da integración senón a incorporación dos obxectivos e obrigas, definidos os primeiros e lexisladas as segundas, na directiva marco de residuos. Matiza, o Plan, con respecto as obxectivos, que son valores medios e que nunhas comunidades se conseguirán antes e noutras máis tarde. Isto é así porque até que se faga a transposición da directiva non se pode obrigar as Comunidades Autónomas a conseguir ditos obxectivos.

O Plan Nacional Integrado de Residuos inclúe os residuos domésticos e similares, os residuos de lexislación específica, os solos contaminados, ademais dalgúns residuos agrarios e industriais non perigosos que, aínda que non teñan lexislación específica, son relevantes pola súa cantidade e a súa incidencia no entorno. O Plan inclúe a “Estratexia de Redución de Vertido de Residuos Biodegradábeis”, o que ademais de cumprir cunha obriga legal, serve para prolongar a vida dos vertedoiros e diminuír o impactos sobre o medio, segundo o explica o Plan.

No Plan afirmase que a política en materia de residuos debe alicerzarse na aplicación dun conxunto de principios que na práctica supón:

- Promover a correcta xestión do conxunto dos residuos, diminuír a súa xeración e impulsar as prácticas máis adecuadas para a súa xestión.
- Establecer prioridades nas opcións de xestión desde a prevención, reutilización, reciclaxe, valorización enerxética e por último a eliminación.
- Que todos os axentes implicados desde as administracións públicas aos axentes económicos e sociais, pasando polos consumidores e usuarios, asuman a súa cota de responsabilidade en relación cos residuos.
- Dispor de infraestruturas suficientes para garantir que os residuos son xestionados de maneira adecuada e no posíbel preto do lugar da súa xeración.

A continuación o Plan describe a situación xeral da xestión dos residuos en España, apuntando como problemas a resolvermos os seguintes:

- a elevada porcentaxe de residuos que aínda están a ser levados o vertedoiro.
- a falta de información sobre a xeración e características dos residuos así como da súa xestión, información que é necesaria para adoptar medidas e obxectivos realistas.
- a necesidade de articular modelos, por parte das administracións, de xestión eficiente que permitan cumprir coas obrigas e obxectivos legais derivada da múltiple normativa que



afecta os residuos urbanos de orixe domiciliaria, tipo de refugallos que, cómpre recordar, son xestionados polos municipios, baixo a orientación das comunidades autónomas.

- a necesidade de incrementar os sistemas de control, inspección e vixilancia.
- a necesidade de articular, para levar adiante este Plan, procedementos para unha coordinación máis efectiva entre as administracións e sectores implicados.

Tanto os principios como estes problemas xa foron comentados noutros apartados e polo tanto pasamos a enumerar os obxectivos xerais do Plan:

- Modificar a tendencia actual de crecemento da xeración de residuos
- Erradicar o vertido ilegal.
- Diminuír o vertido e fomentar de forma eficaz: a prevención, a reutilización, a reciclaxe da fracción reciclable, así como outras formas de valorización da fracción de residuos non reciclábeis.
- Completar as infraestruturas de tratamento e mellorar o funcionamento das existentes.
- Obter estatísticas fiables en materia de infraestruturas, empresas xestoras e produción e xestión de residuos.
- Avaliar os instrumentos económicos e en particular os fiscais que se puxeron en práctica para promoveren cambios nos sistemas de xestión existentes. Identificar a conveniencia da súa implantación de xeito harmonizado en todas as comunidades autónomas.
- Consolidación dos programas de I+D+i.
- Reducir a contribución dos residuos ao Cambio Climático, fomentando as medidas con maior potencial de redución de dito efecto.

Hai que salientar o recoñecemento, unha vez máis, da falta dunha información fiable o que fai que os obxectivos particulares do Plan teñan que se pór en “cuestión”. Así mesmo, como antecedente do que se plasmou máis tarde no borrador do anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados, identifícase a necesidade de harmonizar as medidas que tomen as comunidades.

A continuación, o Plan, pasa a describir a situación da xestión dos diferentes residuos con relación ao cumprimento da normativa vixente e ás instalacións e procesos existentes, facilitando datos sobre todo o anterior.

Neste mesmo capítulo analiza a reutilización, a reciclaxe e a valorización. As conclusións son negativas e salienta a baixa calidade das recollidas selectivas, pola cantidade de impropios que inclúen, así como a mala calidade dos produtos resultantes do tratamento da materia orgánica, aspectos que xa comentamos neste traballo anteriormente. Por último subliña a gran cantidade de residuo que se segue a levar a vertedoiro.

Fixa a continuación os tanto de forma cualitativa como cuantitativa os obxectivos incluíndo os de redución do material biodegradable a ser levado o vertedoiro e que fixa en 3,6 millóns de toneladas no ano 2016.

As medidas a establecer, segundo o plan, co fin de lograr estes obxectivos, constitúen un conxunto de accións cun carácter voluntarista xa que non podemos encontrar no texto unha metodoloxía de actuación, unha valoración das accións, un calendario, as medidas para financiaras, nin os que teñen que as financiar.

Tamén fíxanse uns indicadores para o seguimento das accións pero sen determinar responsabilidades de subministro de información nin un calendario para definir a metodoloxía de elaboración nin a data de posta en marcha.

Nos seguintes apartados do Plan analízanse e defínense a situación, obxectivos e medidas doutros residuos, entre os que son de especial interese (polas consecuencias económicas e responsabilidade de xestión) para os municipios os de baterías e acumuladores, os dos aparellos eléctricos e electrónicos, os de demolición e construción e, finalmente, os dos lodos das depuradoras municipais.

Con respecto a situación actual o primeiro que afirma o Plan, verbo das baterías é que as súas previsión que ampliábeis aos aparellos eléctricos e electrónicos, é a falta de datos fiables polo que dificilmente se pode facer un diagnóstico da situación, tanto na recollida como na reciclaxe.

E aínda que no caso do aparellos eléctrico e electrónicos se dean datos, non existe unha metodoloxía de verificación e control, datos e metodoloxía que se achan sometidas ás entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión (creados polo decreto 208/2005 de 25 de febreiro) e parte interesada.

A experiencia das comunidades autónomas e das entidades locais con estes sistemas e cos seus xectores son moi negativas, tanto desde os aspectos de prestación do servizo de recollida e do reciclado, como no pago dos custos que as entidades locais teñen.

No propio Plan maniféstase que “[Se] detecta[] que non en todos os casos se está a proceder á descontaminación dos aparellos que conteñen compoñentes perigosos antes de procederen a súa valorización”

É verdade que a orixe dos problemas pode estra no propio decreto, polo que un obxectivo deste Plan debería haber sido a modificación do decreto.

Dentro dos obxectivos previstos para estes residuos, baterías e aparellos eléctrico e electrónicos, ten especial interese o de “ampliación do número de puntos de recollida en instalacións municipais ..”. A consecución deste obxectivo implica, para non agravar a situación das arcas municipais, unha definición clara, ben nos acordos coas empresas xestoras dos sistemas coas autonomías ou ben cos entes locais, dos custos a pagar aos municipios.

Desde unha perspectiva autonómica a obriga dun seguimento, por unha entidade independente contratada pola administración e pagada polos sistemas, dos destinos dos residuos recollidos é esencial e alíñase con outro obxectivo do Plan que é o fomento do control da xestión diferenciada dos residuos perigosos.

O resto dos obxectivos van na liña de incrementar a porcentaxe dos que son recollidos nestes circuitos específicos e a súa importancia radica no feito de que canto maiores sexan as cantidades que vaian neles, menor será o custo de recollida e vertido para os entes locais. Por iso é necesario un incremento do control da xestión que se está a facer e isto pasa por unha adecuada información.

Non comentamos máis sobre esta parte do Plan xa que afecta máis ás comunidades autónomas e o ministerio competente do Goberno central. Tampouco imos entrar na análise do Plan sobre os residuos de depuradoras, xa que non constitúen o obxecto deste libro. Para rematar este breve percorrido polo Plan Nacional Integrado de Residuos, faremos unha breve análise da estratexia de desvíos de residuos biodegradábeis de vertedoiros e finalmente terminaremos cunhas consideracións finais sobre o Plan.

No apartado 18º do Plan recóllense dita estratexia. Comeza cunha introdución na que se recolle a obriga de facer un programa conxunto, entre administracións autonómicas e a Administración Xeral



do Estado segundo se estipula no artigo 5º do Real decreto 1481/2001, de actuacións para reduciren os residuos biodegradábeis co destino ao vertedoiro de maneira que sexan alcanzábeis os obxectivos do apartado 2 deste artigo. En particular estas medidas será de reciclaxe, compostaxe e outras formas de valorización como produción de gas e dixestión anaerobia.

Incorpora tamén a definición de residuo biodegradábel e fixa os obxectivos a cumprir, de acordo co estipulado no Real Decreto. Agora mesmo o obxectivo marcado é que a cantidade total en peso, de residuo biodegradábel, que chegue os vertedoiros (sen estabilizar) non sexa superior ao 35 % do producido no ano 1995. Este obxectivo tense que cumprir no ano 2016.

Do análise dos datos do deste plan pódense obter as seguintes conclusión que non deixan de seren semellantes ás obtidas do resto do documento :

- é necesario mellorar, clarificar e normalizar a metodoloxía para a cuantificación dos residuos urbanos, en xeral, e dos biodegradábeis en particular,
- cómpre rebaixar a xeración de residuos biodegradábeis pasando dun 70% a un 60% en España,
- só unhas poucas comunidades dispoñen de datos da composición dos residuos sólidos urbanos nos diferentes procesos nos que son tratados.

En canto o financiamento das actuacións correspóndelle este ás comunidades autónomas e ás entidades locais no ámbito das súas competencias e de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias. Tamén aos axentes económicos contribuíren segundo o contido da lexislación vixente e o ministerio financiará as actuacións que sexan fixadas como prioritarias.

Como resumo xeral do plan podemos dicir que, como nel se recoñece, carece de información adecuada, polo que non é un plan preciso.

Tampouco é un plan nun senso estrito, xa que poucas veces define as responsabilidades para levar a cabo as medidas, non cuantifica, en xeral, accións e tampouco custos.

Pero o que si é certo e que marca as tendencias e as liñas de acción e, deste xeito, amósanos o camiño do futuro. Un futuro onde unha parte importante da xestión vai recaer nas entidades locais.

Como remate deste apartado hai que dicir que pensamos que é moi probábel que, unha vez trasposta a directiva, se teña que facer un novo plan de acordo coa nova legalidade vixente e que esperamos que sexa un plan máis estruturado e que resolva as carencias deste.

6.2.1.2. Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia (2010-2020).

Este Plan encontrase en fase de tramitación para a súa definitiva aprobación e unha vez aprobado terá carácter vinculante para as administracións públicas e particulares de acordo co contido do artigo 21º “Efectos”, da vixente lei de residuos de Galicia.

Pola súa importancia para os municipios galegos do Eixo imos facer un análise mais polo miúdo.

A diferenza do Plan Nacional, tanto a estrutura como o contido responden ás características que se esperan dun documento desta natureza; en efecto, ademais de definir os principios de actuación e os obxectivos xerais, defínense e cuantifican obxectivos específicos, así como as medidas a levar a cabo, os responsábeis das actuacións e os custos necesarios para acadar os obxectivos, realizar as

accións necesarias e construír as infraestruturas contempladas no Plan así como aos responsábeis do financiamento destes custos.

O Plan comeza cunha diagnose da situación actual e, como resultado da mesma, conclúe o seguinte:

- Os niveis de xeración de residuos municipais son baixos e, polo tanto, un bo punto de partida. En calquera caso será necesario adoptar medidas para modificar a tendencia ó alza como resultado da urbanización e do incremento do nivel de vida.
- É necesario incrementar o nivel de información referente á recollida e xeración de residuos.
- Bos resultados na recollida do vidro e non así en papel cartón e envases lixeiros.
- Elevado porcentaxe de impropios na recollida selectiva da bolsa amarela.
- Colapso da capacidade das instalacións de tratamento actuais, polo que é necesario o desenvolvemento de novas estruturas.
- Modelo de tratamento moi centralizado, alto custo enerxético en transporte.
- A elevada dispersión territorial existente en Galicia non fai aconsellábel un único modelo de xestión.
- Baixo nivel de desenvolvemento de recollidas a grandes xeradores.
- Escasa xestión da fracción orgánica dos residuos.
 - o Unha alta proporción vai o vertedoiro de Sogama.
 - o Tírase unha experiencia negativa dos resultados da xestión onde se levou a cabo unha recollida separada.
 - o Hai mester de mellorar as recollidas actuais para demostrar a viabilidade deste tipo de recollida.
 - o Cómpre ampliar a xestión *in situ*.
- É necesario desenvolver unha organización central e territorial para a xestión dos residuos.
 - o Sistemas organizativos específicos para a xestión dos residuos: provincias, mancomunidades.
 - o Estas organizacións permitirían o desenvolvemento e mantemento dun sistema específico de xestión de residuos municipais e sistemas de capacitación de técnicos locais, así como impulsar e mellorar a xestión e facilitar o establecemento de instrumentos de tipo económico con esa finalidade.
- É necesario mellorar a implantación e funcionamento dos puntos limpos.

Entendemos que a diagnose, en termos xerais, resulta acertada e coincide cos datos recollidos neste documento sobre a situación actual.

Cómpre facer, emporiso, unha consideración no caso da recollida e reciclado de papel cartón e envases lixeiros; as recollidas municipais dan un resultado moi baixo tanto en calidade (no caso de envases lixeiros a peor de España, en media, salvo Madrid) como polas cantidades recollidas por habitante. Sen embargo hai que engadir o xestionado polos comercios do que, probabelmente non haxa ningunha estatística fiable sendo necesario cambiar esta situación.



A continuación o Plan describe o marco normativo no que se insire e o seu ámbito de aplicación.

Así distingue o ámbito territorial que, como non podía ser doutra maneira é o territorio da Comunidade Autónoma Galega, o ámbito temporal do Plan que establece en dez anos, con revisión dos obxectivos no 5º ano despois da súa aprobación e cunha fase de actuación inmediata nos dous primeiros anos; por último os tipos de residuos que inclúe e que son os seguintes, definidos de acordo co contido da lei 10/2008 de residuos de Galicia:

- residuos urbanos e municipais,
- residuos comerciais.

Tamén se inclúen aqueles que, aínda que teñan natureza de perigosos ou especiais son xerados no ámbito doméstico, tales como: aparellos eléctricos e electrónicos, aceites vexetais, residuos de bricolaxe..., así como os residuos comerciais que teñen que se acoller a un réxime de xestión diferente (Decreto 174/2005 de 9 de xuño polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia).

Non se inclúen os residuos equiparábeis a urbanos pero xerados en actividades industriais, sacando que se xeren en cantidades semellantes ás xeradas polas casas particulares, comercios ou institucións.

No apartado 5º do Plan defínense os conceptos incluídos nel así como os principios e criterios xerais aplicados. A maioría deles son os contidos na directiva marco de residuos e no borrador de anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados aínda que nalgún caso as interpretacións non coinciden con este último; é por isto que ímonos centrar na interpretación dalgúns deles:

- Principio de proximidade e suficiencia: interpreta o Plan que “a suficiencia” é un principio básico de xestión de residuos, tanto para a Unión Europea como a nivel internacional, polo que o que se quere conseguir é que a comunidade de Galicia sexa capaz de xestionar ² é dicir recoller, separar, valorizar e eliminar- o máximo dos residuos xerados no seu territorio, un obxectivo que tamén se adopta en referencia á capacidade de tratamento para determinadas fraccións. A interpretación deste principio ten que se facer, na nosa opinión, desde unha perspectiva polo menos estatal, como o fai o borrador de anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados cando define a necesidade de establecer unha rede de instalacións. A razón é a necesidade de economizar recursos escasos, garantir o funcionamento das instalacións coa máxima calidade do obtido nelas. E cando falamos de economía de recursos, estamos a falar da necesidade de facer un estudo que inclúa os custos medio ambientais de maneira que non sexa unha decisión economicista no sentido clásico.
- Modelos de Xestión mixtos e complementarios: Os modelos terán que se modificar segundo se faga a transposición da directiva.
- Principio de proporcionalidade: A diferenza do considerado no Plan, pensamos que ademais das taxas como instrumento de financiamento dos procesos de xestión, tamén están as achegas dos sistemas integrados de xestión e os prezos públicos.

No apartado 6, “Obxectivos e bases do Plan”, fíxanse os que pretende acadar o Plan diferenciando os obxectivos xerais dos obxectivos cuantitativos segundo destino.

Xustifícanse os obxectivos xerais no contido do VI Programa Marco de Medio Ambiente da UE, así como na estratexia temática de prevención e reciclaxe de residuos de 2005 e por último na vixente

directiva marco de residuos, recollendo as ideas que xa expuxemos anteriormente sobre xeración de residuos, xerarquía de tratamento, protección do medio

Pero sobresa e unha idea de forma máis explícita que nos outros documento : "a necesidade de facer emerxer e conseguir transmitir aos cidadáns os impactos asociados a xestión dos residuos, tanto os vencellados . ás nosas pautas de consumo e estilos de vida" como os asociados ao uso de recursos e ao impacto sobre o medio.

En definitiva, os obxectivos xerais perseguidos son os seguintes:

- Estabilizar a produción de residuos, no que atinxe ao peso, volume, perigo, diversidade, separando a produción dos residuos do crecemento económico: se pretende un redución dun 10 %, *per cápita*, no ano 2020, respecto a xeración do 2009.
- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de mellor calidade con saída no mercado da reciclaxe.
- Potenciar a xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos municipais. Con esa finalidade fomentárase unha recollida de calidade con impropios inferiores o 15 %, aínda que se di que cun máximo do 20 %.
- Potenciar as recollidas comerciais en orixe.
- Potenciar o mercado da reciclaxe, co uso de instrumentos económico e da compra pública.
- Garantir a complementariedade de modelos: axustar a recollida e o tratamento ás características dos territorios, elixindo os máis adecuados economicamente e desde o punto de vista ambiental e da valorización.
- Desenvolvemento das infraestruturas de tratamento precisas para acadar os obxectivos.
- Minimizar o vertido final en depósitos controlados, en especial de fracción biodegradábel e materiais recuperábeis.
- Implicar as persoas nas actuacións da xestión dos residuos, maximizando a implicación e os coñecementos da poboación e dos xestores.
- Garantir a calidade e transparencia da información, mediante o uso dunha metodoloxía e terminoloxía común que permita a comparación da información.
- Acomodar o sistema de xestión de residuos ao sistema de xestión urbana, como un máis e relacionado cos outros.
- Prever a contaminación do solo e rexenerar os solos degradados.

En canto ao obxectivo de garantir a complementariedade dos modelos de recollida e tratamento, o Plan prevé os seguintes modelos de recollida que, dunha maneira importante, van a condicionar os custos e as obrigas dos cidadáns:

- Áreas dispersas:
 - o Autocompostaxe da orgánica.
 - o Recollida en contedores agrupados en puntos de paso:
 - Resto.
 - Envases lixeiros.
 - Papel e cartón.



- Vidro.
- Outros: en puntos limpos ou recollidas específicas.
- Municipios menores de 10.000 habitantes: recollida porta a porta en núcleos de poboación de:
 - o Fracción orgánica.
 - o Resto.
 - o Envases lixeiros.
 - o Papel e cartón.
 - o Vidro.
 - o Outros: puntos limpos ou recollidas específicas.
- Municipios maiores de 10.000: recollida en contedores diferenciados en núcleos de poboación:
 - o Fracción orgánica.
 - o Resto.
 - o Envases lixeiros.
 - o Papel e cartón.
 - o Vidro.
 - o Outros: puntos limpos ou recollidas específicas.

Tamén fai o Plan referencia a necesidade de xeneralizar as recollidas de fraccións con características específicas: Residuos perigosos, RAEE, baterías, voluminosos, téxtil, poda

Como comentario aos sistemas propostos temos que repetir que a transposición da directiva pode cambiar os residuos de selección doméstica e polo tanto os propios sistemas aquí considerados.

No Plan tamén se engade, para a consecución do obxectivo de potenciación das recollidas comerciais, a definición de diferentes modelos de xestión destes residuos que van desde a utilización do servizo municipal á xestión do produtor, incluíndo unha xestión mixta. De novo a transposición condicionará o modelo ou modelos a adoptaren (municipios e produtores).

Unha vez definidos os obxectivos xerais faise unha cuantificación segundo destino e dicir o tratamento final ou ben a prevención do residuo.

Aquí o Plan sepárase dos obxectivos definidos na directiva marco e, polo menos, non emprega a mesma metodoloxía. Tampouco define os obxectivos dos envases segundo está recollido na Lei de envases e nos decretos onde se determinan os obxectivos da reciclaxe. Habería que facer un cálculo expreso coas cantidades considerados para saber se estes obxectivos son equivalentes ou superiores aos fixados na normativa indicada.

Como relevantes temos os seguintes obxectivos (a conseguir no ano 2020):

- Prevención: acadar unha redución do 10% (entendemos que en peso) da xeración de residuos *per cápita* respecto o xerado no 2009.
- Valorización material: alcanzar un 30% da suma das cantidades xeradas dos seguintes materiais: materia orgánica, vidro, papel e cartón, envases lixeiros e outros.

- Valorizar un 25% da materia orgánica, 60% do vidro, 50% do papel cartón, 50% de envases lixeiros, 55% de todo o material de envases.
- Valorizar un 20% da fracción outros e un 20% de voluminosos. Reutilizar ou reciclar das recollidas especiais un 65%.
- Incrementar a valorización enerxética
- No ano 2017 deberase tratarse o 100% dos residuos que sexan enviados ó vertedoiro.

Como no caso dos sistemas de recollida selectiva propostos no Plan, os obxectivos deberán modificarse para acadar, como mínimo, os que sexan fixados na transposición da directiva.

Para chegar a estes obxectivos son necesarias novas infraestruturas de tratamento, definidas no apartado 8: Liñas estratéxicas dentro da liña 9: “Planificación da rede de plantas de tratamento”.

Aínda que posteriormente enunciaremos estas liñas, pola súa importancia vamos a reproducir aquí o que o Plan prevé.

Así en materia de infraestruturas prevede:

- Ampliación de plantas de transferencia: catro novas plantas.
- Mellora das plantas de tratamento existentes: considera actuacións en o Complexo Medioambiental de Cerceda (Sogama), en a Planta de tratamento de residuos de Nostián, Complexo Medioambiental de tratamento de residuos e asimilábeis de Barbanza, e o correspondente a Mancomunidade de Bueu. As actuacións encamiñanse a instalar en Cerceda unha planta de compostaxe e mellorar a recuperación de envases procedentes do contedor de resto, en Nostián e Barbanza a separar o tratamento da orgánica procedente de selectiva do procedente de resto e outras melloras para a recuperación de envases e dos sistemas de aireación. En Cangas do Morrazo está prevista a incorporación dunha planta de compostaxe para tratar a materia orgánica procedente da recollida selectiva e algunhas melloras da transferencia existente.
- Novas Plantas de Compostaxe da Fracción Recollida Selectivamente: Construción de una planta de 40.000 toneladas/ano outra de 15.000 toneladas /ano, dúas de 10.000 t/a, unha de 7.000 t/a e 3 de 5.000 t/a. Ao anterior súmase unha serie indefinida de plantas de 2.000 t/a xunto con autocompostaxe e o compostaxe comunitario.
- Plantas de selección de envases lixeiros: prevense dúas novas plantas de envase lixeiros de 16.000 t/a e 5.000 t/a esta última sen situación definida.
- Novas plantas de tratamento da fracción resto: ademais das xa comentadas, prevese un novo complexo medioambiental no sur de Galicia que incorporaría unha planta de compostaxe, a de 40.000 t/a, unha planta de envases lixeiros a de 16.000 t/a, unha planta de tratamento de resto cunha liña de recuperación de envases e outra de valorización enerxética.

Como se pode ver non se abandona a valorización enerxética pero se apoia de forma singular o tratamento da materia orgánica recollida selectivamente, pero cun desenvolvemento prudente, que se manifesta na programación temporal do Plan.

No apartado 6.3 do Plan, calcúlanse as cantidades previstas de xeración de residuos nos diferentes escenarios, incluíndo unha diminución na xeración no ano 2020 dun 10 % *per cápita* de acordo cos



obxectivos prevíndose un total 1.167.911 Tm. En canto a composición dos residuos, admite o Plan unha carencia de datos polo que considera unha composición constante. Isto último pódese amosar arriscado xa que conforme aumenta a renda e a urbanización así como o cambio nos tamaños dos fogares e a pirámide da poboación, diminúe a materia orgánica xerada, aumentando envases e outros inorgánicos.

No capítulo sete se define o desenvolvemento temporal do Plan así como os instrumentos organizativos.

En canto o desenvolvemento temporal, considera tres fases:

- Inicio do Plan: de 2010 a 2013, coa posta en marcha das accións inmediatas, a estabilización da xeración *per cápita*, inicio das accións para o desenvolvemento de instrumentos de organización territorial, inicio dos trámites para a construción das novas plantas, realización das melloras nas existentes, e posta en marcha da instalación de Cangas do Morrazo.
- Primeira fase de consolidación do Plan: 2014 a 2017 coa posta en marcha do Complexo de Tratamento de Residuos do Sur e posta en marcha das primeiras plantas locais de compostaxe.
- Segunda fase de consolidación do Plan: de 2018 a 2020 comezándose esta fase cunha revisión do avance das medidas e obxectivos do Plan e posíbel adaptación do Plan. Execución da segunda fase de instrumentos do Plan e despregue do resto das infraestruturas.

No relativo aos instrumentos organizativos define a necesidade de desenvolver novos elementos organización para impulsar e dinamizar o Plan, dando maior alcance as unidades con competencia na materia de residuos da Consellería de Medio Ambiente e dotalas de recursos suficientes; tamén manifesta a necesidade de incrementar a coordinación entre a administración autonómica e o resto das administracións, desenvolvendo novos mecanismos de comunicación e participación, fomentándose as tecnoloxías de información e comunicación.

Como se pode apreciar volve a xurdir, como xa ocorrera cando comentamos o contido do borrador de anteproxecto de lei de residuos e solos contaminados (estatal) e no Plan Nacional Integrado de residuos, a necesidade de crear instrumentos para obter unha adecuada información que constitúe a base de calquera toma de decisións razoábel.

Remata o Plan con dous capítulos: o dedicado ás liñas estratéxicas para o desenvolvemento do Plan e o capítulo nove que trata sobre o seguimento e monitorización do Plan, constituíndo as primeiras o centro do Plan e clasificándose segundo:

- Tipo de actuación: sobre a cidadanía, de xestión, organización ou loxística, infraestruturas
- Tipo de xestión: prevención, recollida selectiva, tratamentos ou destino final.
- Fluxo de residuo considerado.

definíndose de quen é a competencia das actuacións e os obxectivos a conseguiren, o seus custos e as fontes de financiamento.

As liñas estratéxicas previstas son as seguintes:

- Plan de comunicación e educación ambiental: contén sete accións e entre outro obxectivos fíxase o de formar os responsábeis políticos e técnicos das entidades locais sobre a xestión dos residuos, así como promover o traballo en rede. Para o seu financiamento previu unha achega maioritaria dos Sistemas Integrados de Xestión (SIX).

- Plan de prevención de residuos: con nove accións de actuación e onde defínese como acadar a redución dun 10 % na xeración *per cápita* de residuos. Diferenza entre accións de produción, compra e uso responsábeis así como aquelas encamiñadas a evitar que os residuos xerados se incorporen a recollida (autocompostaxe) . As fontes previstas de financiamento están máis repartidas que no caso anterior entre todas as administracións, incluída a europea e os SIX.
- Fomento da recollida selectiva da fracción orgánica: inclúe seis accións e non soamente define obxectivos de recollida senón tamén de autocompostaxe, de fomento das infraestruturas, de fomento da calidade do compost e outras. A maioría do financiamento previsto ten natureza privada.
- Plan de fomento da recollida selectiva de fracción de envases: con catro accións para mellorar a cantidade e calidade da recollida, potenciar as recollidas comerciais en grandes produtores, e implantar instrumentos de avaliación estatística. O financiamento prevese maioritariamente dos SIX con achegas minoritarias dos entes locais.
- Fomento da prevención e a recollida selectiva da fracción outros: con cinco liñas de acción a idea é desenvolver os contidos dos convenios cos SIX de aparellos eléctrico e electrónicos e baterías así como fomentar recollidas específicas de téxtil e voluminosos. Tamén fomento de acordos para recollida de aceites vexetais no sector hostaleiro cos pequenos comercios. A maioría do financiamento ten como orixe os SIX e o capital privado.
- Plan de ampliación e mellora dos puntos limpos: contempla sete actuacións co fin de estender a rede actual, ampliando o servizo que dan e facilitando espazos para incrementar a reutilización e reparación e servindo como lugares de formación da poboación. O financiamento previsto e maioritariamente da Unión Europea e da Xunta de Galicia.
- Ambientalización da administración: inclúe tres actuacións para o fomento da compra verde, programas de prevención e recollida selectiva nas administracións públicas e pulo á ambientalización de actos públicos, co fin de garantir neste ámbito unha xestión da actividade baseada en criterios ambientais e de sostíbel e finalmente influír nas tendencias do mercado mercé ao potencial de compra. O financiamento é compartido entre a Xunta e os entes locais, con capital privado.
- Incremento da planificación territorial e impulso de novos instrumentos para a xestión de residuos: con seis actuacións con especial fincapé do fomento da organización territorial en materia de xestión de residuos, impulso de plans territoriais, cooperación entre SIX, fomento de medidas económicas que favorezan a prevención e a recollida selectiva, desenvolvemento de instrumentos para mellorar o coñecemento de tecnoloxías de xestión de residuos e implantación dun sistema de información estatística de residuos urbanos; todo o anterior co fin de fomentar a organización local e territorial a través do fomento das estruturas territoriais, introducindo criterios de xestión sostíbel dos residuos e adaptado a realidade local. O financiamento é, maioritariamente, da Xunta de Galicia.
- Planificación da rede de plantas de tratamento: con sete actuacións que xa temos explicadas anteriormente, e que inclúen as melloras en infraestruturas existentes e a construción de novas para o transporte e tratamento dos residuos, xunto co selado de vertedoiros. O financiamento é maioritariamente privado.



O custo total das actuacións previsto é de 509.870.810,63 €, coa seguinte distribución

- Xunta de Galicia: 6,19 %
- Administración Central do Estado: 1,01 %
- Unión Europea: 2,60 %
- Entidades Locais: 1,39 %
- Sistemas Integrados de Xestión: 4,49 %
- Investimento Privado: 84,32 %

Polo tanto o peso dos investimentos recaen basicamente nas empresas que, segundo parece deducir do Plan, farán a construción e explotación das instalacións. Pero o custo da explotación das instalacións terá que ser pagado polos municipios. Para elo será necesario que estes poidan achegar fondos ben mediante taxas municipais polo servizo prestado, ben por pago dos SIX ou ben por ingresos doutra natureza. De acordo cos principios que informan a normativa deberían ser as taxas e os pagos dos sistemas integrados de xestión os que lles financiasen.

Temos polo tanto dous momentos a ter en conta: o momento do investimento e o momento da explotación.

No primeiro hai que aclarar o papel de Sogama, xa que, de acordo con estipulado no capítulo III da Lei Galega de Residuos de 2008, lle corresponde “a xestión dos residuos sólidos urbanos a partir do momento que son depositados nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento previstas no plan de xestión de residuos urbanos, coas operacións de transporte, almacenamento, valorización, tratamento, comercialización e depósito controlado de residuos”.

Segundo isto podemos deducir que, xa que a meirande parte dos residuos utilizará as plantas de transferencia, a responsabilidade das actividades de xestión serán de Sogama, e polo tanto haberá de facer os investimentos necesarios, se cadra polo menos os das novas plantas de transferencia e do Complexo Ambiental do Sur, ben directamente (coa posibilidade dun concurso cos investimentos feitos polo adxudicatario) ben a través das posibilidades que lle da o apartado 3 do artigo 10. Esta posibilidade é a de participar en empresas con obxecto social idéntico ou análogo.

O resto dos investimento en infraestruturas, tanto de mellora como de nova construción, que segundo o Plan será financiado por capital privado, correspóndelle facelas aos entes locais. Outra cousa é que o fagan mediante unha concesión que obrigue á empresa adxudicataria a facer o investimento.

Pero é no momento da explotación onde poden xurdir os problemas, dada a situación das arcas municipais xunto coa aversión que mostran os políticos a incrementar, e nalgúns casos a establecer, as taxas pola xestión dos residuos.

Nos momentos actuais as débedas dos municipios, tanto con Sogama como coas empresas concesionarias de xestión de residuos, están a crecer e como consecuencia, a curto prazo, pode diminuír a calidade do servizo dando o mínimo necesario e, cara ao futuro, incrementar a prima de risco a pagar para que a empresa privada tome decisións e invista.

Polo tanto, para que o Plan sexa viábel é necesario tomar as medidas necesarias para diminuír dito risco, é dicir que os particulares podan recuperar os investimentos o que podería axudar a toma das seguintes:

- Aproveitar sinerxías entre os entes locais a través de mancomunidades e consorcios co fin de rebaixar os custos de operativa e xestión e incrementando o poder negociador cos obrigados ao pago da xestión.
- Estabelecer a composición dos residuos xerados co fin de determinar quen está obrigado a pagar pola súa xestión, de acordo coa normativa vixente.
- Estabelecer as necesarias taxas para cubrir os custos de xestión dos fluxos remanentes, procurando que incentiven unha adecuada separación dos fluxos que teñen que ser pagados por outras vías.
- Chegaren os rexedores dos diferentes partidos políticos aos necesarios acordos para evitaren que o pago da xestión de residuos sexa motivo de confrontación.

Todo o anterior implica un desenvolvemento urxente da liña estratéxica número 8 do Plan: “Incremento da planificación territorial e impulso dos novos instrumentos para a xestión sostíbel de residuos”.

E aquí onde o Eixo Atlántico, particularmente no que atinxe aos municipios galegos aínda que tamén aos de Portugal, pode facer un importante labor de promoción e axuda dada a súa capacidade de integración, podendo establecer sistemas de información e asistencia técnica para a creación de unidades de xestión de residuos e de negociación cos responsábeis dos pagamentos, á busca de establecer unha liña de acción coordinada en todo o territorio.

Por último no capítulo de seguimento e monitorización do Plan, explica que este debe ser un proceso estruturado, planificado e dinámico, para avaliar de forma continúa o estado de execución das actuacións, o grao de cumprimento dos obxectivos e os cambios de tendencias ó longo do tempo.

Estabelece os elementos do Plan de seguimento, subliñando a necesidade de monitorizar os resultados cuantitativos, a evolución xeral de implantación de actuacións e investimentos, e o seguimento do nivel de sensibilización e coñecemento da poboación.

Define novos instrumentos para o seguimento e participación, establecendo indicadores de xestión e a creación dunha base de datos estatísticos e propón a creación dun portal de residuos que facilite o intercambio de información e a coordinación entre técnicos.

Podemos concluír que o Plan presenta un programa coherente de actuacións e obxectivos, en si mesmo, e cun potencial de cambio na xestión dos residuos importante, que afectará aos municipios esencialmente así como a súa xestión dos residuos comerciais.

Este cambio poderá implicar un importante incremento nos custos de xestión para o cidadán, ben desde o seu rol de consumidor ben no de cidadán segundo sexa a orixe do financiamento destes custos de xestión.

Tamén e certo que este custos son consecuencia da internalización dos custos externos da produción e do consumo que facemos.

Un elemento importante é a prudencia do Plan para o desenvolvemento do cambio de fraccións a recoller xa que non establece obxectivos moi ambiciosos no nivel da recollida selectiva de orgánico en canto a cantidades, aínda que si é máis ambicioso nos obxectivos de calidade das recollidas.

O Plan pode ter, desde noso punto de vista, dous problemas importantes:

- derivado da lexislación básica que traspoña a directiva marco de residuos se cambia ou fixa novos obxectivos con respecto aos do Plan galego e as obrigas que estableza en materia de recollida selectiva.



- derivado do financiamento dos investimentos previstos dado o seu carácter maioritariamente privado, tendo en conta a situación económica dos municipios xunto coa existencia dunhas taxas insuficientes para o pago da xestión actual e un aproveitamento non maximizado do principio da responsabilidade do produtor.

6.3. EVOLUCIÓN PREVISÍBLE DAS CANTIDADES E TIPOLOXÍAS DOS RESIDUOS XERADOS EN GALICIA E PREVISIÓN DOS MODELOS DE XESTIÓN QUE SE ADOPTARÁN, EN PARTICULAR NOS MUNICIPIOS ADHERIDOS AO EIXO ATLÁNTICO.

As cantidades de residuos producidos nunha determinada rexión depende de numerosos factores que se inflúen mutuamente.

Así nivel de renda, desenvolvemento tecnolóxico, pautas culturais e factores demográficos son os factores que podemos considerar determinantes tanto na xeración de residuos como na súa tipoloxía.


Dentro das pautas culturais incluímos aspectos tales como o grao de incorporación da muller ao traballo fóra de casa, os hábitos de consumos, o tamaño dos fogares, sen esquecer que estes factores teñen relacións de interdependencia entre si e coa renda e co desenvolvemento tecnolóxico.

Analizando a situación en Galicia encontrámonos, no primeiro lugar, cunha sociedade cunha marxe de potencial crecemento económico importante xa que o nivel de renda respecto ó resto de España é dun 86.98%.

Así mesmo, nun proceso estreitamente relacionado co incremento de renda, estase producindo unha urbanización da poboación o que implica un importante cambio cultural. Este cambio cultural se observa particularmente no cambio de rol da muller, na idade dos matrimonios e no número de fillos e persoas que habitan no fogar.

No seguinte gráfico podemos ver a evolución do traballo da muller fora de casa, a través da taxa de ocupación e podemos ver que, aínda hai unha pequena diferenza con respecto a taxa de España.


Gráfico 31: Tasas de ocupación das mulleres.



En canto o tamaño dos fogares, que é outra variábel importante para determinarmos a tipoloxía da xeración de residuos, nos encontramos con que en España o número de fogares cunha ou dúas persoas constitúe o 48,80% destes, sendo esta porcentaxe aínda pequena se a comparamos coas de países como Alemaña (71%), Francia (66%), Reino Unido (66%) e Italia (51%) sendo este último o que

ten unha situación semellante á de España. No caso de Galicia no seguinte gráfico danse os valores das porcentaxes de fogares segundo o número de persoas que moran neles, elaborada a partir das estatísticas do IGE. Como se pode observar tamén a tendencia é a diminuír o tamaño dos fogares. No ano 2005 a porcentaxe dos que tiñan un ou dous compoñentes era do 45,26%. Tendo en conta que os datos de España son de 2009 pódese concluír que en Galicia a situación é similar a española.

Gráfico 32: Porcentaxe de fogares segundo tamaño.



Todo o exposto até de agora supón *a priori* unha gran presión para incrementar o consumo e polo tanto para incrementar a xeración de residuos *per cápita*, sempre que non haxa cambios nos comportamentos que leven a modificar de novo os hábitos de compra así como a incrementar os consumos de bens non materiais.

Ademais esta presión non vai soamente no sentido de incrementar a produción de residuos senón que cambia a tipoloxía dos residuos cunha probábel diminución de materia orgánica e un incremento de residuos de natureza non renovábel.

Así, por exemplo, no caso particular do consumo de fogares en produtos de alimentación e limpeza, dos estudos existentes²⁴, dedúcese o seguinte:

- O tamaño dos fogares máis a incorporación da muller o traballo:
 - o xunto cos cambios nos horarios de traballo trocou os hábitos de comida e así o número de persoas que utilizan o fogar para comer é menor das que cean nel.
 - o xunto coa maior accesibilidade das familias á compra de neveiras e frigoríficos, produciuse unha modificación dos hábitos de compra, pasándose dunha compra para o consumo cotián a outra de tipo semanal ou quincenal o que levou a un incremento de compra de produtos envasados.
- A tendencia a utilizar as unidades de produto máis adecuadas para as necesidades dos fogares levou, segundo se mostra no estudo, a unha moi alta variabilidade nos formatos e tamaños dos envases dos produtos, dependendo do tamaño do fogar e da idade dos membros da familia.




- Na decisión de compra os factores máis importantes son o prezo e a marca e despois outras consideracións como a cantidade, o envase, etc , máis poucas veces faise referencia aos aspectos medio ambientais dos produtos.

Pola outra banda a evolución demográfica prevista en Galicia podería operar en sentido contrario: así a de confirmarse as predicións do Instituto Nacional de Estatística e as do Instituto Galego de Estatística dunha diminución da poboación galega e do seu avellentamento producirían, a primeira unha diminución do residuo total xerado (*ceteris paribus*) e o segundo unha diminución da xeración de residuos *per cápita*, tanto por motivos de renda como por xeración de necesidades.

As estimacións do IGE, de poboación en Galicia, amósanse no seguinte gráfico onde tamén se recolle a evolución real até 2009 e a tendencia da serie real. Os valores de crecemento poden estar entre dita tendencia e o crecemento medio, excepto se as medidas de impulso do crecemento demográfico previsto no Plan Estratégico de Galicia 2010-2015 teñen efectos que fagan incrementar ditas previsións.

Gráfico 33: Estimación de poboación en Galicia.



Fonte: IGE e elaboración propia.

No PXRUG non se dan magnitudes do crecemento esperado indicando soamente a forma na que a calculou.

Para calcular o total de residuo xerado en Galicia o Plan fixo dúas hipóteses de produción *per cápita*: a primeira na que se mantén a produción actual, sen incrementos cando finalice a crise, e na segunda considera unha primeira fase de estabilización e unha segunda de redución até acadar unha caída do 10% respecto o xerado no 2009.

E así estima que no ano 2015 recolleranse 1.287.012 toneladas e no ano 2020 unhas 1.1167.911 toneladas das que, neste último ano, a recollida selectiva chegará a ser o 39% do total fronte o 15% que considera actualmente.

Se o crecemento e a mudanza de poboación de rural a urbana segue a tendencia actual segundo nosos cálculos o rango de produción de residuos no ano 2020, cunha redución na produción *per*


